



DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA

Acta da sesión ORDINARIA celebrada pola Excma.
CORPORACIÓN PROVINCIAL o 31 de xullo de 2026



RELACIÓN DE ASUNTOS TRATADOS NO PLENO ORDINARIO CELEBRADO O 31 DE XULLO DE 2026.

***Declaración institucional de apoio e solidariedade co pobo venezolano tras os terremotos do pasado 24 de xuño.**

Información e actividade corporativa

1. Aprobación da acta da sesión anterior, número 6/2026, do 26 de xuño.
2. Dación de conta das Resolucións da Presidencia desde o 15 de xuño ata o 22 de xullo de 2026.
3. Renuncia de dona María Yolanda Valiño Pena á súa condición de deputado provincial: Toma de coñecemento, declaración de vacante e solicitude á Xunta Electoral Central de expedición de credencial a prol de don Jorge Boado Presas.

Comisión de Cultura, Igualdade, Lingua e Dereitos Cívís

4. Aprobación da concesión de subvención nominativa á Universidad Internacional Menéndez Pelayo para cofinanciar o Programa de actividades de extensión universitaria e divulgación cultural do 2026.
5. Aprobación da concesión de subvención nominativa ao Concello da Coruña para cofinanciar a Prórroga do Mantemento xeral da casa de acollida e dous pisos de inclusión e transición á vida autónoma, anualidade 2026, de acordo ao Protocolo de acceso á Rede Galega de Acollemento para mulleres que sofren violencia de xénero da Xunta de Galicia e ao Programa de apoio á rede de acollemento para mulleres en situación de violencia de xénero da Deputación Provincial da Coruña (PRAM) e aprobación do correspondente convenio de colaboración.
6. Aprobación da formalización dun convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Mesa pola Normalización Lingüística polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar o proxecto A liña do galego no ano 2026

Comisión de Deporte

7. Aprobación da concesión dunha subvención nominativa á Sociedad Deportiva Cultural y Recreativa O Freixo de Narón para o cofinanciamento da organización do XI Torneo Internacional de Narón en categorías Benxamín e Alevín que terá lugar no mes de setembro de 2026.

Comisión de Política Social, Educación e Mocidade

8. Aprobación da concesión de subvención nominativa á Fundación Paideia Galiza para cofinanciar o Programa de voluntariado social en países europeos para mocidade desempregada no ano 2026.



9. Aprobación do Convenio de cooperación entre a excelentísima Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Rianxo para a cesión de terreos, construción da edificación e posta en funcionamento do servizo público "Casa de Acompañamento a Persoas Maiores".

Comisión de Contratación, Patrimonio e Equipamentos

10. Aprobación do texto e da formalización do Convenio de Cooperación entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Valdoviño polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar "as obras do proxecto da escola infantil de Valdoviño".

11. Aprobación do convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Ordes para a execución das obras necesarias para a mellora da seguridade viaria mediante a execución dunha senda peonil e instalación das redes de abastecemento e saneamento na estrada DP-5905 (acceso a Poulo dende a DP-3802 Ordes a Ponte Carreira) punto quilométrico 0+000 a punto quilométrico 1+300 e transmisión da titularidade da estrada DP-5905.

12. Aprobación do texto e da formalización do Convenio de Cooperación entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e o Concello de San Sadurniño polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar a obra de "acondicionamento da nave de servizos do Concello de San Sadurniño".

13. Aprobación do texto e da formalización do Convenio de Cooperación entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Neda polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras "da pasarela e senda peonil de madeira sobre o río Belelle. Tramo río Belelle - Praia de A Magdalena".

14. Aprobación do texto e a formalización do Convenio de Cooperación entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Miño polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras da instalación da cuberta da pista polideportiva en Vilanova-Perbes

Comisión de Plans Provinciais e Asistencia a Municipios

15. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Mellora parque infantil Condesea Il-As Donas", do Concello de Betanzos incluído na primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2025 co código 2025.2102.0414.0, levantamento das condicións ás que quedou sometido e aprobación definitiva deste investimento

16. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Camiño acceso a Teao pola Cruz de Avelán e outro", do Concello de Dodro incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2025 co código 2025.2000.0244.0, levantamento da condición á que quedou sometido e aprobación definitiva deste investimento

17. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Acondicionamento e mellora do local social de San Antonio da Cabana", do Concello de Ferrol incluído na segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+AD4/2025 co código 2025.2104.0826.0, levantamento das condicións ás que quedou sometido e aprobación definitiva deste



investimento

18. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Reforma da vivenda do conserxe na escola CEIP Ricardo Tobío, Esteiro", do Concello de Muros incluído na segunda e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 4/2025 co código 2025.2104.0846.0, levantamento da condición á que quedou sometido e aprobación definitiva deste investimento

19. Aprobación da aceptación da solicitude efectuada polo Concello de Ortigueira para a encomenda de xestión da selección de arquitectos/as e arquitectos/as técnicos/as interinos/as.

Comisión de Facenda, Especial de Contas, Recursos Humanos e Avance Dixital

20. Aprobación da toma de coñecemento da información do período medio de pago a provedores (PMP) e da relación detallada das facturas pagadas pola Deputación Provincial da Coruña e polo Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña, correspondente a xuño de 2026.

21. Dación de conta da tramitación polo Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña da Conta Xeral do exercicio 2025.

22. Aprobación definitiva da Conta Xeral do Orzamento da Deputación provincial do exercicio 2025.

23. Aprobación definitiva dos estados consolidados da Conta Xeral do exercicio 2025.

24. Aprobación inicial do expediente de modificación de créditos 4/2026 de aprobación polo Pleno.

25. Aprobación definitiva da modificación da relación de postos de traballo 2026.

Comisión de Industria, Emprego, Política Demográfica e Medio Ambiente

26. Aprobación da formalización dun convenio administrativo de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o HOGAR ESPAÑOL DE MONTEVIDEO-URUGUAI para financiar os GASTOS DE FUNCIONAMENTO DO SEU FOGAR DE ACOLLIDA NO ANO 2026.

27. Aprobación da formalización dun convenio administrativo de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a ASOCIACIÓN CENTRO BETANZOS EN BOS AIRES para financiar a MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DA RADIO ENXEBRE DO CENTRO DE BETANZOS DE BOS AIRES (ARXENTINA).

28. Aprobación da formalización dun convenio administrativo de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (USC) para financiar o proxecto "INFORME COMPLETO A ECONOMÍA GALEGA. INFORME 2025".

29. Aprobación da formalización dun convenio administrativo de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a ASOCIACIÓN PARA A DEFENSA ECOLÓXICA DE GALIZA (ADEGA) para financiar o PROXECTO RÍOS NA PROVINCIA DA CORUÑA, anualidade 2026.



30. Aprobación da formalización dun convenio administrativo de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS DE MULLERES RURAIS DE GALICIA (FADEMUR Galicia) para financiar o proxecto "POR UN RURAL VIVO E XOVEN", no marco do Plan de Emprego Local, PEL, anualidade 2026.

31. Aprobación da inclusión no Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación da Coruña 2025/2027 do I Premio Transmitindo Na Lingua Galega.

32. Dación de conta da Resolución de Presidencia número 2026 / 33707 de data 24 de xullo de 2026 pola que se aproba a actualización de tarifas e o aprazamento do pago do Canon da Segunda Anualidade do Contrato de Concesión de Servizos do Centro de Producción Virtual VPXR, Servizo Público da Deputación Provincial da Coruña no marco do proxecto Ecosistema Dixital do Sector Audiovisual da Coruña (EDAGA), A Coruña Estudo Inmersivo (CEI).

Comisión de Infraestruturas Viarias e Obras Provinciais

33. Aprobación do proxecto da obra Mellora capa de rodadura con mezcla bituminosa en quente DP 3403 da AC-552 a Vilarmide por Senande pq 0+000 ao 3+700 (Dumbria e Muxia)

34. Aprobación do proxecto da obra Mellora capa de rodadura con mezcla bituminosa en quente na DP 9203, de Caxadas a Baiñas, pq 0+000 ao 2+200 e do pq 4+800 ao 6+130 (Vimianzo)

Comisión de Promoción Turística, Artesanía, Comercio e Cadea Agroalimentaria

35. Aprobación do convenio de cooperación entre a Deputación da Coruña e o Concello de Corcubión, polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamiento do proxecto "Representacións históricas en torno ao desembarco das tropas do Arcebispo Rodrigo de Luna e da loita cos cabaleiros dos Condes de Altamira en Corcubión no ano 1457 - ANO 2026".

36. Aprobación do convenio de cooperación entre a Deputación da Coruña e o Concello de Dumbria, polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamiento do proxecto "Turismo científico Monte Pindo".

37. Aprobación do convenio de cooperación entre a Deputación da Coruña e o Concello de Laxe, polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamiento do proxecto "Programa de apoio e dinamización do turismo no Concello de Laxe 2026".

ACTUACIÓN DE CONTROL:
MOCIÓN

ROGOS E PREGUNTAS



Acta da sesión ordinaria celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL o 31 de xullo de 2026.

No salón de sesións do Pazo provincial da Coruña, o día 31 de xullo de 2026, reúnese a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión ordinaria.

Preside: don Valentín González Formoso, presidente da Corporación Provincial

Deputados/as

Asistentes:

Dona Sol Agra Tuñas	BNG
Don José Ramón Amado de La Fuente	PP
DonEvaristo Ben Otero	PP
Don José Manuel Caamaño López	PP
Don José Carlos Calvelo Martínez	PP
Dona Cristina Capelán Cancelo	PSOE
Don Juan Domingo de Deus Fonticoba	PP
Don Bernardo Fernández Piñeiro	PSOE
Dona Izaskun García Gorostizu	PP
Dona Rosa Ana García López	PSOE
Don Juan Carlos García Pose	PP
Dona Cristina García Rey	BNG
Don Ángel García Seoane	AVV
Dona María del Mar García Vidal	PSOE
Dona Natividad de Jesús González Rodríguez	BNG
Don José Manuel Lage Tuñas	PSOE
Don Antonio Leira Piñeiro	PSOE
Don Miguel Lorenzo Torres	PP
Dona Eudoxia María Neira Fernández	PSOE
Don Xosé Luis Penas Corral	BNG
Don Eduardo Antonio Pereiro Liñares	PP
Dona Diana Piñeiro Fernández	PP
Don Xosé Regueira Varela	BNG
Don José Ramón Rioboo Castro	PSOE
Don Ovidio Rodeiro Tato	PP
Dona Mónica Rodríguez Ordóñez	PSOE
Dona Susana María Sanjurjo Fraga	PP
Don Rubén Suárez Carballo	PP
Dona Yolanda Valiño Pena	PP
Dona Avia Veira González	BNG

Actúa como secretario: don Miguel Iglesias Martínez, secretario xeral da Deputación Provincial da Coruña.

Está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás 12:08 horas, tratáronse os seguintes asuntos:



Sr. Presidente

Moi bo día. Empezamos coa sesión ordinaria de Pleno e unha declaración institucional.

Sr. Secretario

Declaración institucional de apoio e solidariedade co pobo venezolano tras os terremotos do pasado 24 xuño.

O mércores 24 de xuño de 2026, o norte de Venezuela sufriu un dobre terremoto que provocou unha emerxencia humanitaria de enorme gravidade. Segundo os últimos datos coñecidos, a traxedia deixa arredor de 3.811 vítimas mortais, 16.740 feridos e un número aínda indeterminado de persoas desaparecidas ou non localizadas, nun reconto suxeito a revisión conforme avanza os labores de rescate e atención ás zonas afectadas.

Os sismos causaron tamén numerosas familias damnificadas e graves danos en vivendas, infraestruturas, equipamentos e servizos básicos. Estimacións preliminares sitúan en preto de 59.000 as edificacións afectadas, o que reflicte a magnitude do impacto material da catástrofe. A situación esixiu a mobilización de medios de emerxencia, equipos de rescate, persoal sanitario, organizacións humanitarias e voluntariado para atender á poboación afectada.

O estado español mantén con Venezuela vínculos históricos, culturais, sociais e humanos especialmente estreitos. No noso país reside unha importante comunidade venezolana e son moitos os concellos españois nos que viven cidadáns de orixe venezolana ou familias con relación directa co país. Por iso, esta traxedia séntese tamén nos nosos pobos e cidades.

O 29 de xuño de 2026, tras o acordo unánime da Xunta de Voceiros da Federación Española de Municipios e Provincias, Concellos, Deputacións Provinciais, Cabidos e Consellos Insulares de toda España gardaron ás 12:00 horas un minuto de silencio en lembranza das vítimas e como expresión de solidariedade do municipalismo español co pobo venezolano.

A convocatoria puxo de manifesto unha posición compartida dos gobernos locais : acompañar ás vítimas, apoiar á comunidade venezolana residente en España e contribuír, dentro das súas competencias e posibilidades, a que a axuda chegue de forma ordenada a quen máis a necesita.

A Deputación Provincial da Coruña expresa o seu profundo pesar polas vítimas dos terremotos rexistrados en Venezuela e traslada as súas condolencias ás súas familias, persoas achegadas e comunidades afectadas.

A Deputación Provincial da Coruña manifesta a súa solidariedade co pobo venezolano, coas persoas feridas, con quen perdeu os seus fogares ou medios de vida e con toda a poboación damnificada por esta catástrofe. A federación fai extensivo este apoio á comunidade venezolana residente en España, que vive estes días con especial dor e incerteza a situación dos seus familiares e lugares de orixe.

Así mesmo, a Deputación Provincial da Coruña recoñece o labor dos equipos de emerxencia, protección civil, persoal sanitario, organizacións humanitarias, voluntariado,



asociacións, irmandades, entidades sociais e persoas anónimas que están a contribuír á atención das vítimas e á canalización da axuda.

A resposta de numerosa cidadanía e entidades locais ao minuto de silencio convocado pola FEMP reflicte o compromiso solidario dos nosos concellos co pobo venezolano nestes momentos de loito.

A Deputación Provincial da Coruña reafirma o valor da cooperación descentralizada como instrumento de solidariedade entre pobos e cidades, promovendo a colaboración entre administracións locais para contribuír á recuperación do pobo venezolano.

Medidas e canles de colaboración

Ademais destas mostras de apoio, a Deputación Provincial da Coruña invita ás entidades locais, no marco da autonomía local, das competencias de cada entidade e das dispoñibilidades orzamentarias correspondentes, a valorar distintas formas de colaboración:

1. Activación de axudas económicas extraordinarias destinadas á emerxencia humanitaria, mediante fondos de cooperación ou emerxencia alí onde existan, ou mediante achegas específicas cando cada entidade local o considere posible.
2. Canalización de achegas a través de organizacións humanitarias con presenza efectiva no terreo, capacidade loxística acreditada ou contacto directo coas zonas afectadas, como Cruz Vermella, Cáritas, Unicef, Médicos Sen Fronteiras ou outras entidades especializadas.
3. Aprobación ou adhesión, no seu respectivo ámbito institucional, a declaracións de solidariedade con Venezuela e de apoio ás persoas afectadas.
4. Promoción de campañas informativas para orientar á cidadanía sobre canles seguras, ordenadas e acreditadas de colaboración.
5. Organización de xornadas culturais benéficas, actos públicos de apoio, actividades solidarias ou outras iniciativas impulsadas.
6. Cesión, cando sexa posible, de espazos públicos municipais para accións solidarias promovidas por entidades sociais acreditadas.
7. Realización de xestos institucionais de lembranza, apoio e solidariedade, como a iluminación de edificios públicos coas cores da bandeira de Venezuela ou outras mostras simbólicas acordadas por cada entidade local. Estes xestos simbólicos poderán ir acompañados de accións de sensibilización cidadá e educación para a solidariedade internacional.

A reconstrución deberá orientarse cara a criterios de sustentabilidade, resiliencia fronte a desastres naturais e fortalecemento dos servizos públicos locais, conforme aos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable.

Con esta declaración, a Deputación Provincial da Coruña reafirma o compromiso do municipalismo español coa cooperación, a solidariedade internacional e o apoio ao pobo venezolano ante unha emerxencia humanitaria de especial gravidade.

(A Sra. García Gorostizu entra no Salón de Plenos).



1.- Aprobación da acta da sesión anterior, número 6/2026, do 26 de xuño.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

Apróbase, por unanimidade, a acta da sesión anterior, número 6/2026, do 26 de xuño.

2.- Dación de conta das Resolucións da Presidencia desde o 15 de xuño ata o 22 de xullo de 2026.

Dáse conta das Resolucións da Presidencia desde o 15 de xuño ata o 22 de xullo de 2026.

3.- Renuncia de dona María Yolanda Valiño Pena á súa condición de deputado provincial: Toma de coñecemento, declaración de vacante e solicitude á Xunta Electoral Central de expedición de credencial a prol de don Jorge Boado Presas.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Primeiro.- Tomar coñecemento da renuncia á súa condición de deputada provincial, presentada por dona María Yolanda Varela Pena.

Segundo.- Como consecuencia do punto anterior, declarar a vacante de deputada provincial.

Terceiro.- Poñer en coñecemento da Xunta electoral central a vacante existente, aos efectos da substitución prevista no artigo 208 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do Réxime electoral xeral, indicando que corresponde cubrir a devandita vacante a don Jorge Boado Presas, primeiro suplente dos/as deputados/as provinciais elixidos/as por parte do Partido Popular no partido xudicial de Betanzos nas eleccións locais de 2023, segundo certificación emitida pola Xunta Electoral de Zona de Betanzos.

Cuarto.- Demorar a eficacia do presente acordo ata a finalización da sesión plenaria para garantir o dereito de participación de todos os membros da Corporación.”



4.- Aprobación da concesión de subvención nominativa á Universidad Internacional Menéndez Pelayo para cofinanciar o Programa de actividades de extensión universitaria e divulgación cultural do 2026.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Logo de ver os informes e demais antecedentes no expediente número 2026000016098 sobre a proposta de formalización dun convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Universidad Internacional Menéndez Pelayo polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar o Programa de actividades de extensión universitaria e divulgación cultural do 2026, propónse, ao Pleno da Corporación, a adopción do seguinte acordo previo ditame da Comisión Informativa de Cultura, Igualdade, Lingua e Dereitos Cívís:

Primeiro.- Levantar o reparo emitido pola Intervención da Deputación da Coruña no seu informe con data 8 de xullo de 2026 conforme o artigo 217 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo.

Segundo.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Terceiro.- Aprobar a concesión dunha subvención nominativa, por importe de 40.000,00 € á Universidad Internacional Menéndez Pelayo (NIF Q2818022B) para cofinanciar o Programa de actividades de extensión universitaria e divulgación cultural do 2026, cun orzamento subvencionado de 69.500,00 €, de acordo co texto que se achega.

Cuarto.- Imputar o gasto á aplicación orzamentaria 0612/3269/42111 do vixente orzamento xeral.

Quinto.- Aprobar o texto do convenio que se recolle a continuación.

Sexto.- Publicar a concesión da subvención directa na BDNS e notificar ao interesado.

“Convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e a Universidad Internacional Menéndez Pelayo polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar o Programa de actividades de extensión universitaria e divulgación cultural do 2026



Ante min, _____, Secretario Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedatario actuante

Na Coruña, a

REUNIDOS

Don/a, en representación da Deputación Provincial da Coruña.

Don/a....., en nome e representación da Universidad Internacional Menéndez Pelayo

EXPOÑEN

Que, segundo o disposto no convenio de cooperación subscrito o 10 de xullo de 1982, a Deputación da Coruña vén colaborando económica e institucionalmente coas actividades docentes e culturais que a Universidad Internacional Menéndez Pelayo desenvolve cada ano na Coruña.

Que, como parte da súa política de fomento en materia de educación e, de acordo co disposto no art. 118.d) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, o Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación Provincial da Coruña 2025/2027, aprobado en sesión plenaria ordinaria celebrada o día 27 de setembro de 2024, inclúe unha subvención nominativa para o financiamento dos Cursos de verán da Universidad Internacional Menéndez Pelayo, por importe de 40.000 €.

Para tal efecto e dado o interese coincidente de ambas as partes, a Deputación provincial da Coruña e a Universidad Internacional Menéndez Pelayo acordan subscribir o presente convenio de cooperación de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio de cooperación ten por obxecto a fixación das bases do outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a favor da Universidad Internacional Menéndez Pelayo (NIF: Q2818022B), fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento parcial do Programa de actividades de extensión universitaria e divulgación cultural do 2026, de acordo co seguinte programa previsto, que poderá modificarse por causas xustificadas:

Estacións de poesía, ciencia e música para conversar. Primavera

Estíbaliz Espinosa. Poeta e escritora

A Coruña, 17 marzo 2026

Ciclo de conferencias compaxinadas: Manuel Vilas

Manuel Vilas. Escritor

A Coruña, 24 marzo 2026



Polinizadores: Animais esenciais para a vida

Damián Romay. Biólogo
A Coruña, 21-22 maio 2026

Ciclo de conferencias compaxinadas: Sara Barquintero

Sara Barquintero. Escritora
A Coruña, 8 abril 2026

Ciclo de conferencias compaxinadas: Jesús Carrasco

Jesús Carrasco. Escritor
A Coruña, 28 maio 2026

Divulgación da ciencia

Julio Casal. UDC
A Coruña, 30 xuño – 2 xullo 2026

Taller diseño gráfico Siro López

Siro López – Diseñador. Dibuxante
A Coruña, xuño 2026

Taller inventar unha personaxe: Manuel Vilas

Manuel Vilas. Escritor.
A Coruña, do 7 ao 10 de xullo 2026

Fruticultura e biodiversidade: caracterización das variedades locais e silvestres

Elía Pérez. Bióloga. Hábitat.
A Coruña, 3-4 setembro 2026

Estacións de poesía, ciencia e música para conversar. Verán

Estíbaliz Espinosa. Poeta e escritora
A Coruña, 19 xuño 2026

Otero Pedrayo

Carmen Fernández Pérez – San Julián. Profesora UDC
A Coruña, data a determinar

Lo posthumano

Manuela Palacios González. Profesora UDC
Santiago de Compostela, 5-7 outubro 2026

Pazo Meirás – Emilia Pardo Bazán

Carlos Babio. Historiador e escritor
A Coruña, outubro 2026

Rastros e sinais: desenmascarando a fauna silvestre

Andrés Pereira Rodríguez. Especialista en Evaluación Ambiental
Manuel Cernadas. Biólogo.
A Coruña, 12-13 novembro 2026

Ciclo de conferencias sobre autores contemporáneos (7) (Confirmación)

A Coruña, de setembro a decembro 2026
Aberto ao público



Ciclo de cine Cormorán: 4 conferencias con directores de cine

Lugar e datas pendentes de determinar.

II.- Orzamento da actividade a realizar pola entidade beneficiaria.

As actividades realizaranse de acordo co seguinte orzamento:

Gastos directos

Honorarios relatores	33.100,00
Viaxes relatores	7.200,00
Aloxamento e manutención relatores	7.500,00
Medios técnicos	4.500,00
Aluguer de espazos	3.100,00
Publicidade e difusión	3.800,00
Reprografía e material	2.100,00
Soporte informático	900,00
Total gastos directos	62.200,00

Gastos indirectos

Limpeza e desinfección de locais	1.600,00
Gastos de persoal	5.700,00
Total gastos indirectos	7.300,00

Total gastos 69.500,00 €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como defínese na cláusula primeira, cunha achega máxima de **40.000 €**, o que representa unha porcentaxe do 57,55396 %.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que consignou o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non conseguise o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 57,55396 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, si a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito á súa cobranza.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3269/42111, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou

**RPT-6654235



axudas, públicas ou privadas, que a Universidad Internacional Menéndez Pelayo obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concurrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle á Universidad Internacional Menéndez Pelayo.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Universidad Internacional Menéndez Pelayo, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeneral de subvencións.

2.- Si o importe dalgunha das prestacións supera 15.000 euros, con carácter previo á contratación, a Universidad Internacional Menéndez Pelayo deberá solicitar polo menos tres presupostos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento deste deber da Universidad Internacional Menéndez Pelayo.

De conformidade co disposto no artigo 31.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), cando se trate de actividades xa rematadas, a Deputación poderá establecer medidas alternativas, sempre que estas permitan dar a difusión da financiamento pública recibida co mesmo alcance das inicialmente acordadas.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle abonada á Universidad Internacional Menéndez Pelayo unha vez que se presente de maneira telemática (a través da plataforma subtel) a seguinte documentación:

* **Memoria de actuación**, subscrita polo representante legal da Universidad Internacional Menéndez Pelayo, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* **Relación clasificada dos gastos** realizados (con IVE e sen IVE), na que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas

**RPT-6654235



de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Os gastos referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2026.

* **Certificación** da aprobación da relación de gastos e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

* **Acreditación** do cumprimento dos deberes tributarios e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* **Declaración** doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* **Declaración** de si a entidade está ou non exenta de IVE.

* **Certificación** da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigacións asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira realizaranse entre o **1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2026**.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a Universidad Internacional Menéndez Pelayo deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2027**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este último prazo sen que se teña recibida xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á Universidad Internacional Menéndez Pelayo para que o presente no prazo improrrogable de **quince días**.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional comportará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Universidad Internacional Menéndez Pelayo da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Universidad Internacional Menéndez Pelayo.

VIII.- Acreditación do cumprimento dos deberes tributarios e coa Seguridade Social.

1.- A Universidad Internacional Menéndez Pelayo deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento dos deberes tributarios coa Administración do Estado, coa



Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento dos deberes tributarios coa Deputación Provincial determinarse de oficio por esta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- A Universidad Internacional Menéndez Pelayo destinará os fondos recibidos ao pago dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un idóneo control da aplicación dos fondos, o pago deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, cartón de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente poderase realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais poidan impor, a Universidad Internacional Menéndez Pelayo deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobranzas e pagos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Conforme ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeneral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Universidad Internacional Menéndez Pelayo poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas os demais deberes formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.

2.- Simultaneamente, de acordo con o previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Universidad Internacional Menéndez Pelayo queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá implicar a obrigaón de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos intereses de demora que se perciban desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeneral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.



2.- Sen prexuízo do anterior, este incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3.- Para os supostos de atraso na realización das actividades ou atraso na presentación da xustificación estarase ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeneral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Universidad Internacional Menéndez Pelayo serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista neste precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2.- Simultaneamente, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeneral de subvencións, a concesión da subvención á Universidad Internacional Menéndez Pelayo será publicada no Boletín oficial da provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2027** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizadas desde o 1 de xaneiro de 2026.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2027 autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude da Universidad Internacional Menéndez Pelayo, realizada polo menos un mes antes da data do fin do prazo, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.



XIV.- Natureza, interpretación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeneral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, suplementariamente aplicárase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da esta xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---.

E en proba de conformidade asinan por cuadriplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

5.- Aprobación da concesión de subvención nominativa ao Concello da Coruña para cofinanciar a Prórroga do Mantemento xeral da casa de acollida e dous pisos de inclusión e transición á vida autónoma, anualidade 2026, de acordo ao Protocolo de acceso á Rede Galega de Acollemento para mulleres que sofren violencia de xénero da Xunta de Galicia e ao Programa de apoio á rede de acollemento para mulleres en situación de violencia de xénero da Deputación Provincial da Coruña (PRAM) e aprobación do correspondente convenio de colaboración.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Logo de ver os informes e demais antecedentes no expediente número 2026000000932 sobre a proposta de prórroga do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello da Coruña polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar o Mantemento xeral da casa de acollida e dous pisos de inclusión e transición á vida autónoma, anualidade 2026, de acordo ao Protocolo de acceso á Rede Galega de acollemento para mulleres que sofren violencia de xénero da Xunta de Galicia e ao Programa de apoio á rede de acollemento para mulleres en situación de violencia de xénero da Deputación de A Coruña (PRAM), propónse, ao Pleno da Corporación, a adopción do seguinte acordo previo ditame da Comisión Informativa de Cultura,



Igualdade, Lingua e Dereitos Cívís:

Primeiro.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrência, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Segundo.- Aprobar a concesión da subvención nominativa, por importe de 120.926,27 €, ao Concello da Coruña para cofinanciar a Prórroga do Mantemento xeral da casa de acollida e dous pisos de inclusión e transición á vida autónoma, anualidade 2026, de acordo ao Protocolo de acceso á Rede Galega de Acollemento para mulleres que sofren violencia de xénero da Xunta de Galicia e ao Programa de apoio á rede de acollemento para mulleres en situación de violencia de xénero da Deputación Provincial da Coruña (PRAM), cun orzamento subvencionado de 541.254,15 €, de acordo co texto que se achega

Terceiro.- Imputar o gasto á aplicación orzamentaria 0611/23122/46201 do vixente orzamento xeral.

Cuarto.- Aprobar o texto do convenio que se recolle a continuación.

Quinto.- Publicar a concesión da subvención directa na BDNS e notificar ao interesado.

“Acordo de prórroga do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello da Coruña para financiar o *Mantemento xeral da casa de acollida e dous pisos de inclusión e transición á vida autónoma, anualidade 2026*, de acordo ao Protocolo de acceso á Rede Galega de acollemento para mulleres que sofren violencia de xénero da Xunta de Galicia e ao Programa de apoio á rede de acollemento para mulleres en situación de violencia de xénero da Deputación de A Coruña (PRAM).

Na Coruña, a

Ante min, _____, Secretario Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedatario actuante

REUNIDOS

D/Dna. _____ en nome e representación da Deputación Provincial da Coruña,

D/Dna. _____ en nome e representación do Concello da Coruña

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas



MANIFESTAN

Que a Deputación Provincial da Coruña é competente para a colaboración prevista no convenio de conformidade coa Lei de Bases de Réxime local, 7/85, art. 36 e coa Lei de Admón. Local de Galicia 5/97, art. 109 e 119, así como coa Lei de Servizos Sociais de Galicia 13/2008 e no Decreto 99/2012 de 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

Conforme as leis citadas, a Deputación Provincial da Coruña é competente para o financiamento das actividades de fomento e administración dos intereses peculiares da provincia, sendo o convenio a fórmula adecuada para formalizar a colaboración coas entidades que realicen ditas actividades.

A Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, no art. 62º establece que “Os concellos poderán crear, xestionar e manter servizos sociais especializados, en coordinación coa Xunta de Galicia e de acordo co Catálogo de servizos sociais e a planificación correspondente”, e no art. 63º que “As deputacións provinciais, de conformidade co establecido na normativa de réxime local, proporcionaranlles asistencia económica, técnica e xurídica aos concellos na execución das súas competencias en materia de servizos sociais...”. Estes servizos sociais comunitarios regúlanse nos art. 9º e seguintes da devandita lei.

Que o Concello de Coruña no ámbito das súas competencias, ten unha rede municipal de acollida que conta con dous equipamentos de titularidade municipal:

* unha Casa de acollida para mulleres en situación de violencia de xénero, regulada baixo a Orden do 1 de abril de 1997 pola que se regulan os requisitos específicos que deberán reunir os centros de acollida para mulleres vítimas de malos tratos, que no seu conxunto configuran a rede galega de acollemento, como recursos especializados residenciais e temporais que ofrecen acollida, atención e recuperación ás mulleres que sofren violencia de xénero e as e os menores ao seu cargo que requiren dun espazo de atención e protección debido a situación de indefensión ou risco debido a situación de violencia de xénero,

* dous pisos de inclusión e transición a vida Autónoma (PITVA).

A Casa de Acollida e/ou pisos de inclusión e transición a vida autónoma forman parte da Rede Galega de Acollemento para vítimas de violencia de xénero, segundo o Título III, artigo 48 da Lei 11/2007, onde se recolle a organización do sistema de protección e asistencia integral especializada fronte á violencia de xénero no que fai referencia a Rede Galega de Acollemento para vítimas de violencia de xénero; o art. 48.1 establece que “Os centros de acollida son recursos especializados residenciais e temporais que lles ofrecen acollemento, atención e recuperación ás mulleres que sofren violencia de xénero e ás e aos menores ao seu cargo que requiren un espazo de protección debido á situación de indefensión ou risco causada pola violencia de xénero”.

Con este obxecto asinouse un convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello da Coruña o día 13 de setembro de 2024, formalizándose en documento administrativo 62/2024.

A cláusula XIV do dito convenio establece no seu apartado 1 unha vixencia ata o 31 de

**RPT-6654235



maio de 2025 e no apartado 2 que *poderá ser prorrogado anualmente ata un máximo de 4 anos, por acordo expreso entre as partes, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no correspondente exercicio, logo da solicitude previa do Concello da Coruña realizada alomenos un mes antes da data do fin do prazo de vixencia.*

O día 30 de outubro de 2024 o Concello da Coruña solicita a prórroga do convenio para o ano 2025, formalizada en documento administrativo núm. 100/2025 o día 7 de novembro de 2025.

O día 9 de decembro de 2025, o Concello de Coruña solicita a prórroga do convenio para o ano 2026.

Dado o interese coincidente da Deputación Provincial da Coruña e do Concello da Coruña ambas as dúas partes acordan formalizar a presente prórroga do convenio de colaboración conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeiro.-

1.1.- Prorrogar o convenio de colaboración asinado o 13 de setembro de 2024, por un ano, e con efectos desde o 1 de xaneiro de 2026 ata o 31 de decembro do mesmo ano, nos termos e co alcance que figura no seu clausulado.

1.2.- Unha vez rematado o ano, o Concello da Coruña deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sétima antes do 31 de marzo de 2027.

1.3.- O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o día 1 de xaneiro do 2026, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade a dita data e conservará a súa vixencia ata o día 31 de maio de 2027, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente

Segundo.- A achega da deputación da Coruña prevista na prórroga do convenio de colaboración para o ano 2026 é de 120.926,27 €, o que representa unha porcentaxe de 22,34186 % do total do orzamento previsto que é de 541.254,15 €.

Este gasto financiarase con cargo á partida orzamentaria 0611/23122/46201.

Terceiro.- Este acordo de prórroga entenderase condicionado á existencia de crédito orzamentario suficiente nos devanditos orzamentos xerais.

Faise constar que a presente prórroga do convenio foi aprobado por _____

E en proba de conformidade, asinan en exemplar por duplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.”

6.- Aprobación da formalización dun convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Mesa pola Normalización Lingüística polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar o proxecto A liña do



galego no ano 2026

VOTACIÓN

Votan a favor: 19 deputados/as (10 do PSOE, 6 do BNG, 1 de Alternativa dos Veciños e 2 do PP).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: 12 deputados/as (PP)

ACORDO

O Pleno, por maioría, acorda:

“Logo de ver os informes e demais antecedentes no expediente número 2026000014802 sobre a proposta de formalización dun convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Mesa pola Normalización Lingüística polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar o proxecto “A liña do galego no ano 2026” propónse, ao Pleno da Corporación, a adopción do seguinte acordo previo ditame da Comisión Informativa de Cultura, Igualdade, Lingua e Dereitos Cívís:

Primeiro.- Levantar o reparo emitido pola Intervención da Deputación da Coruña no seu informe con data 6 de xullo de 2026, conforme o artigo 217 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto 2/2004, do 5 de marzo.

Segundo.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión dunha subvención nominativa, por existir razóns suficientes de interese público, social, económico ou humanitario. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Terceiro.- Aprobar a concesión dunha subvención nominativa á Mesa pola Normalización Lingüística por importe de 40.000,00 €, concedida para cofinanciar o proxecto “A liña do galego no ano 2026”, cun orzamento subvencionado de 50.000,00 €, de acordo co texto do convenio que se achega.

Cuarto.- Imputar o gasto á aplicación orzamentaria 0116/3344/481 do vixente orzamento xeral.

Quinto.- Aprobar o texto do convenio que se recolle a continuación.

Sexto.- Publicar a concesión da subvención directa na BDNS e notificar á interesada.

ANEXO

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E MESA POLA NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA (MESA) PARA FINANCIAR A LIÑA DO GALEGO NO ANO 2026

Na Coruña, o de de na sede da Deputación Provincial da Coruña

Ante min, Miguel Iglesias Martínez, secretario xeral da Deputación Provincial da Coruña,

**RPT-6654235



como fedatario actuante,

REUNIDOS

D/Dna. _____ en nome e representación de Deputación Provincial da Coruña,

D/Dna. _____ en nome e representación de Mesa pola Normalización Lingüística

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

MANIFESTAN

Mesa pola Normalización Lingüística é unha asociación que ten unha historia de máis de vinte anos traballando a favor dos dereitos lingüísticos da sociedade galega. Esta experiencia xunto coas moitas queixas e consultas que sobre este tema recibiron, crea o servizo a Liña do Galego en 2007.

“A liña do galego” é un proxecto necesario, singular e excepcional porque sen negar os evidentes avances, o proceso de normalización non chegou ao seu fin. O obxectivo desta liña é romper a normalidade e impunidade da exclusión do galego. Neste sentido denuncian incumprimento de acordos e lexislación nacionais, estatais e internacionais en relación á lingua.

A liña é un servizo gratuíto dirixido a toda a poboación, dispón dun número de teléfono, dun correo electrónico e dunha aplicación para Apple e Android para dar servizo a todas as persoas que queiran canalizar algunha reclamación, consulta ou felicitación para darlles solución a problemas formulados co recoñecemento legal dos dereitos sempre de forma nomeada e nunca anónima, con garantía de confidencialidade das persoas que usen este proxecto.

A Deputación da Coruña, é competente para a colaboración prevista no convenio, de conformidade coa Lei de bases de réxime local 7/85 do 2 de abril, art. 36 e coa Lei de administración local de Galicia 5/97, art. 109 e 119, así mesmo, co disposto no Estatuto de autonomía para Galicia, que proclama a lingua galega como oficial de Galicia e a disposición de medios para facilitar o seu coñecemento no seu artigo 5, así como na Lei de normalización lingüística do 15 de xuño de 1983 e especialmente conforme á Lei 5/88 do uso do galego como lingua oficial polas entidades locais.

É competente para o impulso institucional do idioma galego, de conformidade co capítulo XI da súa Ordenanza de uso da lingua galega aprobada polo Pleno da Deputación na sesión do 15 de setembro de 2017, co disposto no artigo

19.1. De acordo co establecido no artigo 25 da Lei 3/1983 de normalización lingüística, a Deputación provincial da Coruña fomentará o uso do galego nas actividades mercantís publicitarias, asociativas, culturais, deportivas e calquera outro dentro do ámbito provincial.

19.2. A Deputación Provincial da Coruña poñerá paulatinamente en marcha programas dirixidos á poboación e ás entidades asociativas ou empresariais da provincia para conseguir a implicación progresiva de todos os colectivos no proceso de recuperación social da lingua galega, e fomentará –co deseño e posta en marcha dos programas oportunos- o uso e prestixio do galego na transmisión interxeracional, na mocidade, nas novas tecnoloxías, no deporte, na creación e difusión cultural, no ámbito empresarial e comercial, na comunicación, na xustiza, no lecer, na educación, na sanidade e en



calquera outro ámbito social de interrelación humana.

19.3. Todos os órganos da Deputación Provincial da Coruña impulsarán a normalización lingüística no seu ámbito de actuación. A Unidade Técnica de Normalización Lingüística asesorará a Corporación provincial nesta materia.

19.4. Valorarase como criterio positivo na concesión de subvencións e axudas as iniciativas e actividades que contribúan á normalización e ao incremento do uso e prestixio da lingua galega. Do mesmo xeito, a comunicación e a produción escrita e oral (cartelaría, publicidade oral e escrita, redes sociais, etc.) a que dea lugar toda a actividade subvencionada pola Deputación Provincial da Coruña deberá estar en lingua galega. Este requisito figurará de forma expresa na convocatoria e bases correspondentes.

19.5. A Deputación Provincial da Coruña de acordo coa Lei 3/1983 poderá outorgar subvencións para actuacións que procuren a normalización lingüística e o fomento da normalización do uso do galego nas actividades mercantís, publicitarias, culturais, asociativas, deportivas e outras por actos singulares.

A deputación proxecta, conforme ás previsións do presente exercicio orzamentario, o desenvolvemento de accións diversas, encamiñadas á normalización lingüística no ámbito territorial da súa competencia.

Dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e Mesa pola Normalización Lingüística, ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

Este convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e Mesa pola Normalización Lingüística NIF G15154610, para financiar “A Liña do galego 2026” servizo gratuíto que por vía telefónica ou por correo electrónico desde o ano 2007, ofrece a toda a poboación a App para Android e Apple “A liña do galego”, ferramenta para avanzar no dereito a vivir en galego dunha forma sinxela, rápida, segura e cómoda, tramita consultas, queixas e parabéns en temas relacionados cos dereitos lingüísticos.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE VAI REALIZAR A ENTIDADE BENEFICIARIA

A Mesa pola Normalización Lingüística levará a cabo as actividades programadas consonte co seguinte orzamento:

ORZAMENTO DE GASTOS

Xestión do formulario da web	Mantemento do formulario da web	400,00€



Persoal	Nóminas correspondentes a un ano para atención, xestións, asistencia xurídica, administración e elaboración do informe anual da Liña do Galego	43.000,00€
Deseño e impresións	Deseño e impresións do informe da Liña do Galego e deseños publicitarios do servizo	500,00€
Comunicación	Comunicación dos actos relacionados coa Liña do galego	5.600,00€
Envíos	Distribución do material con información do proxecto a Liña do galego	500,00€
TOTAL		50.000,00€

ORZAMENTO DE INGRESOS

A Mesa pola Normalización Lingüística	Achegas propias da asociación	10.000,00€
Deputación da Coruña	Subvención Deputación da Coruña	40.000,00€
TOTAL		50.000,00€

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **40.000,00 euros**, o que representa unha porcentaxe de 80,00%. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00% da cantidade efectivamente xustificada, podendo variar a porcentaxe sen que supere a contía máxima e a porcentaxe citadas neste apartado. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (proprios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 80 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0116/3344/481**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe

**RPT-6654235



crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Mesa pola Normalización Lingüística obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle a MESA. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas a MESA, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 15.000 euros, con carácter previo á contratación, a MESA deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a entidade tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña. Ademais o logotipo da deputación deberá figurar na web da entidade.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da entidade.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada a MESA unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal de MESA, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.



- Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas **o 31 de decembro de 2026** como máximo.

2. Unha vez rematadas as actividades, a entidade deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2027**.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento a MESA para que a presente no prazo improrrogable de **quinze días**.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá a entidade da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade na documentación achegada.

Se transcorresen máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a entidade terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se *devenguen* dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. A Mesa deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social.

Para este fin poderá autorizar a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.



2. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinará esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A MESA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 euros, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a entidade deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a MESA poderá ser escollida pola Intervención provincial para realizarlle un control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Igualmente, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a entidade queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o devandito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de



sancións previsto nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos do atraso na realización das actividades ou atraso na presentación da xustificación estarase ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación de MESA serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e ás normas relativas á libre circulación de tales datos, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais en tanto non se opoña ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

2. Igualmente, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención a MESA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de Convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **30 de maio de 2027** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel realizaranse dende o 1 de xaneiro de 2026.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o **exercicio 2027**, autorice o correspondente orzamento.

2. Por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos informes da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría Xeral e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e cos informes previos indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.



4.- Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter rematadas as actividades e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula VII, deberá solicitar antes do 15/03/2027 a PRÓRROGA do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo (cronograma) co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do proxecto. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do 2027. Esta prórroga será aprobada mediante resolución da Presidencia, despois do informe da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e da Intervención Provincial. Nesta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na citada data.

Todo isto, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicárase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuaduplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.”

7.- Aprobación da concesión dunha subvención nominativa á Sociedad Deportiva Cultural y Recreativa O Freixo de Narón para o cofinanciamento da organización do XI Torneo Internacional de Narón en categorías Benxamín e Alevín que terá lugar no mes de setembro de 2026.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a



ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Logo de ver os antecedentes, fundamentos de dereito e informes que obran no expediente 2025000057877 relativo á proposta de formalización dun convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Sociedad Deportiva Cultural y Recreativa O Freixo de Narón por lo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar a organización do XI Torneo Internacional de Narón en categorías Benxamín e Alevín que terá lugar no mes de setembro de 2026, propónse á Comisión informativa de deportes e mocidade a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Levantar o reparo emitido pola Intervención da Deputación da Coruña no seu informe con data 6 de xullo de 2026 conforme o artigo 217 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo.

Segundo.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión dunha subvención nominativa, por existir razóns suficientes de interese público, social, económico ou humanitario. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Terceiro.- Aprobar a concesión de subvención nominativa, por importe de 90.000,00€, á Sociedad Deportiva Cultural y Recreativa O Freixo de Narón, para cofinanciar a organización do XI Torneo Internacional de Narón en categorías Benxamín e Alevín que terá lugar no mes de setembro de 2026, cun orzamento subvencionado de 112.500,00€, de acordo co texto do convenio que se achega.

Cuarto.- Imputar o gasto á aplicación orzamentaria 0612/3411/481 do vixente orzamento xeral.

Quinto.- Aprobar o texto do convenio que se recolle a continuación.

Sexto.- Publicar a concesión da subvención directa na BDNS e notificar ao interesado.

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A SOCIEDAD DEPORTIVA CULTURAL Y RECREATIVA O FREIXO DE NARÓN PARA O COFINANCIAMENTO DA ORGANIZACIÓN DO XI TORNEO INTERNACIONAL DE NARÓN EN CATEGORÍAS BENXAMÍN E ALEVÍN QUE TERÁ LUGAR NO MES DE SETEMBRO DE 2026.

Na Coruña, a __ de _____ de 2026

Ante min, _____, Secretario Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedatario actuante



REUNIDOS

Dunha parte, D. _____ o/a representante da Excelentísima
Deputación Provincial da Coruña

E doutra parte D. _____ Presidente da **Sociedad Deportiva
Cultural y Recreativa O Freixo de Narón.**

Os comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

MANIFESTAN

Que ámbalas partes recoñécense plena capacidade para outorgar o presente convenio.

Que a **Sociedad Deportiva Cultural y Recreativa O Freixo de Narón** é unha entidade adicada ao fomento do deporte e a participación en actividades e competicións deportivas.

Que a Deputación Provincial da Coruña, coñecedora da necesidade de impulsar o fomento do deporte está interesada en colaborar coas entidades que promoven a práctica deportiva e en especial con aqueles programas de apoio e fomento ao deporte.

En función das consideracións anteriores, a Deputación Provincial da Coruña e a **Sociedad Deportiva Cultural y Recreativa O Freixo de Narón** coa finalidade de fixar as condicións da súa colaboración, acordan formalizar o presente convenio de colaboración, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol da **Sociedad Deportiva Cultural y Recreativa O Freixo de Narón**, CIF G15395791, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola **Sociedad Deportiva Cultural y Recreativa O Freixo de Narón** para cofinanciar a organización do XI Torneo Internacional de Narón en categorías Benxamín e Alevín que terá lugar no mes de setembro de 2026.

II.- Orzamento de gastos da actividade a realizar.

A **Sociedad Deportiva Cultural y Recreativa O Freixo de Narón** realizará a actividade obxecto deste convenio, consonte ao seguinte orzamento desagregado:



Concepto	Importe
Publicidade e produción en redes sociais, prensa e radio	5.000,00 €
Deseño e impresión entradas, acreditacións, carteis, lona, flyers	5.000,00 €
Presentación/Ambientador:	3.000,00 €
Gastos de oficina:	1.500,00 €
Merchandising e premios:	6.000,00 €
Megafonía:	2.000,00 €
Seguros	2.500,00 €
Material Deportivo (Petos, vestiario, balóns, etc,...)	4.000,00 €
Seguridade (ambulancias, seguridade privada, médicos...)	5.000,00 €
Limpeza, alugamento de valados, contedores, sinais de tráfico	3.000,00 €
Transporte	19.000,00 €
Aloxamento e manutención:	39.000,00 €
Arbitraxes	3.500,00 €
Produción do evento (carpas, duchas, vestiarios, casetas, servizos	14.000,00 €
Total	112.500,00 €

III.- Colaboración da Deputación, financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou aporten para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega por importe máximo de **90.000,00€**, o que representa unha porcentaxe do **80.00000%**.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **80.00000%** da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3411/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizada a correspondente retención de crédito.



4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas e doutros ingresos privados que o obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas, subvencións ou outros ingresos privados supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.-

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministros necesarios para a execución da actividade corresponderalle á **Sociedad Deportiva Cultural y Recreativa O Freixo de Narón**.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á **Sociedad Deportiva Cultural y Recreativa O Freixo de Narón**, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000 €, con carácter previo á contratación, a **Sociedad Deportiva Cultural y Recreativa O Freixo de Narón** deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer as actividades subvencionadas, por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da **Sociedad Deportiva Cultural y Recreativa O Freixo de Narón**.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle aboada á **Sociedad Deportiva Cultural y Recreativa O Freixo de Narón** unha vez que se presente de xeito telemático (a través da plataforma subtel) a seguinte documentación:

* **Memoria** de actuación, subscrita polo representante legal da **Sociedad Deportiva Cultural y Recreativa O Freixo de Narón**, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas, dos resultados obtidos e acreditación da vinculación dos gastos de transporte e aloxamento e dos gastos de persoal coa actividade subvencionada.



* **Relación clasificada dos gastos** realizados (con IVE e sen IVE), no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse copia das facturas e demais xustificantes de gasto.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2026.

* **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* **Declaración** doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* **Declaración** de si a entidade está ou non exenta do IVE.

* **Certificación** da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas o **31 de decembro de 2026**.

2.- Unha vez rematadas as actividades, á **Sociedad Deportiva Cultural y Recreativa O Freixo de Narón** deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2027**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á **Sociedad Deportiva Cultural y Recreativa O Freixo de Narón** para que a presente no prazo improrrogable de **quinze días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á **Sociedad Deportiva Cultural y Recreativa O Freixo de Narón** da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

4.- O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola **Sociedad Deportiva Cultural y Recreativa O Freixo de Narón**.



VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- A **Sociedad Deportiva Cultural y Recreativa O Freixo de Narón** deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por esta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- A **Sociedad Deportiva Cultural y Recreativa O Freixo de Narón** destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, á **Sociedad Deportiva Cultural y Recreativa O Freixo de Narón** deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a **Sociedad Deportiva Cultural y Recreativa O Freixo de Narón** poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a **Sociedad Deportiva Cultural y Recreativa O Freixo de Narón** queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.



XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3.- Para os supostos de atraso na realización das actividades ou atraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da **Sociedad Deportiva Cultural y Recreativa O Freixo de Narón** serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á **Sociedad Deportiva Cultural y Recreativa O Freixo de Narón** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.



XIII- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2027** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2026.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o exercicio de 2027, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude da **Sociedad Deportiva Cultural y Recreativa O Freixo de Narón**, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; suplementariamente aplicase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan por cuaduplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

8.- Aprobación da concesión de subvención nominativa á Fundación Paideia Galiza para cofinanciar o Programa de voluntariado social en países europeos para mocidade desempregada no ano 2026.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a



Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Levantar o reparo emitido pola Intervención da Deputación da Coruña no seu informe de data 10 de xullo de 2026 conforme o artigo 217 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

3.- Aprobar a concesión de subvención nominativa, por importe de **21.000,00 €**, á Fundación Paideia Galiza para cofinanciar o *Programa de voluntariado social en países europeos para mocidade desempregada no ano 2026*, cun orzamento subvencionado de 42.000,00 €, de acordo co texto do convenio que se achega.

4.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2027, autorice o correspondente Orzamento

5.- Imputar o gasto á aplicación orzamentaria 0611/23121/481 do vixente Orzamento.

6.- Aprobar o texto do convenio.

7.- Publicar a concesión da subvención directa na BDNS e notificar ao interesado.

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Paideia Galiza polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do Programa de voluntariado social en países europeos para mocidade desempregada no ano 2026

Na Coruña, a __ de _____ de 2026

Ante min, _____, Secretario Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedatario actuante

REUNIDOS

Dunha parte, D. _____ o representante da Excelentísima Deputación Provincial da Coruña

E doutra parte D./Dna _____ o/a Presidente/a da Fundación Paideia Galiza

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas



MANIFESTAN

1.- Que a Deputación Provincial da Coruña, é competente para a colaboración prevista no convenio, de conformidade coa Lei de Bases de Réxime local 7/85, art. 36 e coa Lei de Admón. Local de Galicia 5/97, art. 109 e 119, así como coa Lei de Servizos Sociais de Galicia 13/2008, art. 61 a 63.

Conforme as leis citadas, é competente a Deputación para o financiamento das actividades de fomento e administración dos intereses peculiares da provincia, sendo o convenio a fórmula adecuada para formalizar a colaboración coas entidades que realicen ditas actividades.

2.- Segundo consta nos seus estatutos, a Fundación Paideia Galiza ten como obxecto a promoción e realización de actividades de interese educativo, cultural, de fomento da economía social e de promoción do voluntariado, así como calquera forma de atención, formación e intervención na problemática xerada por calquera tipo de exclusión social.

3.- Que, dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da Fundación Paideia Galiza, ambas as dúas partes acordan formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol da **Fundación Paideia Galiza**, con NIF G15798655, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento parcial do *Programa de voluntariado social en países europeos para mocidade desempregada no ano 2026*.

II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar a entidade beneficiaria.

A Fundación Paideia Galiza levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
Gastos de estancia grupo en Alemaña	28.370,00 €
Estancia, manutención, bono transporte, bono lavandería, etc.	14.280,00 €
Gastos de xestión entidade de acollida	8.990,00 €
Seguro	700,00 €
Viaxe xoves	4.400,00 €
Gastos de viaxe e desprazamentos, titor/acompañante	5.500,00 €
Gastos de viaxe mobilidade	3.500,00 €



Gastos de viaxe visita previa a mobilidade	1.500,00 €
Gastos desprazamentos formación previa	500,00 €
Outros gastos operativos	1.440,00 €
Dietas transporte xoves	440,00 €
Evento final	1.000,00 €
Gastos de persoal	6.690,00 €
Formación a saída	1.860,00 €
Selección, coordinación e acompañamento	4.830,00 €
TOTAL	42.000,00 €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade

1. A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **21.000,00 €**, o que representa unha porcentaxe de 50,00 %.

A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación Provincial da Coruña só achegará o importe que represente o 50,00 %, da cantidade efectivamente xustificada.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0611/23121/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación Provincial da Coruña é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Fundación Paideia Galiza obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación e execución.

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Fundación Paideia Galiza.

**RPT-6654235



Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Fundación Paideia Galiza, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 15.000 €, con carácter previo á contratación, a Fundación Paideia Galiza deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores.

Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades da Fundación Paideia Galiza, ben sexa por medios escritos, radiofónicos ou televisivos, audiovisuais ou internet, carpa e accesorios, etc. deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Fundación Paideia Galiza.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación Provincial da Coruña seralle aboada á Fundación Paideia Galiza unha vez asinado o convenio e logo que se presente de xeito telemático, a través da plataforma subtel, a seguinte documentación:

* **Memoria de actuación**, subscrita polo representante legal da Fundación Paideia Galiza, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* **Relación clasificada dos gastos** realizados,(con IVE e Sen IVE) no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse copia das facturas e demais xustificantes de gasto.

* **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2026.

* **Relación** detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non telas.



* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* **Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

VII. Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira realizaranse entre o **1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2026**.

2. Unha vez rematadas as actividades, a Fundación Paideia Galiza deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2027**.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á Fundación Paideia Galiza para que a presente no prazo improrrogable de **quinze días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Fundación Paideia Galiza da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Fundación Paideia Galiza.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1. A Fundación Paideia Galiza deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación Provincial da Coruña a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por esta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1. A Fundación Paideia Galiza destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe



constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Fundación Paideia Galiza deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Fundación Paideia Galiza poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Fundación Paideia Galiza queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a



identificación da Fundación Paideia Galiza serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Fundación Paideia Galiza será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1. O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2027** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse feito desde o **1 de xaneiro de 2026**.

Esta vixencia queda subordinada á existencia de crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2027 autorice o correspondente Orzamento.

2. Previa solicitude da Fundación Paideia Galiza, realizada alomenos un mes antes da fin da vixencia do convenio, poderá ser prorrogado o convenio por acordo expreso de ambas as dúas partes, previos os informes preceptivos da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación

3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación e xurisdición competente.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.



3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____

E en proba de conformidade asinan por duplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.”

9.- Aprobación do Convenio de cooperación entre a excelentísima Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Rianxo para a cesión de terreos, construción da edificación e posta en funcionamento do servizo público "Casa de Acompañamento a Persoas Maiores".

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Primeiro.- Aceptar a cesión gratuíta do pleno dominio da parcela de titularidade municipal Z-13, con referencia catastral 5925101NH1252N0001PX, incluída no ámbito do Plan Parcial S.A.U. 3 Pazo de Rianxiño, acordada polo Pleno do Concello de Rianxo na sesión celebrada o día 14 de abril de 2026, para destinala á construción e posta en funcionamento do servizo público Casa de Acompañamento a Persoas Maiores.

A formalización da cesión quedará condicionada á previa regularización da situación xurídica da parcela, nos termos previstos no convenio de cooperación.

Segundo.- Aprobar o texto do Convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Rianxo para a cesión de terreos, construción da edificación e posta en funcionamento do servizo público «Casa de Acompañamento a Persoas Maiores», que se incorpora ao expediente.

Terceiro.- Facultar á Presidencia da Deputación Provincial da Coruña para a sinatura do citado convenio e para a realización de cantos actos resulten necesarios para a execución dos acordos adoptados.

Cuarto.- Condicionar as obrigas económicas asumidas pola Deputación Provincial da Coruña derivadas do convenio á existencia de crédito adecuado e suficiente, de conformidade coa normativa orzamentaria de aplicación.



CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCELENTÍSIMA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE RIANXO PARA A CESIÓN DE TERREOS, CONSTRUCCIÓN DA EDIFICACIÓN E POSTA EN FUNCIONAMENTO DO SERVIZO PÚBLICO “CASA DE ACOMPAÑAMENTO A PERSOAS MAIORES”

Na cidade da Coruña, no Pazo Provincial o xx de xx de xxxx

REUNIDOS:

Dunha parte, a Deputación Provincial da Coruña, NIF: P1500000C, representada por, por delegación de don Valentín González Formoso, Ilustrísimo Señor Presidente da Exelentísima Deputación Provincial da Coruña

Doutra parte, o Concello de Rianxo, NIF: P1507300J, representado por, por delegación de don Julián Bustelo Abuín, Señor Alcalde - Presidente do Concello de Rianxo.

Asistidos polo Secretario Xeral Don Miguel Iglesias Martínez, no exercicio das funcións reservadas previstas no artigo 3.2.i) do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

Interveñen cada un deles en nome e representación da entidade respectiva e se recoñecen mutuamente a capacidade legal necesaria para a sinatura do presente convenio. Para tal efecto

EXPOÑEN:

A Constitución Española establece no seu artigo 50 que os poderes públicos promoverán o benestar das persoas maiores mediante un sistema de servizos sociais que atenderán os seus problemas específicos de saúde, vivenda, cultura e ocio.

A Deputación da Coruña e o Concello de Rianxo son administracións territoriais con personalidade xurídica propia e autonomía de xestión dos seus intereses, conforme establece o artigo 141 da Constitución. Entre as competencias que lle outorga o artigo 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local atópase a de cooperar no fomento do desenvolvemento social no territorio provincial.

A Deputación da Coruña, como órgano de goberno e administración da provincia, constitúe un dos poderes públicos que, segundo os artigos 31 e 36 da citada Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, ten como competencias propias as de asegurar a prestación integral e axeitada na totalidade do territorio provincial dos servizos municipais e a de cooperar no fomento do desenvolvemento económico e social.

O artigo 63 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia establece expresamente que as deputacións provinciais, de conformidade co previsto na normativa de réxime local, proporcionarán asistencia económica, técnica e xurídica aos concellos na execución das súas competencias en materia de servizos sociais, especialmente na prestación de servizos sociais comunitarios básicos por aqueles concellos con menos de vinte mil habitantes.



Na súa virtude, o pasado 6 de outubro de 2023 a Deputación da Coruña e o Concello de Rianxo subscribiron un convenio de cooperación co fin de redactar un proxecto básico de construción dun centro residencial de maiores e elaborar un plan de viabilidade económica sobre o predio con referencia catastral 5925101NH1252N0001PX, propiedade do citado concello e inscrito no Rexistro da Propiedade de Padrón co número 11786 DE RIANXO, Código Rexistro Único:15013000922458

O citado convenio recollía unha vixencia máxima ata o 28 de abril de 2024 e a posibilidade de prórroga por un ano máis, polo que na actualidade xa finalizou o seu período de validez.

Non obstante o anterior e por tratarse de servizos de carácter supra-municipal, a Deputación da Coruña mantén o seu desexo de asumir o desenvolvemento do proxecto de construción e posta en funcionamento dunha *Casa de Acompañamento a Persoas Maiores*, modelo de centro residencial e de atención que procurará proporcionar atención integral a 50 ou 60 persoas usuarias da súa contorna, para o que precisa dispor dun terreo edificable coas dotacións e cualificacións urbanísticas axeitadas no propio núcleo de Rianxo.

O Concello de Rianxo dispón do pleno dominio do predio de titularidade municipal Z-13, con referencia catastral 5925101NH1252N0001PX incluído dentro do ámbito do Plan Parcial SAU 3 Pazo de Rianxiño.

Título de propiedade: Escritura de segregación outorgada o 10 de decembro de 2007 ante o notario Francisco León Gómez baixo o número 3379 do seu protocolo. Inscrito no Rexistro da Propiedade de Padrón co número 11786 de Rianxo, Código do Rexistro Único (CRU):15013000922458, cunha superficie real: 6.453 metros cadrados aínda que no título inscrito no citado rexistro constan 8.323 metros cadrados.

O Concello de Rianxo, na sesión plenaria de 14 de abril de 2026 acordou ceder gratuitamente á Deputación da Coruña, o pleno dominio da parcela de titularidade municipal Z-13, con referencia catastral 5925101NH1252N0001PX a cal está incluída dentro do ámbito do Plan Parcial S.A.U. 3 *Pazo de Rianxiño* para atender as finalidades recollidas no convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Rianxo en relación á construción neste concello dunha Casa de Acompañamento ás Persoas Maiores (CAM) asinado en data 6 de outubro de 2023.

Consta incorporado ao expediente informe do Servizo de Arquitectura e Mantemento da Deputación da Coruña no que se constata a viabilidade deste predio para o fin que se pretende e a súa valoración, que ascende a: 1.070.230,05 €

O Pleno da Deputación da Coruña, en sesión celebrada o xx xx de xxxx, aprobou o texto do presente convenio e facultou ao presidente para a súa sinatura.

Polo exposto, dado que ambas administracións desexan colaborar cos obxectivos de contribuír á atención integral das persoas maiores mediante a creación da citada *Casa de Acompañamento* e no exercicio da representación que ostentan:

ACORDAN:

PRIMEIRO. Obxecto do convenio:

Darlle plena eficacia xurídica aos compromisos que lle corresponden a cada unha das partes asinantes para construír e pór en funcionamento un centro de acompañamento a persoas maiores, segundo o modelo que está a estudar a Deputación da Coruña nunha



comisión político-técnica constituída por acordo do Pleno da Corporación, ao abeiro do disposto no artigo 97 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local

O servizo público *Casa de Acompañamento a Persoas Maiores* terá carácter supra-municipal e será de titularidade provincial, quen procederá a regulamentar o seu funcionamento.

SEGUNDO. Obrigas do Concello de Rianxo:

Ceder gratuitamente á Deputación da Coruña o pleno dominio do inmobile que se describe para a construción dunha Casa de Acompañamento a Persoas Maiores

Título xurídico: Transmisión gratuíta da titularidade do ben en favor da Deputación da Coruña acordada polo Pleno do Concello de Rianxo 14 de abril de 2026 ao abeiro do artigo 110 e concordantes do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades locais

O predio obxecto de cesión non se atopa comprendido en ningún plan de ordenación, reforma ou adaptación, nin é necesaria para a Entidade Local nin resulta previsible que o sexa nos dez anos inmediatos.

Descrición do ben que se entrega: Pleno dominio do predio de titularidade municipal Z-13 (No título de propiedade figura con Z-3) con referencia catastral 5925101NH1252N0001PX, incluído dentro do ámbito do Plan Parcial SAU 3 Pazo de Rianxiño.

Título de propiedade: Escritura pública de segregación outorgada o 10 de decembro de 2007 ante o notario Francisco León Gómez baixo o número 3379 do seu protocolo. O predio que deu orixe a esta segregación foi adquirido polo Concello de Rianxo por cesión gratuíta da entidade Rianxiño SL, mediante escritura pública outorgada ante o notario Francisco Javier Pérez - Tabernerio Oliveira o 9 de maio do 2007 baixo o número 642 do seu protocolo.

Inscrito no Rexistro da Propiedade de Padrón co número 11786 de Rianxo, Código do Rexistro Único (CRU):15013000922458

Superficie real: 6.453 metros cadrados, aínda que no título inscrito no citado rexistro constan 8.323 metros cadrados.

Con carácter previo á formalización da cesión, o Concello de Rianxo deberá depurar a súa titularidade, xa que a superficie real da propiedade non coincide coa que figura inscrita no Catastro e no Rexistro da Propiedade e, ademais, existe unha discrepancia na definición do predio, xa que na escritura pública figura como Z-3 e no acordo do concello como Z-13.

O Concello de Rianxo obrígase a urbanizar completamente as vías que lindan coa propiedade dotándoas de tódolos servizos urbanísticos necesarios para o funcionamento do centro (pavimentación, beirarrúas, alumado público, subministración de auga potable, rede de sumidoiros e fibra óptica para a conexión de servizos de telecomunicación e internet).

Tramitar con carácter prioritario as licenzas de obra e de actividade e, se é o caso, as autorizacións municipais, e sectoriais necesarias, unha vez que a Deputación da Coruña



presente a documentación esixible.

Levar a cabo os trámites necesarios para aplicar a bonificación máxima vixente (na actualidade do 95%) sobre a cota tributaria nos gravames que incidan sobre a construción, segundo prevé o artigo 103.2 do Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais para obras de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de carácter social.

TERCEIRO. Obrigas da Deputación da Coruña:

Recibir o pleno dominio do inmovible que se describe, dalo de alta no seu Inventario e asumir todas as obrigas que lle correspondan como administración titular do ben dende a data da formalización da cesión.

Redactar e trala oportuna supervisión técnica, aprobar os proxectos necesarios para a execución da obra *Casa de Acompañamento a Persoas Maiores*, condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente

Elaborar e aprobar o plan de viabilidade económica deste novo servizo público

Solicitar as licenzas municipais e autonómicas que se precisen para executar a obra e poñer en marcha a actividade.

Financiar e contratar as obras e os equipamentos necesarios, condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente

Asumir a titularidade do servizo público e poñelo en marcha e xestionalo a través dalgunha das formas de xestión de servizos públicos previstos no artigo 85,2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

CUARTO. Prazos para executar as obrigas:

Este servizo público deberá estar en funcionamento no prazo de cinco anos e manter o uso previsto durante trinta anos, contados en ambos casos dende a formalización da entrega do predio á Deputación da Coruña. En caso de incumprimento, a Deputación de Coruña terá que reverter o inmovible ao patrimonio do Concello de Rianxo.

Con carácter previo á formalización da cesión, o Concello de Rianxo deberá proceder a depurar a titularidade do ben e a inscribilo nos rexistros do xeito que se indica no apartado SEGUNDO

Unha vez depurada a titularidade e adoptados os acordos por ambas corporacións, procederase a formalizar a acta de cesión do inmovible e, no caso de que unha das partes o estime necesario, ao outorgamento de escritura pública.

Unha vez recibido o inmovible, a Deputación da Coruña promoverá a elaboración, aprobación e supervisión técnica do proxecto para a construción da edificación necesaria para prestar o servizo descrito.

Co proxecto redactado, a Deputación da Coruña solicitará as licenzas de construción, actividade, sectoriais e autonómicas que sexan preceptivas

O Concello de Rianxo tramitará coa maior celeridade os procedementos e ditará as



resolucións de concesións de licenzas dentro do prazo establecido pola norma. Dentro deste mesmo prazo, ditará a resolución pola que se declare a obra de especial interese público, por concorrer circunstancias sociais, recoñecendo a bonificación do 95% sobre a cota do Imposto sobre Construcións Instalacións e Obras a prol do obrigado tributario, que só satisfará o 5% restante.

Obtidas as licenzas municipais e as autorizacións autonómicas e sectoriais que sexan preceptivas, a Deputación da Coruña licitará a obra no prazo máximo de seis meses e procederá a súa execución e remate nos prazos previstos no proxecto técnico. Durante o período de execución das obras, a Deputación deberá licitar e adquirir todo o mobiliario, equipamento e instalacións que sexan necesarias para o funcionamento do centro.

O Concello de Rianxo deberá ter rematado a execución da completa urbanización da contorna antes de que remate a construción do centro.

QUINTO. Comisión de seguimento:

Para a correcta aplicación deste convenio e resolución das dúbidas de carácter interpretativo, créase unha comisión de seguimento formada polas seguintes persoas:

Por parte da Deputación, a persoa titular da Presidencia, a persoa deputada que ostente a delegación en materia de servizos sociais, a persoa titular do Servizo de Acción Social, Educación, Deportes e Mocidade e as persoas titulares da Secretaría Xeral e da Intervención Xeral, ou persoa ou persoas nas que cada unha delas delegue.

Por parte do Concello, o titular da Alcaldía, a persoa concelleira que ostente a delegación en materia de servizos sociais, a persoa funcionaria responsable dos Servizos sociais municipais, e as persoas titulares da Secretaría Xeral e da Intervención Xeral, ou persoa ou persoas nas que cada unha delas delegue.

A presidencia da comisión corresponderalle á persoa titular da Presidencia da Deputación ou persoa na que delegue e a secretaría será exercida por unha persoa funcionaria do Servizo de Acción Social, Educación, Deportes e Mocidade.

SEXTO. Modificación e causas de resolución.

O presente convenio poderá ser modificado por acordo das dúas partes asinantes, logo de informe da Comisión de seguimento creada na cláusula anterior.

Ademais do mutuo acordo, serán causas de resolución as previstas no artigo 51.2 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico das Administracións Públicas.

SÉTIMO. Vixencia e prórroga

O presente convenio producirá efectos dende a data da súa sinatura e conservará a súa vixencia durante o prazo máximo de catro anos previsto no artigo 49 h) da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector público.

Antes de que remate a súa vixencia, o convenio poderá ser prorrogado anualmente por acordo expreso de ambas as dúas partes, ata o prazo máximo legal de oito anos.



Con independencia da duración do convenio, a transmisión da titularidade do pleno dominio do predio descrito en favor da Deputación da Coruña perfecciónase con carácter definitivo no momento da formalización da cesión, sen prexuízo de que o incumprimento das obrigas previstas no acordo poida orixinar a súa reversión ao concello.

Polo anteriormente exposto e en proba de conformidade, ambas partes asinan o presente convenio en _____ a _____, do que eu, Secretario Xeral, dou fe.

Pola Deputación da Coruña,

Polo Concello de Rianxo,

O Secretario Xeral,
Miguel Iglesias Martínez”

10.- Aprobación do texto e da formalización do Convenio de Cooperación entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Valdoviño polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar "as obras do proxecto da escola infantil de Valdoviño".

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1º.- Levantar o reparo interposto pola Intervención Provincial na tramitación do expediente de aprobación dun convenio de cooperación entre a Excma. Deputación provincial da Coruña e do Concello de Valdoviño **polo lo que se instrumenta unha subvención nominativa** para cofinanciar **“as obras do proxecto da escola infantil de Valdoviño”**, e instar a que o mesmo siga os trámites oportunos para proceder á súa aprobación e formalización.

2º.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada la existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan as razóns de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 LXS e 65-67 do seu Regulamento.

3º.- Aprobar o texto e a formalización do Convenio de Cooperación entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e o **Concello de Valdoviño polo que se instrumenta unha subvención nominativa** para cofinanciar **“as obras do proxecto da escola infantil de Valdoviño”** cunha achega provincial de **450.000,00 euros** con cargo á **aplicación orzamentaria 0112/3210/76201** o que representa un coeficiente de financiamento do **73.61194 %** respecto dun orzamento de **611.313,83 euros**.



4º.- Condicionar o á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, no próximo exercicio orzamentario, de acordo coa normativa vixente no momento.

ANEXO

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCELENTÍSIMA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE VALDOVIÑO PARA O FINANCIAMENTO DA OBRA DENOMINADA PROXECTO DA ESCOLA INFANTIL DE VALDOVIÑO

Na Coruña, a _____

INTERVEÑEN

Dunha parte, a Deputación Provincial da Coruña con NIF P1500000C, representada polo seu Presidente, D. _____ (ou deputado/a no que delegue), (No caso de sinatura electrónica engadirase: identificado mediante o correspondente certificado de firma electrónica) asistido polo Secretario Xeral, D. _____ (ou quen legalmente lle substitúa) representante da Excelentísima Deputación Provincial da Coruña (No caso de sinatura electrónica engadirase: identificado mediante o correspondente certificado de firma electrónica), en exercicio das funcións reservadas previstas no artigo 3.2 i) do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

E doutra parte, o **Concello de Valdoviño**, con NIF P1508800H, representado polo seu Alcalde/sa /Presidente D. _____ (ou concelleiro, concelleira ou persoa en quen delegue), segundo se acredita mediante certificación da Secretaría do Concello/ Entidade. (**en adiante ENTIDADE BENEFICIARIA**) (No caso de sinatura electrónica engadirase: identificado mediante o correspondente certificado de firma electrónica)

Interveñen cada un deles, en nome e representación da entidade respectiva e recoñécense mutuamente a capacidade legal necesaria para a sinatura do presente convenio a tal efecto,

ANTECEDENTES

A solicitude da presente subvención foi aprobada por Acordo do Pleno do **Concello de Valdoviño**, no que se valora o impacto económico do obxecto do convenio nos seguintes termos:

“... A localización territorial de Valdoviño na área interurbana de Ferrol xunto coa mellora das infraestruturas viarias e de telecomunicacións, fan máis cercano o seu posicionamento como lugar de residencia. Nos últimos anos, o número de habitantes tivo un aumento significativo polo que a evolución poboacional ten unha tendencia ascendente. O Concello de Valdoviño ten dende o ano 2017 un Punto de Atención a Infancia cunha ocupación máxima de 20 prazas, dende hai dous cursos escolares constátase que é insuficiente para dar cobertura a demanda existente. A insuficiencia actual do recurso- educativo asistencial, pon de manifesto a necesidade dun máis amplo



e a creación dunha Escola Infantil que posibilite a conciliación e socialización de nenos e nenas nos primeiros anos de vida. Esta situación social e demográfica supón un contexto dinámico ao que é preciso dar resposta, sendo necesaria unha rede de recursos que apoien unha conciliación real, que fomenten a natalidade e unha empregabilidade activa, así como a participación nun proxecto educativo dende os primeiros anos. O Concello de Valdoviño en novembro de 2022 solicitou a Consellería de Política Social e Xuventude unha axuda para a creación de novas prazas, do primeiro ciclo de infantil, de titularidade pública, no marco do Plan de Recuperación , Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea, para a execución do "PROYECTO DE ESCUELA INFANTIL SITUADA EN RÚA ENSINO S/N CONCELLO DE VALDOVIÑO". ..."

A concesión da subvención foi aprobada por Acordo do Pleno da Deputación celebrado o

COMPETENCIAS DAS ADMINISTRACIÓNS ACTUANTES

A ENTIDADE BENEFICIARIA levará a cabo a execución deste proxecto no exercicio da competencia en materia de Patrimonio e Contratación que lle atribúe o artigo 25.2, da Lei 7/85, de 2 de abril, das Bases de Réxime Local, así como os artigos 80 e seguintes da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia nos termos da lexislación sectorial do Estado e/ou da Comunidade Autónoma de Galicia.

Pola súa banda, consonte ao previsto no artigo 31.2 da devandita Lei 7/85 e 101.2 da referida Lei 5/1997, a Deputación, como órgano de goberno e administración da Provincia, compételle asegurar a prestación integral e axeitada en todo o territorio provincial dos servizos de competencia municipal, así como a cooperación no fomento no desenvolvemento económico e social e a planificación do territorio provincial (art.36.1, letra d).

MANIFESTAN

Que o **ENTIDADE** e a **DEPUTACIÓN** teñen interese coincidente na execución das obras obxecto deste convenio, polo que ambas as dúas

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COOPERACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio de cooperación ten por obxecto establecer as bases de cooperación entre a Deputación da Coruña e o Concello de **Valdoviño** con CIF **P1508800H**, para o financiamento da obra denominada "proxecto da escola infantil de Valdoviño", tal e como aparece definida no proxecto técnico redactado por Don Ramón Montero Cereijo, en Julio 2023.



1.- **A ENTIDADE BENEFICIARIA**, na súa condición de promotor da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, a certificación da súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a súa execución, e achega todas as autorizacións administrativas preceptivas.

Dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

2- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 233 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e a normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa realizada pola persoa redactora de que é unha obra completa ou unha fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada a obra, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** comprométese a destinala ao uso público para o que está prevista a lo menos polo prazo de dez anos.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O orzamento de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

Orzamento Execución Material	424.552,97 euros
Gastos xerais 13,00%	55.191,89 euros
Beneficio Industrial 6,00 %	25.473,18 euros
IVE (21%)	106.095,79 euros
ORZAMENTO DE LICITACIÓN	611.313,83 euros

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **450.000,00 euros** o que representa unha porcentaxe de **73.61194 %**, que constitúe o “coeficiente de financiamento”. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, está financiado pola ENTIDADE BENEFICIARIA con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto que lle corresponde financiar.

2. Entenderase que a finalidade básica da subvención estará cumprida cando se teña executado e recepcionado completamente a obra, polo importe de adxudicación. O importe da achega será o resultado de aplicación de coeficiente de financiamento sobre o importe adxudicado.

No caso de que se produxeran economías en execución ou diminución de gastos derivados de proxectos modificados, a achega provincial sería o resultado da aplicación do coeficiente de financiamento sobre o total certificado e recepcionado.

3. A Deputación Provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de

**RPT-6654235



execución das obras contempladas no proxecto técnico e, polo tanto, non serán subvencionables os gastos derivados de contratos conexos, tales como honorarios de redacción de proxectos ou dirección das obras, tributos reivindicados pola obtención de licenzas, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade ou outros. Tampouco se financiarán os incrementos de gastos derivados de proxectos modificados ou liquidacións da obra.

A Deputación poderá realizar controis **adicionais** de calidade das obras. A **ENTIDADE BENEFICIARIA** deberá facilitar a información e os accesos ás obras que sexan necesarios para a realización da dita actividade.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación **0112/3210/76201** do orzamento provincial para o ano 2026, na que a Intervención Provincial certificou que existe crédito suficiente e sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito. No caso de que a vixencia deste convenio esténdase a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a **ENTIDADE BENEFICIARIA** obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de promotor, corresponderalle á ENTIDADE BENEFICIARIA a tramitación do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación para o procedemento aberto cun único criterio, ou múltiples criterios de valoración, garantindo en todo caso, os principios de publicidade, concorrencia, igualdade e non discriminación.

Unicamente procederá a utilización do procedemento negociado sen publicidade nos supostos previstos no artigo 168 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, o que deberá quedar motivado no expediente

Non poderán recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que o ENTIDADE BENEFICIARIA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, por causas non imputables ao Concello e debidamente xustificadas, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación un exemplar do proxecto modificado, con anterioridade á aprobación do



mesmo polo órgano competente, achegando co mesmo os informes técnicos e xurídicos emitidos para a súa supervisión polos Servicios Técnicos Provinciais. Posteriormente, achegarase certificación da súa aprobación polo órgano competente.(Cláusulas III.3 e XIV.3)

V.- DIFUSIÓN DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** estará obrigada a colocar un cartel informativo da obra que sexa visible; polo menos, desde unha distancia de 25 metros, no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o a marca, símbolo ou logotipo da Deputación e o importe da subvención concedida.
2. Rematada a obra, e cando a súa natureza o permita, deberase colocar unha placa nun lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.
3. Asemade, a entidade beneficiaria deberá cumprir coas obrigas de información que lle impón a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno, dándolle difusión a este convenio no Portal de Transparencia da súa páxina web ou sede electrónica.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA DA DEPUTACIÓN

1. Ata o 50 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable. A dita achega provincial calcularase aplicando o coeficiente de financiamento sobre o importe de adxudicación da obra. Polo tanto, a Deputación expedirá un primeiro pagamento do 50 % da achega provincial a prol da **ENTIDADE BENEFICIARIA** , unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:
 - Xustificación da elección do procedemento de contratación utilizado, de acordo co previsto na cláusula IV.3.
 - Certificación do **acordo ou resolución de adxudicación** do contrato de obras, na que figuren polo menos o seguinte: datos da empresa adxudicataria, importe de adxudicación do contrato e prazo de execución.
 - **Acta de comprobación da implantación**, asinada pola dirección da obra, pola contratista adxudicataria e pola persoa funcionaria técnica designada pola Deputación ou, no seu caso, acreditación da imposibilidade de asistencia de dita persoa técnica provincial.
 - Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das **axudas e outros ingresos afectados** á mesma finalidade ou obxecto desta subvención.
 - **Acreditación da colocación do cartel informativo** ao que se refire a cláusula V.1 mediante remisión dunha fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.



- Acreditación fotográfica da situación da obra previamente ao seu inicio.
2. Rematada completamente a obra, procederase ao abono do 50 por cento ou resto da achega provincial, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:
- **Certificacións** de execución da obra cos datos a orixe, coa certificación da súa aprobación polo órgano competente, xunto co recoñecemento da obriga.
 - Informes de control de calidade da obra realizados por un técnico competente, de ser o caso.
 - **Acta de recepción da obra.** A dito acto deberá acudir unha persoa técnica designada pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente acta. No caso de imposibilidade de asistencia da persoa técnica provincial, deberá acreditarse ter realizado a solicitude e a contestación da Deputación.
 - Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade dos **ingresos** de natureza pública ou privada obtidos para a mesmo proxecto, con indicación do seu importe e procedencia ou, pola contra, manifestación de que non se obtiveron outros ingresos para o mesmo proxecto.
 - Presentación de **fotografías**, dilixenciadas pola dirección da obra, acreditativas do **cumprimento das obrigas de difusión** previstas na cláusula V: cartel da obra e, no seu caso, colocación da placa e portal de transparencia da súa páxina web ou sede electrónica.
 - Presentación de fotografías da obra realizada, dilixenciadas polo técnico-director.
 - Certificación do acordo da incorporación do ben ao **inventario de bens** do **ENTIDADE BENEFICIARIA**, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de dez anos.
 - Cando o ben sexa susceptible de inscrición no Rexistro da Propiedade, debe constar a adscrición ao uso e servizo público por un prazo de dez anos.
 - Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable.
3. Previamente a realización de calquera dos pagos anteditos, e de acordo co previsto na cláusula VIII, a Deputación comprobará de oficio se o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e coa Deputación.
- 4.-Cando o gasto xustificado sexa inferior ao 50% da subvención provincial, e polo tano, a finalidade básica da subvención non se considere cumprida nos termos da cláusula III.2, o anticipo concedido non xustificado deberá reintegrarse xunto cos correspondentes intereses de demora.
5. **No caso de resolución de contrato** por causas debidamente xustificadas, non imputables ao Concello, poderá efectuarse o pago correspondente á aplicación do coeficiente de financiamento sobre o total certificado e pagado ao contratista .A tal efecto, deberán de aportarse as transferencias bancarias a favor do contratista. A estes efectos, o importe non aboado se considerará economía.



VII.- TERMO PARA A FINALIZACIÓN DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula I, deberán estar finalizadas e presentada a documentación xustificativa indicada na cláusula VI no prazo indicado na cláusula XIV.
2. No caso de non ter presentada a documentación xustificativa , ou a solicitude de prórroga dentro do prazo de vixencia do convenio, **implicará a perda da subvención** e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable respecto diso, tal e como se indica na cláusula XIV.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. A **ENTIDADE BENEFICIARIA** deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, coa Seguridade Social e con esta Deputación .
2. A tal efecto, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** presentará as certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
3. Poderá omitirse a presentación desta documentación sempre que autorice expresamente á Deputación a realizar as consultas tributarias e non se opoña á consulta de datos da Seguridade Social . Neste caso, a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por esta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. Consonte ao previsto nas Regras 25 e seguintes da Instrución de contabilidade para a administración local (Orde HAP 1781/2013, de 20 de setembro, Modelo normal), a ENTIDADE BENEFICIARIA deberá codificar este proxecto de gasto, co fin de facerlle un seguimento contábel específico, de xeito de que quede rexistrada unha pista de auditoría fiable pola que se poida verificar a afectación e aplicación efectiva dos fondos recibidos á execución do proxecto financiado.
2. A **ENTIDADE BENEFICIARIA** destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
3. O concello deberá acreditar ter aboado aos terceiros o importe dos gastos xustificadas, no prazo máximo **dun mes** dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento. Esta obriga será comprobada pola Deputación e, no seu caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que teña que presentar documentación adicional algunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.
4. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria,



cheque nominativo, cargo, ingreso en conta ou calquera outra modalidade de pagamento bancario, sempre que en todo caso quede identificada a persoa ordenante e a persoa preceptora.

5. No caso de que o ben subvencionado tivera como finalidade a posta en funcionamento dalgún servizo ou actividade, a **ENTIDADE BENEFICIARIA**, deberá acreditar nun prazo máximo de cinco meses dende a percepción da totalidade da subvención, de que o servizo ou actividade están funcionamento, ou, no seu caso, presentar un programa de posta en funcionamento. Esta circunstancia poderá ser verificada a través da inclusión da subvención no Plan de Control Financeiro da Intervención provincial.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, A **ENTIDADE BENEFICIARIA** poderá ser seleccionado pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación e a lexislación citada anteriormente.
2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, A **ENTIDADE BENEFICIARIA** queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá comportar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, de 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación Provincial da Coruña.
3. Nos supostos de demora na realización das obras ou na presentación da xustificación, estarase ao disposto na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación Provincial da Coruña.



XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da **ENTIDADE BENEFICIARIA** serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, de 13 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.
2. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e no artigo 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno, a concesión da subvención ao **A ENTIDADE BENEFICIARIA** será publicada no portal de transparencia da sede electrónica da Deputación da Coruña.
3. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende da Secretaría Provincial, xestionado polo Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

1. Para realizar o seguimento deste convenio e as incidencias que poidan xurdir do mesmo, queda constituída unha comisión integrada pola persoa titular da Presidencia da Deputación ou membro da Corporación no que delegue e a persoa titular da Alcaldía do **Concello de Valdoviño**, ou membro da Corporación en quen delegue. Actuarán como asesores de dita comisión as persoas titulares da Secretaría xeral e do órgano interventor da Deputación e da ENTIDADE BENEFICIARIA, ou persoas funcionarias en quen deleguen.
2. En todo caso, será preceptivo o ditame previo desta Comisión para os acordos de interpretación do presente convenio.

XIV.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1. O presente convenio de cooperación terá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o **31/10/2027**, o que representa un período de vixencia de _____ meses. No caso de que a vixencia deste convenio se estenda a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.
2. **O dito prazo será improrrogable**, salvo que **A ENTIDADE BENEFICIARIA** non poida ter finalizadas as obras e presentada a xustificación antes do prazo establecido na cláusula VII. Nese caso, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo Director da obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do importe pendente de xustificar.



3. A estes efectos, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** na solicitude deberá indicar as causas da demora na execución das obras, acreditar que as ditas causas non son imputables á **ENTIDADE BENEFICIARIA**, e xustificar que implican a necesidade de prorrogar o presente convenio, indicando o prazo imprescindible para a finalización das mesmas.

De considerarse xustificadas os motivos aducidos, previos os informes preceptivos, a prórroga do prazo de vixencia do convenio aprobarase **por Resolución da Presidencia**, polo **prazo imprescindible para a finalización das obras**.

O dito prazo será máximo e, polo tanto, **non será susceptible dunha nova prórroga, nin de modificación**, polo que, a non presentación da xustificación no dito período, **implicará que** o convenio quedará definitivamente extinguido e comportará a perda do dereito á cobranza da subvención e, sen máis notificación, implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido mais os correspondentes xuros de demora.

4. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida de forma excepcional e nominativamente por acordos plenarios das respectivas administracións.

A modificación do proxecto de obras non implicará un incremento da achega provincial senón que, no seu caso, o exceso de financiamento deberá ser soportado pola **ENTIDADE BENEFICIARIA**. No caso de que a modificación implique unha minoración do importe do proxecto, a mesma se imputará proporcionalmente as entidades asinantes en función de do coeficiente de financiamento contemplado na cláusula III.

5. No caso de que o **ENTIDADE BENEFICIARIA** tramite e aprobe algunha **modificación do proxecto** inicialmente aprobado, por causas non imputables ao Concello e debidamente xustificadas, así como do contrato adxudicado, deberá **remitir á Deputación un exemplar do proxecto modificado, con anterioridade á aprobación** do mesmo polo órgano competente, achegando co mesmo os informes técnicos e xurídicos emitidos para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, achegarase certificación da súa aprobación polo órgano competente. (Cláusulas III.3 e XIV.4)
6. No caso de que a modificación implique unha minoración ou incremento do importe adxudicado, deberá tomar coñecemento o Pleno da Corporación Provincial e formalizarse en documento administrativo.

De manterse igual o importe, tomarase coñecemento mediante Resolución da Presidencia. En todo caso, non se formalizará a modificación, uníndose o acordo plenario ou resolución ao expediente para a súa constancia.

XV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e na Ordenanza xeral de Subvencións e



Transferencias da Deputación. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

E para que así conste e en proba de conformidade por ambas partes, asínase (No caso de sinatura electrónica engadirase: electronicamente) o presente convenio, dando fe de todo elo o Secretario xeral (*ou quen legalmente lle substitúa*)."

11.- Aprobación do convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Ordes para a execución das obras necesarias para a mellora da seguridade viaria mediante a execución dunha senda peonil e instalación das redes de abastecemento e saneamento na estrada DP-5905 (acceso a Poulo dende a DP-3802 Ordes a Ponte Carreira) punto quilométrico 0+000 a punto quilométrico 1+300 e transmisión da titularidade da estrada DP-5905.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade dos trinta e un membros presentes, o que representa a maioría absoluta da Corporación, acorda:

1º APROBAR o proxecto "Mellora da seguridade viaria na estrada DP 5905 (acceso a Poulo dende a DP 3802 Ordes a Pontecarreira_ Punto quilométrico 0+000 ao 1+300) (Ordes)" asinado o 2 de decembro de 2025 polo enxeñeiro Pablo Blanco Ferreiro, de Estudio Técnico Gallego S.A. cun prazo de execución de 6 meses e un orzamento base de licitación por importe de **926.816,11 €**

2º APROBAR o texto e a formalización do convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Ordes para licitar, contratar e executar as obras necesarias para a mellora da seguridade viaria mediante a execución dunha senda peonil e instalación das redes de abastecemento e saneamento na estrada DP-5905 (acceso a Poulo dende a DP-3802 Ordes a Ponte Carreira) punto quilométrico 0+000 a punto quilométrico 1+300 e transmitir a titularidade da estrada DP-5905

3º Aprobar o financiamento das obras por ambas entidades conforme ó seguinte detalle:

- a) A Deputación Provincial da Coruña financiará o importe total da actuación incluída no proxecto consistente na Mellora da seguridade viaria mediante a execución dunha senda peonil, que ascende a un total de 785.869,04 € (proxecto máis contratos conexos) con cargo á aplicación orzamentaria 0410/4535/60900.

O orzamento da actuación provincial da obra ascende a 772.510,13 €, o que

**RPT-6654235



supón o 83,35096% do orzamento total do proxecto, que ascende a 926.816,11 €.

- b) O Concello de Ordes financiará o importe total da actuación incluída no proxecto consistente na Instalación das redes de abastecemento e saneamento que ascende a 156.974,36 € (proxecto máis contratos conexos) con cargo á aplicación orzamentaria municipal 160-76100.

O orzamento da actuación municipal da obra ascende a 154.305,98 €, o que supón o 16,64904% do orzamento total do proxecto, que ascende a 926.816,11 €”.

- c) O compromiso do concello reflectirase no código de ingresos da Deputación Provincial da Coruña 361.

4º Aprobar a transmisión gratuíta da titularidade demanial da estrada provincial a favor do Concello de Ordes, incluídos os solos, as construcións e tódolos elementos funcionais que formen parte da citada vía:

ESTRADA	X-inicial	Y-inicial	X-final	Y-final	Lonxitude (Quilómetros)
DP5905 - ACCESO A POULO DENDE DP-3802 ORDES A PONTECARREIRA	549719	4767759	550840	4766661	1,95

O Concello de Ordes deberá manter a afectación ao dominio público o ben descrito durante os 30 anos seguintes á aprobación do presente acordo, establecéndose expresamente a súa reversión á Deputación da Coruña en caso de incumprimento.

Non poderá existir ánimo de lucro no cumprimento dos fins previstos na cláusula anterior, establecéndose expresamente a reversión á Deputación da Coruña en caso de incumprimento. Se os bens transmitidos orixinan algún tipo de ingreso, tal circunstancia deberá ser comunicada á Deputación da Coruña.

Tódolos gastos e impostos da presente transmisión de titularidade serán a costa do Concello de Ordes, incluídas – se fose o caso- as actuacións administrativas, escrituras públicas e inscricións nos rexistros que se precisen con carácter previo para regularizar a titularidade das propiedades cedidas. Do mesmo xeito, tódolos tributos, investimentos e gastos que orixinen as propiedades a partir da formalización da presente transmisión serán a cargo do Concello de Ordes.

5º Publicar no Boletín Oficial da Provincia o presente acordo e unha vez recepcionadas as obras, **dar traslado deste á Xunta de Galicia** para os efectos previstos no artigo 9.6 da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia, 21.4 do seu regulamento e a súa posterior aprobación da transmisión da titularidade da estrada DP-5905 por Decreto do Consello da Xunta de Galicia.

6º Dar de baixa no inventario da Deputación Provincial da Coruña e no Catalogo de Estradas de titularidade Provincial a estrada DP-5905, unha vez aprobada a transmisión da titularidade por Decreto do Consello da Xunta de Galicia.

7º Facultar ao Presidente da Deputación para efectuar os actos de execución material que se precisen para o total cumprimento do presente acordo, incluídas as modificacións que procedan no vixente Inventario de Bens e Dereitos e dar conta destas modificacións



ao Pleno a través da rectificación anual de inventario que proceda.

ANEXO: TEXTO DE CONVENIO

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE ORDES PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS NECESARIAS PARA A MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA MEDIANTE A EXECUCIÓN DUNHA SENDA PEONIL E INSTALACIÓN DAS REDES DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO NA ESTRADA DP-5905 (ACCESO A POULO DENDE A DP-3802 ORDES A PONTE CARREIRA) PQ 0+000 A PQ 1+300 E TRANSMISIÓN DA TITULARIDADE DA ESTRADA PROVINCIAL DP-5905 ACCESO A POULO

Na Coruña a

INTERVEÑEN

Dunha parte, a Deputación Provincial da Coruña con NIF....., representado polo seu Presidente, D.(ou deputado/a no que delegue), no exercicio das atribucións conferidas polo artigo 34.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local. (No caso de signatura electrónica engadirase: identificado mediante o correspondente certificado de firma electrónica) asistido polo Secretario xeral, D.(ou quen legalmente lle substitúa) (No caso de sinatura electrónica engadirase: identificado mediante o correspondente certificado de firma electrónica), en exercicio das funcións reservadas previstas no artigo 3.2 i) do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réximen xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

E, doutra parte, o **Concello de /Entidade**....., con NIF....., representado polo seu Alcalde/sa / Presidente D.(ou concelleiro, concelleira ou persoa en quen delegue), no exercicio das atribucións conferidas no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local segundo se acredita mediante certificación da Secretaría do Concello/ Entidade. (No caso de sinatura electrónica engadirase: identificado mediante o correspondente certificado de firma electrónica)

Interveñen cada un deles, en nome e representación da entidade respectiva e recoñécense mutuamente a capacidade legal necesaria para a sinatura do presente convenio

COMPETENCIAS DAS ADMINISTRACIÓNS ACTUANTES

1º Son competencias propias da Deputación Provincial da Coruña, en virtude do establecido no artigo 36 Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local, a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión.

Para estes efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal e á maior eficacia e economía na prestación destes mediante fórmulas de asistencia e cooperación municipal. Con esta finalidade, a Deputación poderá outorgar subvencións e axudas con cargo aos seus recursos propios para a realización e o mantemento de obras e servizos, que se instrumentarán a través de plans especiais ou outros instrumentos específicos.

**RPT-6654235



2º Do mesmo xeito, o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos no artigo 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local. O municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, as seguintes materias: ...c) *Abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais.*

ANTECEDENTES

1º O Concello de ORDES considera de primeira necesidade a execución das obras de instalación das redes de abastecemento e saneamento na DP5905: Acceso a Poulo dende a DP 3802 Ordes a Ponte Carreira polo que encarga a redacción do seguinte proxecto de execución: *“Mellora da seguridade viaria na estrada DP-5905 acceso a Poulo dende a DP-3802 Ordes a Ponte Carreira _ PQ 0+000 a PQ 1+300* que ten como obxecto:

- A mellora da seguridade viaria mediante a execución dunha senda peonil na estrada provincial DP-5905
- A instalación das redes de abastecemento e saneamento na estrada provincial DP-5905

2º O concello de Ordes remitiu á Deputación Provincial da Coruña no ano 2024, para a súa aprobación, o proxecto asinado o día 8 de abril de 2024 polo enxeñeiro Pablo Blanco Ferreiro, de Estudio Técnico Gallego S.A. cun prazo de execución de 6 meses por importe total de 926.816,10 € e no que se inclúe un capítulo correspondente a servizos municipais.

Concepto	Competencia Deputación (obras Plan de sendas peonís 2024)	Competencia Concello (servizos municipais)
PEM	536.502,62 €	107.164,37 €
G.X. (13%)	69.745,34 €	13.931,37 €
B.I. (6%)	32.190,16 €	6.429,86 €
Orzamento base licitación (sen IVE)	638.438,12 €	127.525,60 €
IVE (21%)	134.072,01 €	26.780,38 €
Orzamento base licitación (con IVE)	772.510,13 €	154.305,98 €
TOTAL PROXECTO	926.816,11 €	

Código obra: 2024.1170.0001.0 (obra incluída no Plan de sendas peonís 2024).
Importe 772.510,13 €.

Código obra: 2024.7490.0001.0 (obra servizos municipais na DP 5905). Importe
154.305,98 €

3º A Deputación Provincial da Coruña, en sesión plenaria celebrada o 26 de abril de 2024



aprobou tecnicamente o proxecto da obra provincial DP 5905 Mellora da seguridade viaria na estrada a Poulo dende a DP 3802 Ordes a Pontecarreira. Punto quilométrico 0+000 ao 1+300 (Ordes); incluída no Plan de Sendas Peonis 2024 _ (BOP 88 de 7 de maio de 2024)

4º O Pleno do Concello de Ordes, en sesión ordinaria celebrada o 4 de novembro de 2025 acordou formalizar un convenio coa Deputación Provincial da Coruña polo que se instrumente unha encomenda para a contratación e a execución das obras correspondentes á instalación das redes de abastecemento e saneamento, actuacións incluídas no proxecto DP 5905 mellora da seguridade viaria na estrada. Acceso a Poulo dende a DP 3802 Ordes a Pontecarreira. Punto quilométrico 0+000 ao 1+300 (Ordes) por importe total de 926.816,11 € e solicitar á Deputación a encomenda da licitación e execución das obras municipais correspondentes as redes de abastecemento e saneamento incluídas no proxecto e que ascenden á cantidade de orzamento base de licitación (con IVE) de 154.305,98 €.

5º.- O Concello de Ordes, no acordo anteriormente citado, comprometése a achegar os fondos necesarios para a execución dos servizos municipais incluídos no proxecto.

6º .- O concello de Ordes o 19 de xaneiro de 2026 solicita á Deputación da Coruña a formalización do convenio de colaboración para a execución conxunta das obras de mellora da seguridade viaria mediante a execución dunha senda peonil e a instalación das redes de abastecemento e saneamento na estrada provincial DP-5905 achegando o proxecto de construción MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA ESTRADA DP-5905 (ACCESO A POULO DENDE A DP-3802 ORDES A PONTE CARREIRA) (PQ 0+000 A PQ 1+300) de febreiro de 2025 e asinado o 2 de decembro de 2025 polo enxeñeiro autor do proxecto D. Pablo Blanco Ferreiro (Estudio Técnico Gallego S.A) cun orzamento de 926.816,11 € e un prazo de execución de 6 meses.

O dito proxecto contén un anexo de Expropiacións, a pesar de que o expediente expropiatorio xa foi levado a cabo, polo que se fai constar que á data da sinatura deste convenio cóntase coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución da obra proxectada.

7º O concello de Ordes, o 1 de xullo de 2026, mediante escrito de Alcaldía solicita que *dentro da tramitación do mencionado convenio de colaboración (...) se inclúa a **transferencia da titularidade do tramo de estrada provincial** obxeto das obras a favor do Concello de Ordes unha vez estas estean executadas.*

8º O Servizo Técnico Provincial de Vías e Obras informa favorablemente a transmisión da titularidade da estrada DP-5905 punto quilométrico 0+000 ao 1+300 que constitúe o antigo trazado da estrada DP-3802, tendo como principal funcionalidade o acceso ao núcleo de Poulo, de conformidade cos seguintes datos:

DP5904, ACCESO A POULO DESDE DP 3802, ORDES A PONTECARREIRA

DATOS DE PARTIDA

Lonxitude de tramo: 1,95 km

Superficie calzada: 11.206 m²

Estimación superficie ocupación: 18.742 m²

Coordenadas:



ESTRADA	X-inicial	Y-inicial	X-final	Y-final	Lonxitude (Quilómetros)
DP5905 - ACCESO A POULO DENDE DP-3802 ORDES A PONTECARREIRA	549719	4767759	550840	4766661	1,95

VALORACIÓN ESTIMADA

Valoración infraestrutura (sen terreos): $1,95 \text{ km} \cdot 700.000 \text{ €/km} = 1.365.000 \text{ €}$

Valoración obra de mellora a proxectada (sin servizos municipais): 772.510,12 €

Valoración terreos: $9.285 \text{ m}^2 \cdot 8 \text{ €/m}^2 = 74.280,00 \text{ €}$

Valor total = $1.365.000,00 + 772.510,12 + 74.280,00 = 2.211.790,12 \text{ €}$

ESTIMACIÓN COSTE ANUAL CONSERVACIÓN

Coste conservación (sen roza): $1,950 \text{ km} \cdot 7.352,17 \text{ €/km} = 14.336,73 \text{ €}$

Coste roza e/o limpeza: $1,950 \text{ km} \cdot 1.210,09 \text{ €/km} = 2.359,68 \text{ €}$

Coste total conservación = $14.336,73 \text{ €} + 2.359,68 \text{ €} = 16.696,41 \text{ €}$

Por todo o exposto, as entidades actuantes acordan formalizar o presente CONVENIO con arranxo ás seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

O presente CONVENIO ten por obxecto:

1º Execución de obra

Coordinar as actuacións entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de ORDES con NIF P1506000G, para a execución do proxecto “DP 5905 Mellora da seguridade viaria na estrada a Poulo dende a DP 3802 Ordes a Pontecarreira. Punto quilométrico 0+000 ao 1+300 (ORDES)” redactado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos Don Pablo Blanco Ferreiro en decembro de 2025 cun prazo de execución de 6 meses e no que se inclúen as seguintes actuacións:

A- Execución das obras de **“Mellora da seguridade viaria mediante a execución dunha senda peonil”**

B- Acometer e incorporar ao patrimonio público municipal as obras consistentes na **“Instalación das redes de abastecemento e saneamento”** así como a súa posta en servizo, a súa explotación e a súa conservación e mantemento.

O proxecto recolle un orzamento base de licitación por importe de 926.816,11 € ao que se sumarán os importes correspondente aos contratos conexos, polo que o importe total da actuación ascendería a 942.843,40 €, tal e como se detalla na cláusula segunda

2º Transmisión da titularidade da estrada provincial DP 5905 (Acceso a Poulo)

No vixente inventario de bens e dereitos da Deputación Provincial da Coruña, aprobado como anexo ao acordo número 6 do Pleno do 27 de marzo de 2026 polo que se aprobou a rectificación do inventario a 31 de decembro de 2025, figura a totalidade do ben descrito do seguinte xeito:



	Epígrafe	Clasificación	Relación	Número de ben	Lonxitude	Natureza
O Terreo	1	100104 Terreos afectos ao uso público	328	30195	1,95 Quilómetros	Dominio público. Uso público xeral
A Construción	1	1110201 Estradas	285	29785	1,95 Quilómetros	Dominio público. Uso público xeral

SEGUNDA. ORZAMENTO DAS OBRAS

O orzamento total do proxecto “DP 5905 Mellora da seguridade viaria na estrada a Poulo dende a DP 3802 Ordes a Pontecarreira. Punto quilométrico 0+000 ao 1+300 (ORDES)” ascende a 926.816,11 €

O orzamento do proxecto, desagregase a efectos de financiamento, do seguinte xeito:

A.- Mellora da seguridade viaria da estrada _ Senda Peonil:

DP 5905_ Mellora da seguridade viaria mediante a execución de unha senda peonil	
Orzamento execución material	536.502,62 €
Gastos xerais (13%)	69.745,34 €
Beneficio industrial (6%)	32.190,16 €
IVE (21%)	134.072,01 €
Orzamento execución por contrata	772.510,13 €
Orzamento de contrata Coordinación de Seguridade e saúde ZONA D 0,49%	2.628,86 €
Orzamento de contrata Control de calidade ZONA D	10.730,05 €
TOTAL A FINANCIAR POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA	785.869,04 €

B.- Execución de servizos municipais da rede saneamento e abastecemento:

DP 5905_ Instalación das redes de abastecemento e saneamento”	
Orzamento execución material	107.164,37 €
Gastos xerais (13%)	13.931,37 €
Beneficio industrial (6%)	6.429,86 €
IVE (21%)	26.780,38 €
Orzamento execución por contrata	154.305,98 €
Orzamento de contrata Coordinación de Seguridade e saúde ZONA D	525,10 €
Orzamento de contrata Control de calidade ZONA D	2.143,28 €
TOTAL A FINANCIAR POLO CONCELLO DE ORDES	156.974,36 €



TERCEIRA. CONTRATACIÓN DAS OBRAS

A Deputación, unha vez aprobado polo órgano competente e formalizado o presente convenio, contratará, mediante procedemento aberto e con arranxo a os seus pregos-tipo, a execución das obras incluídas no proxecto, de forma conxunta e nun único lote, co fin de que a súa execución se realice de maneira coordinada e así optimizar custos, simplificar a execución e reducir tempos.

Do mesmo xeito, unha vez aprobado e formalizado o convenio, a Deputación tramitará os contratos conexos (control de calidade e coordinación de seguridade e saúde).

CUARTA. DIRECCIÓN DAS OBRAS. COORDINACIÓN SEGURIDADE E SAÚDE. CONTROL DE CALIDADE

A Dirección das obras realizarase por persoal dos servizos técnicos da Deputación e esta asumirá os gastos que diso se deriven.

A Deputación levará a cabo, **mediante servizos externos**, a coordinación de seguridade e saúde e o control de calidade e asumirá os gastos que diso se deriven, repercutindo ao concello os importes pagados por este concepto na execución das obras correspondentes aos servizos municipais e que a continuación se desagregan:

DP 5905_ Mellora da seguridade viaria mediante a execución de unha senda peonil	
Orzamento de contrata Coordinación de Seguridade e saúde	2.628,86 €
Orzamento de contrata Control de calidade	10.730,05 €

DP 5905_ Instalación das redes de abastecemento e saneamento	
Orzamento de contrata Coordinación de Seguridade e saúde	525,10 €
Orzamento de contrata Control de calidade	2.143,28 €

QUINTA. MODIFICACIÓNS NO PROXECTO DE OBRA

5.1. No caso de que durante a execución das obras de referencia fose necesario modificar o proxecto, este requirirá a aprobación da Deputación Provincial da Coruña.

5.2. No caso que a modificación afecte as obras de Instalación da Rede de Saneamento e Abastecemento, a aprobación do modificado esixirá a previa conformidade do Concello de ORDES.

5.3. Calquera Incremento derivado de modificacións relativas ás obras de mellora da seguridade viaria será financiado pola Deputación Provincial da Coruña.

5.4. Calquera Incremento derivado de modificacións relativas ás obras de Renovación da Rede de Saneamento e Abastecemento será financiado polo concello de ORDES.



SEXTA. OBRIGAS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

6.1. Levar a cabo as actuacións consistentes na contratación das obras, a dirección destas, así como a coordinación da seguridade e saúde e o control de calidade. Así mesmo, a xestión das obras ata completar a súa finalización e a formalización dos actos de recepción, de conformidade co estipulado na lexislación vixente en materia de contratos, e cos efectos sinalados na cláusula décima

As actuacións expresadas abarcan, se fose o caso, as modificacións xustificadas das obras, ata que as construcións merezan a plena conformidade da Deputación Provincial da Coruña, por producirse o acto formal de recepción e atoparse en condicións de ser entregadas ao concello para a súa incorporación ao servizo e uso público.

6.2. Controlar a calidade e a coordinación da seguridade e saúde das obras de referencia durante a súa execución.

6.3. Durante o prazo de garantía das obras de referencia, realizar os trámites necesarios para que o contratista repare aqueles defectos imputables á súa execución e que se manifesten con posterioridade ao acto de recepción, de conformidade con disposto na lexislación vixente en materia de contratos.

Esta garantía non cubrirá os danos que se produzan por un uso inadecuado das instalacións, nin os debidos a actos vandálicos, nin as deterioracións debidas ao paso do tempo, nin defectos ou danos por incumprimentos da normativa sanitaria ou en materia de verquidos.

6.4. No ámbito das súas facultades, colaborar co concello de ORDES no desempeño das súas obrigas e afrontar e intentar resolver, conforme aos principios de boa fe e lealdade, calquera dificultade ou problema que poida xurdir no desenvolvemento da actuación, tendo como único criterio da súa xestión, o logro dos obxectivos que se pretenden alcanzar con esta obra.

SÉTIMA. OBRIGAS DO CONCELLO DE ORDES

Para o cumprimento do obxecto deste convenio, o Concello obrígase a:

7.1. Financiar as actuacións de instalación das redes de abastecemento e saneamento na DP5905: Acceso a Poulo dende a DP 3802 Ordes a Ponte Carreira, nos termos estipulados na cláusula oitava.

7.2. Asumir a realización das xestións pertinentes, ante os organismos que correspondan, para a obtención dos permisos, licencias e autorizacións regulamentarias, correndo cos custos que se xeren, entre os que non haberá liquidación ningunha de tributo municipal, á que puidera dar lugar a execución das obras, ao ser o concello o titular destas; asumindo tamén o pagamento de calquera taxa, canon ou imposto derivado da construción ou explotación das obras de referencia.

No caso de que o proxecto das obras de referencia requira o seu sometemento a trámites de avaliación ambiental, o concello asumirá a condición de órgano promotor e substantivo ante o órgano ambiental competente, realizándose de xeito simultáneo ao trámite de información pública.

7.3. Recibir as obras e, como titular destas, asumir a súa posta en servizo, explotación e



conservación.

7.4. A utilización das instalacións executadas de acordo coa finalidade prevista.

7.5. No ámbito das súas facultades, colaborar coa Deputación Provincial da Coruña no desempeño das súas obrigas e afrontar e intentar resolver, conforme aos principios de boa fe e lealdade, calquera dificultade ou problema que poida xurdir no desenvolvemento da actuación, tendo como único criterio da súa xestión, o logro dos obxectivos que se pretenden alcanzar con esta obra.

OITAVA. RÉXIME DE FINANCIAMENTO

O custo total da actuación de referencia contemplada neste convenio, tendo en conta o orzamento do proxecto así como os dos contratos conexos, ascende a 942.843,40 € (orzamento da obra máis contratos conexos) distribuído do seguinte xeito entre as partes asinantes:

8.1. Mellora da seguridade viaria da estrada Senda Peonil:

A Deputación Provincial da Coruña financiará o 100% do seu orzamento (obra máis contratos conexos) que ascende a 785.869,04 €, con cargo á aplicación orzamentaria 0410/4535/60900, e aboarase conforme ao establecido na cláusula novena do presente convenio.

O orzamento da actuación PROVINCIAL da obra ascende a 772.510,13 €, o que supón o 83,35096% do orzamento total do proxecto, que ascende a 926.816,11 €.

Calquera incremento nesta actuación derivado de modificacións, liquidacións ou por calquera outro concepto, será financiado pola deputación.

8.2. Servizos municipais da rede saneamento e abastecemento:

O Concello de ORDES financiará o 100 % do seu orzamento de execución (obra máis contratos conexos) que ascende a 156.974,36 €, e aboarase conforme ao establecido na cláusula novena do presente convenio.

O orzamento da actuación MUNICIPAL da obra ascende a 154.305,98 €, o que supón o 16,64904% do orzamento total do proxecto, que ascende a 926.816,11 €.

O compromiso do concello reflectirase no código de ingresos da Deputación Provincial da Coruña 361.

Calquera incremento nesta actuación derivado de modificacións, liquidacións ou por calquera outro concepto, será financiado polo Concello de ORDES.

O importe das baixas que se produzan na adxudicación ou execución desta obra **minorará proporcionalmente** a achegas da Deputación e do concello

NOVENA . PAGO

9.1. A Deputación aboará ao contratista adxudicatario das obras o prezo do contrato a medida que se vaian expedindo e aprobando as correspondentes certificacións de obras, **tanto da parte provincial como da parte municipal**, acompañadas das respectivas facturas, conforme ao establecido no prego de cláusulas administrativas particulares.



9.2. A Deputación remitirá ao Concello de ORDES as certificacións das obras **correspondentes obra municipal**, acompañadas das respectivas facturas así como as correspondentes á coordinación da seguridade e saúde e o control de calidade.

O concello comprométese a aboarlle á Deputación, dentro do prazo máximo de 3 meses contados dende o requirimento da Deputación, **o importe total do custo da execución (obra e contratos conexos)**.

9.3. No caso de falta de pagamento, á Deputación queda facultada a que perciba os importes correspondentes mediante compensación ou con cargo ás entregas a conta e liquidacións derivadas da xestión recadatoria exercida pola Deputación, por delegación do concello.

DÉCIMA. ACTA DE RECEPCIÓN E ENTREGA DAS OBRAS

10.1. A Deputación Provincial da Coruña comunicará ao Concello o remate das obras e a súa recepción en conformidade.

10.2. O Concello será convocado ao acto de posta a disposición, que se celebrará seguidamente ao da recepción das obras pola Deputación Provincial, e a entrega documentarase na acta que se emita a tal efecto, asinada polos representantes de ambas administracións.

Se é o caso, a Deputación poderá cursar notificación ao Concello na que se deixe constancia do remate das obras e da súa recepción en conformidade, poñéndoo á súa disposición. A recepción desta notificación equivalerá á entrega das obras e o Concello resultará responsable da súa explotación, conservación e mantemento a partir da dita data.

O anterior será de aplicación igualmente no caso de que se produzan recepcións parciais das obras.

10.3. O concello adquirirá a titularidade das obras da Renovación da Rede de Saneamento e Abastecemento e asumirá a súa explotación, conservación e mantemento, xa que a execución da obra de referencia trae causa, en definitiva, do exercicio dunha competencia de carácter local e da súa vinculación á prestación dun servizo tamén de competencia local, sendo a actividade desenvolvida pola Deputación Provincial da Coruña de cooperación técnica, de acordo co establecido neste convenio.

UNDÉCIMA. TRANSMISIÓN DA TITULARIDADE DA ESTRADA

1º Coa sinatura do presente convenio a Deputación da Coruña transmite gratuitamente a titularidade da estrada provincial DP-5905 o abeiro do artigo 35 da Lei 6/2023, de 2 de Novembro, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, incluído o solo, as construcións e tódolos elementos funcionais (*) que formen parte da citada vía, en favor do Concello de Ordes aceptando este a súa recepción e a formalización da documentación necesaria.

2º A eficacia da transmisión da titularidade descrita no parágrafo anterior queda demorada ao momento no que, unha vez recepcionada a obra, se aprobe por Decreto da Xunta de Galicia o cambio de titularidade que, por aplicación do artigo 9.6 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, será efectiva ao día seguinte da publicación da



citada norma no Diario Oficial de Galicia, sen prexuízo da posterior formalización da correspondente acta de entrega e recepción da estrada.

3º O concello de Ordes a partir da dita publicación asumirá os gastos de mantemento e conservación da estrada

4º A transmisión da titularidade supoñerá a baixa no inventario da Deputación Provincial da Coruña e no Catalogo de Estradas de titularidade Provincial

(*) Artigo 6 da Lei 8/2013 de 28 de xuño de estradas de Galicia

DUODÉCIMA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO.

Constituirase unha comisión de seguimento formada por catro vocais, a razón de dous membros por cada unha das Institucións asinantes do presente convenio, designados polos seus respectivos Presidentes, ao obxecto de coordinar as actuacións derivadas do presente convenio:

- Impulsar e avaliar o cumprimento deste convenio, propoñendo as actuacións que se consideren precisas.
- Interpretar, en caso de dúbida, o contido do convenio.
- Propoñer ás partes a resolución das posibles controversias que puideran xurdir na aplicación do convenio

DÉCIMOTERCEIRA. VIXENCIA DO CONVENIO. PRÓRROGA. MODIFICACIÓN.

13.1. O presente convenio terá vixencia desde a data da súa sinatura ata o remate das obras e formalización da acta de entrega da obra ao Concello de Ordes e **en todo caso ata o 30 de Novembro de 2028.**

13.2. No entanto, este prazo poderá prorrogarse por causas xustificadas e en especial tendo en conta o prazo de execución da obra e as súas posibles prórrogas. Todo iso condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

13.3. Calquera modificación no contido deste convenio, requirirá acordo entre a Deputación da Coruña e o Concello e tramitarase a través dunha addenda ao convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo acordo plenario en sesión ordinaria de data _____

E en proba de conformidade, asinan por duplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.”

12.- Aprobación do texto e da formalización do Convenio de Cooperación entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e o Concello de San Sadurniño polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar a obra de "acondicionamento da nave de servizos do Concello de San Sadurniño".



VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

1º.- Levantar o reparo interposto pola Intervención Provincial na tramitación do expediente de aprobación dun convenio de cooperación entre a Excm. Deputación provincial da Coruña e do Concello de San Sadurniño **polo lo que se instrumenta unha subvención nominativa** para cofinanciar a obra de **“acondicionamento da nave de servizos do Concello de San Sadurniño”**, e instar a que o mesmo siga os trámites oportunos para proceder á súa aprobación e formalización.

2º.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada la existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan as razóns de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 LXS e 65-67 do seu Regulamento.

3º.- Aprobar o texto e a formalización do Convenio de Cooperación entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e o **Concello de San Sadurniño polo que se instrumenta unha subvención nominativa** para cofinanciar a obra de **“acondicionamento da nave de servizos do Concello de San Sadurniño”** cunha achega provincial de **127.000,00 euros** con cargo á **aplicación orzamentaria 0112/93391/76201** o que representa un coeficiente de financiamento do **79,99999 %** respecto dun orzamento de **158.750,02 euros**.

4º.- Condicionar o convenio á autorización de augas de Galicia, á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, no próximo exercicio orzamentario, de acordo coa normativa vixente no momento.

ANEXO

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCELENTÍSIMA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE SAN SADURNIÑO PARA O FINANCIAMENTO DA OBRA DENOMINADA ACONDICIONAMENTO DA NAVE DE SERVICIOS DO CONCELLO DE SAN SADURNIÑO

Na Coruña, a _____

INTERVEÑEN

Dunha parte, a Deputación Provincial da Coruña con NIF P1500000C, representada polo seu Presidente, D. _____ (ou deputado/a no que delegue), (No caso de sinatura electrónica engadirase: identificado mediante o correspondente certificado de firma electrónica) asistido polo Secretario Xeral, D. _____ (ou quen legalmente lle substitúa) representante da Excelentísima Deputación Provincial da Coruña (No caso de sinatura



electrónica engadírase: identificado mediante o correspondente certificado de firma electrónica), en exercicio das funcións reservadas previstas no artigo 3.2 i) do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

E doutra parte, o **Concello de San Sadurniño**, con CIF P1507700A, representado polo seu Alcalde/sa /Presidente D. _____ (ou concelleiro, concelleira ou persoa en quen delegue), segundo se acredita mediante certificación da Secretaría do Concello/ Entidade. (**en adiante ENTIDADE BENEFICIARIA**) (No caso de sinatura electrónica engadírase: identificado mediante o correspondente certificado de firma electrónica)

Interveñen cada un deles, en nome e representación da entidade respectiva e recoñécense mutuamente a capacidade legal necesaria para a sinatura do presente convenio a tal efecto,

ANTECEDENTES

A solicitude da presente subvención foi aprobada por Acordo do Pleno do **Concello de San Sadurniño**, no que se valora o impacto económico do obxecto do convenio nos seguintes termos:

“...Declarar o carácter singular da actuación, sendo especialmente importante xa que permitirá dotar a San Sadurniño dun recurso público de propiedade municipal, que permitirá mellorar a loxística e prestación de determinados servizos municipais de carácter obrigatorio, principalmente a recollida de residuos e voluminosos pero tamén o abastecemento de auga, minimizando o impacto ambiental e paisaxístico que requiren este tipo de servizos (camións, bidóns, ferramentas e instrumentos especializados, etc). A nave será acondicionada para axustarse aos estándares actuais en materia de sustentabilidade, seguridade e normativa ambiental, converténdoa nun espazo funcional e acorde coa contorna ...”

A concesión da subvención foi aprobada por Acordo do Pleno da Deputación celebrado o _____

COMPETENCIAS DAS ADMINISTRACIÓNS ACTUANTES

A ENTIDADE BENEFICIARIA levará a cabo a execución deste proxecto no exercicio da competencia en materia de Patrimonio e Contratación que lle atribúe o artigo 25.2, da Lei 7/85, de 2 de abril, das Bases de Réxime Local, así como os artigos 80 e seguintes da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia nos termos da lexislación sectorial do Estado e/ou da Comunidade Autónoma de Galicia.

Pola súa banda, consonte ao previsto no artigo 31.2 da devandita Lei 7/85 e 101.2 da referida Lei 5/1997, a Deputación, como órgano de goberno e administración da Provincia,



compételle asegurar a prestación integral e axeitada en todo o territorio provincial dos servizos de competencia municipal, así como a cooperación no fomento no desenvolvemento económico e social e a planificación do territorio provincial (art.36.1, letra d).

MANIFESTAN

Que o **ENTIDADE** e a **DEPUTACIÓN** teñen interese coincidente na execución das obras obxecto deste convenio, polo que ambas as dúas

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COOPERACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio de cooperación ten por obxecto establecer as bases de cooperación entre a Deputación da Coruña e o Concello de **San Sadurniño** con CIF P1507700A para o financiamento da obra denominada “**acondicionamento da nave de servizos do Concello de San Sadurniño**”, tal e como aparece definida no proxecto técnico redactado por Don Iago Pedreira Bestilleiro, asinado en xullo 2025.

1.- **A ENTIDADE BENEFICIARIA**, na súa condición de promotor da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, a certificación da súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a súa execución, e achega todas as autorizacións administrativas preceptivas.

Dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

2- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 233 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e a normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa realizada pola persoa redactora de que é unha obra completa ou unha fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada a obra, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** comprométese a destinala ao uso público para o que está prevista a lo menos polo prazo de dez anos.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O orzamento de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

Orzamento Execución Material	110.250,73 euros
Gastos xerais 13,00%	14.332,59 euros
Beneficio Industrial 6,00 %	6.615,04 euros
IVE (21%)	27.551,66 euros
ORZAMENTO DE LICITACIÓN	158.750,02 euros



III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cun **79,99999 %**, que constitúe o “coeficiente de financiamento”. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, está financiado pola ENTIDADE BENEFICIARIA con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto que lle corresponde financiar.

2. Entenderase que a finalidade básica da subvención estará cumprida cando se teña executado e recepcionado completamente a obra, polo importe de adxudicación. O importe da achega será o resultado de aplicación de coeficiente de financiamento sobre o importe adxudicado.

No caso de que se produxeran economías en execución ou diminución de gastos derivados de proxectos modificados, a achega provincial será o resultado da aplicación do coeficiente de financiamento sobre o total certificado e recepcionado.

3. A Deputación Provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras contempladas no proxecto técnico e, polo tanto, non serán subvencionables os gastos derivados de contratos conexos, tales como honorarios de redacción de proxectos ou dirección das obras, tributos reivindicados pola obtención de licenzas, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade ou outros. Tampouco se financiarán os incrementos de gastos derivados de proxectos modificados ou liquidacións da obra.

A Deputación poderá realizar controis **adicionais** de calidade das obras. A **ENTIDADE BENEFICIARIA** deberá facilitar a información e os accesos ás obras que sexan necesarios para a realizar da dita actividade.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación **0112/93391/76201** do orzamento provincial para o ano 2026, na que a Intervención Provincial certificou que existe crédito suficiente e sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito. No caso de que a vixencia deste convenio esténdase a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a **ENTIDADE BENEFICIARIA** obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.



IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de promotor, corresponderalle á ENTIDADE BENEFICIARIA a tramitación do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación para o procedemento aberto cun único criterio, ou múltiples criterios de valoración, garantindo en todo caso, os principios de publicidade, concorrencia, igualdade e non discriminación.

Unicamente procederá a utilización do procedemento negociado sen publicidade nos supostos previstos no artigo 168 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, o que deberá quedar motivado no expediente

Non poderán recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que o ENTIDADE BENEFICIARIA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, por causas non imputables ao Concello e debidamente xustificadas, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación un exemplar do proxecto modificado, con anterioridade á aprobación do mesmo polo órgano competente, achegando co mesmo os informes técnicos e xurídicos emitidos para a súa supervisión polos Servicios Técnicos Provinciais. Posteriormente, achegarase certificación da súa aprobación polo órgano competente.(Cláusulas III.3 e XIV.3)

V.- DIFUSIÓN DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1.Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** estará obrigada a colocar un cartel informativo da obra que sexa visible, polo menos, desde unha distancia de 25 metros, no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o a marca, símbolo ou logotipo da Deputación e o importe da subvención concedida.

2.Rematada a obra, e cando a súa natureza o permita, deberase colocar unha placa nun lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

3.Asemade, a entidade beneficiaria deberá cumprir coas obrigas de información que lle impón a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno, dándolle difusión a este convenio no Portal de Transparencia da súa páxina web ou sede electrónica.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA DA DEPUTACIÓN

1. Ata o 50 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable. A dita achega provincial calcularase aplicando o coeficiente de financiamento sobre o importe de adxudicación da obra. Polo tanto, a Deputación expedirá un primeiro pagamento do 50 % da achega provincial a prol da **ENTIDADE BENEFICIARIA** , unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:



- Xustificación da elección do procedemento de contratación utilizado, de acordo co previsto na cláusula IV.3.
 - Certificación do **acordo ou resolución de adxudicación** do contrato de obras, na que figuren polo menos o seguinte: datos da empresa adxudicataria, importe de adxudicación do contrato e prazo de execución.
 - **Acta de comprobación da implantación**, asinada pola dirección da obra, pola contratista adxudicataria e pola persoa funcionaria técnica designada pola Deputación ou, no seu caso, acreditación da imposibilidade de asistencia de dita persoa técnica provincial.
 - Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das **axudas e outros ingresos afectados** á mesma finalidade ou obxecto desta subvención.
 - **Acreditación da colocación do cartel informativo** ao que se refire a cláusula V.1 mediante remisión dunha fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.
 - Acreditación fotográfica da situación da obra previamente ao seu inicio.
2. Rematada completamente a obra, procederase ao abono do 50 por cento ou resto da achega provincial, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:
- **Certificacións** de execución da obra cos datos a orixe, coa certificación da súa aprobación polo órgano competente, xunto co recoñecemento da obriga.
 - Informes de control de calidade da obra realizados por un técnico competente, de ser o caso.
 - **Acta de recepción da obra.** A dito acto deberá acudir unha persoa técnica designada pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente acta. No caso de imposibilidade de asistencia da persoa técnica provincial, deberá acreditarse ter realizado a solicitude e a contestación da Deputación.
 - Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade dos **ingresos** de natureza pública ou privada obtidos para a mesmo proxecto, con indicación do seu importe e procedencia ou, pola contra, manifestación de que non se obtiveron outros ingresos para o mesmo proxecto.
 - Presentación de **fotografías**, dilixenciadas pola dirección da obra, acreditativas do **cumprimento das obrigas de difusión** previstas na cláusula V: cartel da obra e, no seu caso, colocación da placa e portal de transparencia da súa páxina web ou sede electrónica.
 - Presentación de fotografías da obra realizada, dilixenciadas polo técnico-director.
 - Certificación do acordo da incorporación do ben ao **inventario de bens** do **ENTIDADE BENEFICIARIA**, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de dez anos.
 - Cando o ben sexa susceptible de inscrición no Rexistro da Propiedade, debe constar a adscrición ao uso e servizo público por un prazo de dez anos.



- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable.

3. Previamente a realización de calquera dos pagos anteditos, e de acordo co previsto na cláusula VIII, a Deputación comprobará de oficio se o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e coa Deputación.

4.-Cando o gasto xustificado sexa inferior ao 50% da subvención provincial, e polo tano, a finalidade básica da subvención non se considere cumprida nos termos da cláusula III.2, o anticipo concedido non xustificado deberá reintegrarse xunto cos correspondentes intereses de demora.

5. **No caso de resolución de contrato** por causas debidamente xustificadas, non imputables ao Concello, poderá efectuarse o pago correspondente á aplicación do coeficiente de financiamento sobre o total certificado e pagado ao contratista .A tal efecto, deberán de aportarse as transferencias bancarias a favor do contratista. A estes efectos, o importe non aboado se considerará economía.

VII.- TERMO PARA A FINALIZACIÓN DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula I, deberán estar finalizadas e presentada a documentación xustificativa indicada na cláusula VI no prazo indicado na cláusula XIV.

2. No caso de non ter presentada a documentación xustificativa , ou a solicitude de prórroga dentro do prazo de vixencia do convenio, **implicará a perda da subvención e** demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable respecto diso, tal e como se indica na cláusula XIV.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1.A **ENTIDADE BENEFICIARIA** deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, coa Seguridade Social e con esta Deputación .

2.A tal efecto, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** presentará as certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

3.Poderá omitirse a presentación desta documentación sempre que autorice expresamente á Deputación a realizar as consultas tributarias e non se opoña á consulta de datos da Seguridade Social . Neste caso, a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por esta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1.Consonte ao previsto nas Regras 25 e seguintes da Instrución de contabilidade para a administración local (Orde HAP 1781/2013, de 20 de setembro, Modelo normal), a



ENTIDADE BENEFICIARIA deberá codificar este proxecto de gasto, co fin de facerlle un seguimento contábel específico, de xeito de que quede rexistrada unha pista de auditoría fiábel pola que se poida verificar a afectación e aplicación efectiva dos fondos recibidos á execución do proxecto financiado.

2.A **ENTIDADE BENEFICIARIA** destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

3.O concello deberá acreditar ter aboado aos terceiros o importe dos gastos xustificadas, no prazo máximo **dun mes** dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento. Esta obriga será comprobada pola Deputación e, no seu caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que teña que presentar documentación adicional algunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.

4.Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, cheque nominativo, cargo, ingreso en conta ou calquera outra modalidade de pagamento bancario, sempre que en todo caso quede identificada a persoa ordenante e a persoa preceptora.

5.No caso de que o ben subvencionado tivera como finalidade a posta en funcionamento dalgún servizo ou actividade, a ENTIDADE BENEFICIARIA, deberá acreditar nun prazo máximo de cinco meses dende a percepción da totalidade da subvención, de que o servizo ou actividade están funcionamento, ou, no seu caso, presentar un programa de posta en funcionamento. Esta circunstancia poderá ser verificada a través da inclusión da subvención no Plan de Control Financeiro da Intervención provincial.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1.Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, A **ENTIDADE BENEFICIARIA** poderá ser seleccionado pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación e a lexislación citada anteriormente.

2.Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, A **ENTIDADE BENEFICIARIA** queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1.O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá comportar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos,



así como ao pago dos xuros de demora que se perciban desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, de 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación Provincial da Coruña.

3.Nos supostos de demora na realización das obras ou na presentación da xustificación, estarase ao disposto na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación Provincial da Coruña.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1.No cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da **ENTIDADE BENEFICIARIA** serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, de 13 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2.Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e no artigo 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno, a concesión da subvención ao **A ENTIDADE BENEFICIARIA** será publicada no portal de transparencia da sede electrónica da Deputación da Coruña.

3.Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende da Secretaría Provincial, xestionado polo Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

1.Para realizar o seguimento deste convenio e as incidencias que poidan xurdir do mesmo, queda constituída unha comisión integrada pola persoa titular da Presidencia da Deputación ou membro da Corporación no que delegue e a persoa titular da Alcaldía do **Concello de San Sadurniño** ou membro da Corporación en quen delegue. Actuarán como asesores de dita comisión as persoas titulares da Secretaría xeral e do órgano interventor da Deputación e da ENTIDADE BENEFICIARIA, ou persoas funcionarias en quen deleguen.

2.En todo caso, será preceptivo o ditame previo desta Comisión para os acordos de interpretación do presente convenio.



XIV.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.O presente convenio de cooperación terá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o **31/10/2027**, o que representa un período de vixencia de _____ meses. No caso de que a vixencia deste convenio se estenda a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

2.O dito prazo será improrrogable, salvo que **A ENTIDADE BENEFICIARIA** non poida ter finalizadas as obras e presentada a xustificación antes do prazo establecido na cláusula VII. Nese caso, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo Director da obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do importe pendente de xustificar.

3.A estes efectos, **a ENTIDADE BENEFICIARIA na solicitude deberá indicar as causas da demora na execución das obras, acreditar que as ditas causas non son imputables á ENTIDADE BENEFICIARIA, e xustificar** que implican a necesidade de prorrogar o presente convenio; **indicando o prazo imprescindible para a finalización das mesmas.**

De considerarse xustificadas os motivos aducidos, previos os informes preceptivos, a prórroga do prazo de vixencia do convenio aprobarase **por Resolución da Presidencia**, polo **prazo imprescindible para a finalización das obras.**

O dito prazo será máximo e, polo tanto, **non será susceptible dunha nova prórroga, nin de modificación**, polo que, a non presentación da xustificación no dito período, **implicará que** o convenio quedará definitivamente extinguido e comportará a perda do dereito á cobranza da subvención e, sen máis notificación, implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de demora.

4.En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida de forma excepcional e nominativamente por acordos plenarios das respectivas administracións.

A modificación do proxecto de obras non implicará un incremento da achega provincial senón que, no seu caso, o exceso de financiamento deberá ser soportado pola ENTIDADE BENEFICIARIA. No caso de que a modificación implique unha minoración do importe do proxecto, a mesma se imputará proporcionalmente as entidades asinantes en función de do coeficiente de financiamento contemplado na cláusula III.

5.No caso de que o **ENTIDADE BENEFICIARIA** tramite e aprobe algunha **modificación do proxecto** inicialmente aprobado, por causas non imputables ao Concello e debidamente xustificadas, así como do contrato adxudicado, deberá **remitir á Deputación un exemplar do proxecto modificado, con anterioridade á aprobación** do mesmo polo órgano competente, achegando co mesmo os informes técnicos e xurídicos emitidos para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, achegarase certificación da súa aprobación polo órgano competente. (Cláusulas III.3 e XIV.4)



6.No caso de que a modificación implique unha minoración ou incremento do importe adxudicado, deberá tomar coñecemento o Pleno da Corporación Provincial e formalizarse en documento administrativo.

De manterse igual o importe, tomarase coñecemento mediante Resolución da Presidencia. En todo caso, non se formalizará a modificación, uníndose o acordo plenario ou resolución ao expediente para a súa constancia.

XV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1.O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e na Ordenanza xeral de Subvencións e Transferencias da Deputación. Supletoriamente aplicárase a lexislación de contratos do sector público.

2.Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

E para que así conste e en proba de conformidade por ambas partes, asínase (No caso de sinatura electrónica engadirase: electronicamente) o presente convenio, dando fe de todo elo o Secretario xeral (*ou quen legalmente lle substitúa*)."

13.- Aprobación do texto e da formalización do Convenio de Cooperación entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Neda polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras "da pasarela e senda peonil de madeira sobre o río Belelle. Tramo río Belelle - Praia de A Magdalena".

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º.- Levantar o reparo interposto pola Intervención Provincial na tramitación do expediente de aprobación dun convenio de cooperación entre a Excm. Deputación provincial da Coruña e do Concello de Neda **polo lo que se instrumenta unha subvención nominativa** para cofinanciar **as obras "da pasarela e senda peonil de madeira sobre o río Belelle. Tramo río Belelle - Praia de A Magdalena"**, e instar a que o mesmo siga os trámites oportunos para proceder á súa aprobación e formalización.



2º.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrência, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada la existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan as razóns de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 LXS e 65-67 do seu Regulamento.

3º.- Aprobar o texto e a formalización do Convenio de Cooperación entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e o **Concello de Neda polo que se instrumenta unha subvención nominativa** para cofinanciar as obras **“da pasarela e senda peonil de madeira sobre o río Belelle. Tramo río Belelle - Praia de A Magdalena”**, cunha achega provincial de **159.967,26 euros** con cargo á **aplicación orzamentaria 0112/4541/76201** o que representa un coeficiente de financiamento do **80,00 %** respecto dun orzamento de **199.959,07 euros**.

4º.- Condicionar o convenio á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, no próximo exercicio orzamentario, de acordo coa normativa vixente no momento.

ANEXO

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCELENTÍSIMA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE NEDA PARA O FINANCIAMENTO DA OBRA DENOMINADA “PASARELA E SENDA PEONIL DE MADEIRA SOBRE O RÍO BELELLE. TRAMO RÍO BELELLE-PRAIAS DE A MAGDALENA”

Na Coruña, a _____

INTERVEÑEN

Dunha parte, a Deputación Provincial da Coruña con NIF P1500000C, representada polo seu Presidente, D. _____ (ou deputado/a no que delegue), (No caso de sinatura electrónica engadirase: identificado mediante o correspondente certificado de firma electrónica) asistido polo Secretario Xeral, D. _____ (ou quen legalmente lle substitúa) representante da Excelentísima Deputación Provincial da Coruña (No caso de sinatura electrónica engadirase: identificado mediante o correspondente certificado de firma electrónica), en exercicio das funcións reservadas previstas no artigo 3.2 i) do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

E doutra parte, o **Concello de Neda**, con NIF P1505600E, representado polo seu Alcalde/sa /Presidente D. _____ (ou concelleiro, concelleira ou persoa en quen delegue), segundo se acredita mediante certificación da Secretaría do Concello/ Entidade. (**en adiante ENTIDADE BENEFICIARIA**) (No caso de sinatura electrónica engadirase: identificado mediante o correspondente certificado de firma electrónica)

Interveñen cada un deles, en nome e representación da entidade respectiva e recoñécense mutuamente a capacidade legal necesaria para a sinatura do presente



convenio a tal efecto,

ANTECEDENTES

A solicitude da presente subvención foi aprobada por Acordo do Pleno do **Concello de Neda** no que se valora o impacto económico do obxecto do convenio nos seguintes termos:

“...en data 15 de xaneiro de 2015 finalizan as obras de construción da pasarela e senda peonil de madeira sobre o río Belelle. Tramo río Belelle - Praia de A Magdalena.

Con data de 21 de maio de 2024 a estrutura de madeira da pasarela colapsou, obrigando aos peóns que queiran realizar o percorrido entre o paseo marítimo e o centro urbano, a desviarse cara a igrexa de Santa María.

Este Concello vese na obriga de construír unha nova pasarela, ao tempo que estima convinte realizar unha revisión do resto do trazado da pasarela e paseo executado sobre pilotes de madeira fincados na xunqueira da zona, en previsión da existencia de danos precursores de situacións como a acontecida.

Trátase dun proxecto de interese público, económico e social, pois diríxese a toda a poboación do municipio e á grande cantidade de turistas que o visitan, tendo en conta que se atopa no Camiño Inglés a Santiago de Compostela, deste xeito se permitiría cruzar sobre o Río Belelle, seguindo o paseo marítimo, como acontecía antes do colapso da anterior pasarela, sen ter que abandonalo para realizar grandes rodeos. ...”

A concesión da subvención foi aprobada por Acordo do Pleno da Deputación celebrado o

COMPETENCIAS DAS ADMINISTRACIÓNS ACTUANTES

A ENTIDADE BENEFICIARIA levará a cabo a execución deste proxecto no exercicio da competencia en materia de Patrimonio e Contratación que lle atribúe o artigo 25.2, da Lei 7/85, de 2 de abril, das Bases de Réxime Local, así como os artigos 80 e seguintes da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia nos termos da lexislación sectorial do Estado e/ou da Comunidade Autónoma de Galicia.

Pola súa banda, consonte ao previsto no artigo 31.2 da devandita Lei 7/85 e 101.2 da referida Lei 5/1997, a Deputación, como órgano de goberno e administración da Provincia, compételle asegurar a prestación integral e axeitada en todo o territorio provincial dos servizos de competencia municipal, así como a cooperación no fomento no desenvolvemento económico e social e a planificación do territorio provincial (art.36.1, letra d).



MANIFESTAN

Que o **ENTIDADE** e a **DEPUTACIÓN** teñen interese coincidente na execución das obras obxecto deste convenio, polo que ambas as dúas

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COOPERACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio de cooperación ten por obxecto establecer as bases de cooperación entre a Deputación da Coruña e o Concello de **Neda** con CIF **P1505600E**, para o financiamento da obra denominada “**Pasarela e senda peonil de madeira sobre o río Belelle. Tramo río Belelle - Praia de A Magdalena**” tal e como aparece definida no proxecto técnico redactado por Don Óscar Sanmartín Abad en Abril 2025.

1.- **A ENTIDADE BENEFICIARIA**, na súa condición de promotor da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, a certificación da súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a súa execución, e achega todas as autorizacións administrativas preceptivas.

Dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

2- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 233 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e a normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa realizada pola persoa redactora de que é unha obra completa ou unha fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada a obra, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** comprométese a destinala ao uso público para o que está prevista a lo menos polo prazo de dez anos.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O orzamento de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

Orzamento Execución Material	138.870,11 euros
Gastos xerais 13,00%	18.053,11 euros
Beneficio Industrial 6,00 %	8.332,21 euros
IVE (21%)	34.703,64 euros
ORZAMENTO DE LICITACIÓN	199.959,07 euros

**RPT-6654235



III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **159.967,26 euros** o que representa unha porcentaxe de **80,00 %**, que constitúe o “coeficiente de financiamento”. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, está financiado pola ENTIDADE BENEFICIARIA con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto que lle corresponde financiar.

2. Entenderase que a finalidade básica da subvención estará cumprida cando se teña executado e recepcionado completamente a obra, polo importe de adxudicación. O importe da achega será o resultado de aplicación de coeficiente de financiamento sobre o importe adxudicado.

No caso de que se produxeran economías en execución ou diminución de gastos derivados de proxectos modificados, a achega provincial será o resultado da aplicación do coeficiente de financiamento sobre o total certificado e recepcionado.

3. A Deputación Provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras contempladas no proxecto técnico e, polo tanto, non serán subvencionables os gastos derivados de contratos conexos, tales como honorarios de redacción de proxectos ou dirección das obras, tributos reivindicados pola obtención de licenzas, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade ou outros. Tampouco se financiarán os incrementos de gastos derivados de proxectos modificados ou liquidacións da obra.

A Deputación poderá realizar controis **adicionais** de calidade das obras. A **ENTIDADE BENEFICIARIA** deberá facilitar a información e os accesos ás obras que sexan necesarios para a realizar da dita actividade.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación **0112/4541/76201** do orzamento provincial para o ano 2026, na que a Intervención Provincial certificou que existe crédito suficiente e sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito. No caso de que a vixencia deste convenio esténdase a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a **ENTIDADE BENEFICIARIA** obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.



IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de promotor, corresponderalle á ENTIDADE BENEFICIARIA a tramitación do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación para o procedemento aberto cun único criterio, ou múltiples criterios de valoración, garantindo en todo caso, os principios de publicidade, concorrência, igualdade e non discriminación.

Unicamente procederá a utilización do procedemento negociado sen publicidade nos supostos previstos no artigo 168 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, o que deberá quedar motivado no expediente

Non poderán recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que o **ENTIDADE BENEFICIARIA** tramite e aprobe algunha **modificación do proxecto** inicialmente aprobado, por causas non imputables ao Concello e debidamente xustificadas, así como do contrato adxudicado, deberá **remitir á Deputación un exemplar do proxecto modificado, con anterioridade á aprobación** do mesmo polo órgano competente, achegando co mesmo os informes técnicos e xurídicos emitidos para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, achegarase certificación da súa aprobación polo órgano competente. (Cláusulas III.3 e XIV.3)

V.- DIFUSIÓN DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1.Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** estará obrigada a colocar un cartel informativo da obra que sexa visible, polo menos, desde unha distancia de 25 metros, no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o a marca, símbolo ou logotipo da Deputación e o importe da subvención concedida.

2.Rematada a obra, e cando a súa natureza o permita, deberase colocar unha placa nun lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

3.Asemade, a entidade beneficiaria deberá cumprir coas obrigas de información que lle impón a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno, dándolle difusión a este convenio no Portal de Transparencia da súa páxina web ou sede electrónica.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA DA DEPUTACIÓN

1. Ata o 50 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable. A dita achega provincial calcularase aplicando o coeficiente de financiamento sobre o importe de adxudicación da obra. Polo tanto, a Deputación expedirá un primeiro pagamento do 50



% da achega provincial a prol da **ENTIDADE BENEFICIARIA**, unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- Xustificación da elección do procedemento de contratación utilizado, de acordo co previsto na cláusula IV.3.
 - Certificación do **acordo ou resolución de adxudicación** do contrato de obras, na que figuren polo menos o seguinte: datos da empresa adxudicataria, importe de adxudicación do contrato e prazo de execución.
 - **Acta de comprobación da implantación**, asinada pola dirección da obra, pola contratista adxudicataria e pola persoa funcionaria técnica designada pola Deputación ou, no seu caso, acreditación da imposibilidade de asistencia de dita persoa técnica provincial.
 - Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das **axudas e outros ingresos afectados** á mesma finalidade ou obxecto desta subvención.
 - **Acreditación da colocación do cartel informativo** ao que se refire a cláusula V.1 mediante remisión dunha fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.
 - Acreditación fotográfica da situación da obra previamente ao seu inicio.
2. Rematada completamente a obra, procederase ao abono do 50 por cento ou resto da achega provincial, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:
- **Certificacións** de execución da obra cos datos a orixe, coa certificación da súa aprobación polo órgano competente, xunto co recoñecemento da obriga.
 - Informes de control de calidade da obra realizados por un técnico competente, de ser o caso.
 - **Acta de recepción da obra**. A dito acto deberá acudir unha persoa técnica designada pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente acta. No caso de imposibilidade de asistencia da persoa técnica provincial, deberá acreditarse ter realizado a solicitude e a contestación da Deputación.
 - Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade dos **ingresos** de natureza pública ou privada obtidos para a mesmo proxecto, con indicación do seu importe e procedencia ou, pola contra, manifestación de que non se obtiveron outros ingresos para o mesmo proxecto.
 - Presentación de **fotografías**, dilixenciadas pola dirección da obra, acreditativas do **cumprimento das obrigas de difusión** previstas na cláusula V: cartel da obra e, no seu caso, colocación da placa e portal de transparencia da súa páxina web ou sede electrónica.
 - Presentación de fotografías da obra realizada, dilixenciadas polo técnico-director.
 - Certificación do acordo da incorporación do ben ao **inventario de bens** do **ENTIDADE BENEFICIARIA**, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de dez anos.



- Cando o ben sexa susceptible de inscrición no Rexistro da Propiedade, debe constar a adscrición ao uso e servizo público por un prazo de dez anos.
- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable.

3. Previamente a realización de calquera dos pagos anteditos, e de acordo co previsto na cláusula VIII, a Deputación comprobará de oficio se o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e coa Deputación.

4.-Cando o gasto xustificado sexa inferior ao 50% da subvención provincial, e polo tano, a finalidade básica da subvención non se considere cumprida nos termos da cláusula III.2, o anticipo concedido non xustificado deberá reintegrarse xunto cos correspondentes intereses de demora.

5. **No caso de resolución de contrato** por causas debidamente xustificadas, non imputables ao Concello, poderá efectuarse o pago correspondente á aplicación do coeficiente de financiamento sobre o total certificado e pagado ao contratista .A tal efecto, deberán de aportarse as transferencias bancarias a favor do contratista. A estes efectos, o importe non aboado se considerará economía.

VII.- TERMO PARA A FINALIZACIÓN DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula I, deberán estar finalizadas e presentada a documentación xustificativa indicada na cláusula VI no prazo indicado na cláusula XIV.

2. No caso de non ter presentada a documentación xustificativa , ou a solicitude de prórroga dentro do prazo de vixencia do convenio, **implicará a perda da subvención** e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable respecto diso, tal e como se indica na cláusula XIV.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1.A **ENTIDADE BENEFICIARIA** deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, coa Seguridade Social e con esta Deputación .

2.A tal efecto, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** presentará as certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

3.Poderá omitirse a presentación desta documentación sempre que autorice expresamente á Deputación a realizar as consultas tributarias e non se opoña á consulta de datos da Seguridade Social . Neste caso, a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por esta.



IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1.Consonte ao previsto nas Regras 25 e seguintes da Instrución de contabilidade para a administración local (Orde HAP 1781/2013, de 20 de setembro, Modelo normal), a ENTIDADE BENEFICIARIA deberá codificar este proxecto de gasto, co fin de facerlle un seguimento contábel específico, de xeito de que quede rexistrada unha pista de auditoría fiable pola que se poida verificar a afectación e aplicación efectiva dos fondos recibidos á execución do proxecto financiado.

2.A **ENTIDADE BENEFICIARIA** destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

3.O concello deberá acreditar ter aboado aos terceiros o importe dos gastos xustificadas, no prazo máximo **dun mes** dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento. Esta obriga será comprobada pola Deputación e, no seu caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que teña que presentar documentación adicional algunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.

4.Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, cheque nominativo, cargo, ingreso en conta ou calquera outra modalidade de pagamento bancario, sempre que en todo caso quede identificada a persoa ordenante e a persoa preceptora.

5.No caso de que o ben subvencionado tivera como finalidade a posta en funcionamento dalgún servizo ou actividade, a ENTIDADE BENEFICIARIA, deberá acreditar nun prazo máximo de cinco meses dende a percepción da totalidade da subvención, de que o servizo ou actividade están funcionamento, ou, no seu caso, presentar un programa de posta en funcionamento. Esta circunstancia poderá ser verificada a través da inclusión da subvención no Plan de Control Financeiro da Intervención provincial.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1.Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, A **ENTIDADE BENEFICIARIA** poderá ser seleccionado pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación e a lexislación citada anteriormente.

2.Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.



XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓN E SANCIÓN.

1.O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá comportar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, de 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación Provincial da Coruña.

3.Nos supostos de demora na realización das obras ou na presentación da xustificación, estarase ao disposto na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación Provincial da Coruña.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1.No cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da **ENTIDADE BENEFICIARIA** serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, de 13 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2.Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e no artigo 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno, a concesión da subvención ao A **ENTIDADE BENEFICIARIA** será publicada no portal de transparencia da sede electrónica da Deputación da Coruña.

3.Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende da Secretaría Provincial, xestionado polo Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

1.Para realizar o seguimento deste convenio e as incidencias que poidan xurdir do mesmo, queda constituída unha comisión integrada pola persoa titular da Presidencia da Deputación ou membro da Corporación no que delegue e a persoa titular da Alcaldía do **Concello de Neda**, ou membro da Corporación en quen delegue. Actuarán como asesores de dita comisión as persoas titulares da Secretaría xeral e do órgano interventor da Deputación e da ENTIDADE BENEFICIARIA, ou persoas funcionarias en quen deleguen.



2.En todo caso, será preceptivo o ditame previo desta Comisión para os acordos de interpretación do presente convenio.

XIV.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.O presente convenio de cooperación terá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o **31/10/2027**, o que representa un período de vixencia de _____ meses. No caso de que a vixencia deste convenio se estenda a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

2.O dito prazo será improrrogable, salvo que **A ENTIDADE BENEFICIARIA** non poida ter finalizadas as obras e presentada a xustificación antes do prazo establecido na cláusula VII. Nese caso, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo Director da obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do importe pendente de xustificar.

3.A estes efectos, **a ENTIDADE BENEFICIARIA na solicitude deberá indicar as causas da demora na execución das obras, acreditar que as ditas causas non son imputables á ENTIDADE BENEFICIARIA, e xustificar** que implican a necesidade de prorrogar o presente convenio; **indicando o prazo imprescindible para a finalización das mesmas.**

De considerarse xustificadas os motivos aducidos, previos os informes preceptivos, a prórroga do prazo de vixencia do convenio aprobarase **por Resolución da Presidencia**, polo **prazo imprescindible para a finalización das obras.**

O dito prazo será máximo e, polo tanto, **non será susceptible dunha nova prórroga, nin de modificación**, polo que, a non presentación da xustificación no dito período, **implicará que** o convenio quedará definitivamente extinguido e comportará a perda do dereito á cobranza da subvención e, sen máis notificación, implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido mais os correspondentes xuros de demora.

4.En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida de forma excepcional e nominativamente por acordos plenarios das respectivas administracións.

A modificación do proxecto de obras non implicará un incremento da achega provincial senón que, no seu caso, o exceso de financiamento deberá ser soportado pola ENTIDADE BENEFICIARIA. No caso de que a modificación implique unha minoración do importe do proxecto, a mesma se imputará proporcionalmente as entidades asinantes en función de do coeficiente de financiamento contemplado na cláusula III.

5.No caso de que o **ENTIDADE BENEFICIARIA** tramite e aprobe algunha **modificación do proxecto** inicialmente aprobado, por causas non imputables ao Concello e debidamente xustificadas, así como do contrato adxudicado, deberá **remitir á Deputación un exemplar do proxecto modificado, con anterioridade á aprobación** do mesmo polo órgano competente, achegando co mesmo os informes técnicos e



xurídicos emitidos para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, achegarase certificación da súa aprobación polo órgano competente. (Cláusulas III.3 e XIV.4)

6.No caso de que a modificación implique unha minoración ou incremento do importe adxudicado, deberá tomar coñecemento o Pleno da Corporación Provincial e formalizarse en documento administrativo.

De manterse igual o importe, tomarase coñecemento mediante Resolución da Presidencia. En todo caso, non se formalizará a modificación, uníndose o acordo plenario ou resolución ao expediente para a súa constancia.

XV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1.O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e na Ordenanza xeral de Subvencións e Transferencias da Deputación. Supletoriamente aplicárase a lexislación de contratos do sector público.

2.Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

E para que así conste e en proba de conformidade por ambas partes, asínase (No caso de sinatura electrónica engadírase: electronicamente) o presente convenio, dando fe de todo elo o Secretario xeral (*ou quen legalmente lle substitúa*)."

14.- Aprobación do texto e a formalización do Convenio de Cooperación entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Miño polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras da instalación da cuberta da pista polideportiva en Vilanova-Perbes

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1º.- Levantar o reparo interposto pola Intervención Provincial na tramitación do expediente de aprobación dun convenio de cooperación entre a Excma. Deputación provincial da Coruña e do Concello de Miño **polo lo que se instrumenta unha subvención nominativa** para cofinanciar as **obras da instalación da cuberta da pista polideportiva en Vilanova-Perbes**, e instar a que o mesmo siga os trámites oportunos para proceder á súa aprobación e formalización.



2º.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrência, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan as razóns de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 LXS e 65-67 do seu Regulamento.

3º.- Aprobar o texto e a formalización do Convenio de Cooperación entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e o **Concello de Miño polo que se instrumenta unha subvención nominativa** para cofinanciar as **obras da instalación da cuberta da pista polideportiva en Vilanova-Perbes**, cunha achega provincial de **345.809,55 euros** con cargo á **aplicación orzamentaria 0112/3420/76201** o que representa un coeficiente de financiamento do **100,00 %** respecto dun orzamento de **345.809,55 euros**.

4º.- Condicionar o convenio á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, no próximo exercicio orzamentario, de acordo coa normativa vixente no momento.

ANEXO

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCELENTÍSIMA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE MIÑO POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DAS OBRAS DA INSTALACIÓN DA CUBERTA DA PISTA POLIDEPORTIVA EN VILANOVA-PERBES.

Na Coruña, a _____

INTERVEÑEN

Dunha parte, a Deputación Provincial da Coruña con NIF P1500000C , representada polo seu Presidente, D. _____ (ou deputado/a no que delegue), (No caso de sinatura electrónica engadirase: identificado mediante o correspondente certificado de firma electrónica) asistido polo Secretario Xeral, D. _____ (ou quen legalmente lle substitúa) representante da Excelentísima Deputación Provincial da Coruña (No caso de sinatura electrónica engadirase: identificado mediante o correspondente certificado de firma electrónica), en exercicio das funcións reservadas previstas no artigo 3.2 i) do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

E doutra parte, o **Concello de Miño**, con CIF P1504900J, representado polo seu Alcalde/sa /Presidente D. _____ (ou concelleiro, concelleira ou persoa en quen delegue), segundo se acredita mediante certificación da Secretaría do Concello/ Entidade. (**en adiante ENTIDADE BENEFICIARIA**) (No caso de sinatura electrónica engadirase: identificado mediante o correspondente certificado de firma electrónica)

Interveñen cada un deles, en nome e representación da entidade respectiva e recoñécense mutuamente a capacidade legal necesaria para a sinatura do presente convenio a tal efecto,



ANTECEDENTES

A solicitude da presente subvención foi aprobada por Acordo do Pleno do **Concello de Miño**, no que se valora o impacto económico do obxecto do convenio nos seguintes termos:

“... Declarar que as razóns de interese público de carácter cultural, deportivo, social, económico ou humanitario, polas que a Deputación provincial, no fomento dos intereses peculiares da provincia, debe contribuír economicamente no desenvolvemento do proxecto son as que se indican a continuación: a construción dunha cuberta sobre a pista polideportiva situada en San Xoán de Vilanova, o carón da Asociación de Veciños Xarío no Concello de Miño é unha actuación de gran interese social, que demandan os veciños das parroquias de Perbes, San Xoán de Vilanova e a Entidade singular Costa Miño. Esta actuación permitirá a promoción de actividades no exterior de carácter deportivo, cultural e de lecer ó longo de todo o ano, protexendo as mesmas do sol e da auga. ...”

Esta problemática está a supoñer un grave risco de caídas (algo do que se queixan numerosos veciños/as) polos continuos tropezos con estes desniveis. Tamén provocan continuas vibracións ás persoas que pasean as súas crianzas en carriños ou cadeiras ou que pasean en bicicleta. A definida no parágrafo anterior é unha patoloxía xeral na senda marítima...”

A concesión da subvención foi aprobada por Acordo do Pleno da Deputación celebrado o

COMPETENCIAS DAS ADMINISTRACIÓNS ACTUANTES

A ENTIDADE BENEFICIARIA levará a cabo a execución deste proxecto no exercicio da competencia en materia de Patrimonio e Contratación que lle atribúe o artigo 25.2, da Lei 7/85, de 2 de abril, das Bases de Réxime Local, así como os artigos 80 e seguintes da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia nos termos da lexislación sectorial do Estado e/ou da Comunidade Autónoma de Galicia.

Pola súa banda, consonte ao previsto no artigo 31.2 da devandita Lei 7/85 e 101.2 da referida Lei 5/1997, a Deputación, como órgano de goberno e administración da Provincia, compételle asegurar a prestación integral e axeitada en todo o territorio provincial dos servizos de competencia municipal, así como a cooperación no fomento no desenvolvemento económico e social e a planificación do territorio provincial (art.36.1, letra d).

MANIFESTAN

Que o **ENTIDADE** e a **DEPUTACIÓN** teñen interese coincidente na execución das obras obxecto deste convenio, polo que ambas as dúas

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COOPERACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:



I.- OBXECTO

O presente convenio de cooperación ten por obxecto establecer as bases de cooperación entre a Deputación da Coruña e o Concello de **Miño** con CIF P1504900J para o financiamento da obra denominada **instalación da cuberta da pista polideportiva en Vilanova-Perbes**, tal e como aparece definida no proxecto técnico redactado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos, Pablo Couto López, asinado en Abril 2025.

1.- **A ENTIDADE BENEFICIARIA**, na súa condición de promotor da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, a certificación da súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a súa execución, e achega todas as autorizacións administrativas preceptivas.

Dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

2- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 233 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e a normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa realizada pola persoa redactora de que é unha obra completa ou unha fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada a obra, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** comprométese a destinala ao uso público para o que está prevista a lo menos polo prazo de dez anos.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O orzamento de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

Orzamento Execución Material	240.162,20 euros
Gastos xerais 13,00%	31.221,09 euros
Beneficio Industrial 6,00 %	14.409,73 euros
IVE (21%)	60.016,53 euros
ORZAMENTO DE LICITACIÓN	345.809,55 euros

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **345.809,55 euros** o que representa unha porcentaxe de **100,00%**, que constitúe o “coeficiente de financiamento”. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, está financiado pola ENTIDADE BENEFICIARIA con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto que lle corresponde financiar.

2. Entenderase que a finalidade básica da subvención estará cumprida cando se teña executado e recepcionado completamente a obra, polo importe de adxudicación. O

**RPT-6654235



importe da achega será o resultado de aplicación de coeficiente de financiamento sobre o importe adxudicado.

No caso de que se produxeran economías en execución ou diminución de gastos derivados de proxectos modificados, a achega provincial será o resultado da aplicación do coeficiente de financiamento sobre o total certificado e recepcionado.

3. A Deputación Provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras contempladas no proxecto técnico e, polo tanto, non serán subvencionables os gastos derivados de contratos conexos, tales como honorarios de redacción de proxectos ou dirección das obras, tributos reivindicados pola obtención de licenzas, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade ou outros. Tampouco se financiarán os incrementos de gastos derivados de proxectos modificados ou liquidacións da obra.

A Deputación poderá realizar controis **adicionais** de calidade das obras. A **ENTIDADE BENEFICIARIA** deberá facilitar a información e os accesos ás obras que sexan necesarios para a realizar da dita actividade.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación **0112/3420/76201** do orzamento provincial para o ano 2026, na que a Intervención Provincial certificou que existe crédito suficiente e sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito. No caso de que a vixencia deste convenio esténdase a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a **ENTIDADE BENEFICIARIA** obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de promotor, corresponderalle á ENTIDADE BENEFICIARIA a tramitación do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación para o procedemento aberto cun único criterio, ou múltiples criterios de valoración, garantindo en todo caso, os principios de publicidade, concorrencia, igualdade e non discriminación.

Unicamente procederá a utilización do procedemento negociado sen publicidade nos supostos previstos no artigo 168 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector



público, o que deberá quedar motivado no expediente

Non poderán recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que o ENTIDADE BENEFICIARIA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, por causas non imputables ao Concello e debidamente xustificadas, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación un exemplar do proxecto modificado, con anterioridade á aprobación do mesmo polo órgano competente, achegando co mesmo os informes técnicos e xurídicos emitidos para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, achegarase certificación da súa aprobación polo órgano competente.(Cláusulas III.3 e XIV.3)

V.- DIFUSIÓN DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1.Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** estará obrigada a colocar un cartel informativo da obra que sexa visible, polo menos, desde unha distancia de 25 metros, no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o a marca, símbolo ou logotipo da Deputación e o importe da subvención concedida.

2.Rematada a obra, e cando a súa natureza o permita, deberase colocar unha placa nun lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

3.Asemade, a entidade beneficiaria deberá cumprir coas obrigas de información que lle impón a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno, dándolle difusión a este convenio no Portal de Transparencia da súa páxina web ou sede electrónica.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA DA DEPUTACIÓN

1. Ata o 50 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable. A dita achega provincial calcularase aplicando o coeficiente de financiamento sobre o importe de adxudicación da obra. Polo tanto, a Deputación expedirá un primeiro pagamento do 50 % da achega provincial a prol da **ENTIDADE BENEFICIARIA**, unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- Xustificación da elección do procedemento de contratación utilizado, de acordo co previsto na cláusula IV.3.
- Certificación do **acordo ou resolución de adxudicación** do contrato de obras, na que figuren polo menos o seguinte: datos da empresa adxudicataria, importe de adxudicación do contrato e prazo de execución.
- **Acta de comprobación da implantación**, asinada pola dirección da obra, pola contratista adxudicataria e pola persoa funcionaria técnica designada pola Deputación ou, no seu caso, acreditación da imposibilidade de asistencia de dita persoa técnica provincial.
- Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das **axudas e outros ingresos afectados** á mesma finalidade ou obxecto desta subvención.



- **Acreditación da colocación do cartel informativo** ao que se refire a cláusula V.1 mediante remisión dunha fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.
 - Acreditación fotográfica da situación da obra previamente ao seu inicio.
2. Rematada completamente a obra, procederase ao abono do 50 por cento ou resto da achega provincial, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:
- **Certificacións** de execución da obra cos datos a orixe, coa certificación da súa aprobación polo órgano competente, xunto co recoñecemento da obriga.
 - Informes de control de calidade da obra realizados por un técnico competente, de ser o caso.
 - **Acta de recepción da obra.** A dito acto deberá acudir unha persoa técnica designada pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente acta. No caso de imposibilidade de asistencia da persoa técnica provincial, deberá acreditarse ter realizado a solicitude e a contestación da Deputación.
 - Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade dos **ingresos** de natureza pública ou privada obtidos para a mesmo proxecto, con indicación do seu importe e procedencia ou, pola contra, manifestación de que non se obtiveron outros ingresos para o mesmo proxecto.
 - Presentación de **fotografías**, dilixenciadas pola dirección da obra, acreditativas do **cumprimento das obrigas de difusión** previstas na cláusula V: cartel da obra e, no seu caso, colocación da placa e portal de transparencia da súa páxina web ou sede electrónica.
 - Presentación de fotografías da obra realizada, dilixenciadas polo técnico-director.
 - Certificación do acordo da incorporación do ben ao **inventario de bens** do **ENTIDADE BENEFICIARIA**, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de dez anos.
 - Cando o ben sexa susceptible de inscrición no Rexistro da Propiedade, debe constar a adscrición ao uso e servizo público por un prazo de dez anos.
 - Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable.
3. Previamente a realización de calquera dos pagos anteditos, e de acordo co previsto na cláusula VIII, a Deputación comprobará de oficio se o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e coa Deputación.
- 4.-Cando o gasto xustificado sexa inferior ao 50% da subvención provincial, e polo tano, a finalidade básica da subvención non se considere cumprida nos termos da cláusula III.2, o anticipo concedido non xustificado deberá reintegrarse xunto cos correspondentes intereses de demora.
5. **No caso de resolución de contrato** por causas debidamente xustificadas, non imputables ao Concello, poderá efectuarse o pago correspondente á aplicación do



coeficiente de financiamento sobre o total certificado e pagado ao contratista .A tal efecto, deberán de aportarse as transferencias bancarias a favor do contratista. A estes efectos, o importe non aboado se considerará economía.

VII.- TERMO PARA A FINALIZACIÓN DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula I, deberán estar finalizadas e presentada a documentación xustificativa indicada na cláusula VI no prazo indicado na cláusula XIV.

2. No caso de non ter presentada a documentación xustificativa , ou a solicitude de prórroga dentro do prazo de vixencia do convenio, **implicará a perda da subvención e** demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable respecto diso, tal e como se indica na cláusula XIV.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1.A **ENTIDADE BENEFICIARIA** deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, coa Seguridade Social e con esta Deputación .

2.A tal efecto, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** presentará as certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

3.Poderá omitirse a presentación desta documentación sempre que autorice expresamente á Deputación a realizar as consultas tributarias e non se opoña á consulta de datos da Seguridade Social . Neste caso, a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por esta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1.Consonte ao previsto nas Regras 25 e seguintes da Instrución de contabilidade para a administración local (Orde HAP 1781/2013, de 20 de setembro, Modelo normal), a ENTIDADE BENEFICIARIA deberá codificar este proxecto de gasto, co fin de facerlle un seguimento contábel específico, de xeito de que quede rexistrada unha pista de auditoría fiable pola que se poida verificar a afectación e aplicación efectiva dos fondos recibidos á execución do proxecto financiado.

2.A **ENTIDADE BENEFICIARIA** destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

3.O concello deberá acreditar ter aboado aos terceiros o importe dos gastos xustificadas, no prazo máximo **dun mes** dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento. Esta obriga será comprobada pola Deputación e, no seu caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que teña que presentar documentación adicional algunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.



4.Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, cheque nominativo, cargo, ingreso en conta ou calquera outra modalidade de pagamento bancario, sempre que en todo caso quede identificada a persoa ordenante e a persoa preceptora.

5.No caso de que o ben subvencionado tivera como finalidade a posta en funcionamento dalgún servizo ou actividade, a ENTIDADE BENEFICIARIA, deberá acreditar nun prazo máximo de cinco meses dende a percepción da totalidade da subvención, de que o servizo ou actividade están funcionamento, ou, no seu caso, presentar un programa de posta en funcionamento. Esta circunstancia poderá ser verificada a través da inclusión da subvención no Plan de Control Financeiro da Intervención provincial.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1.Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, A **ENTIDADE BENEFICIARIA** poderá ser seleccionado pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación e a lexislación citada anteriormente.

2.Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, A **ENTIDADE BENEFICIARIA** queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1.O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá comportar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, de 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación Provincial da Coruña.

3.Nos supostos de demora na realización das obras ou na presentación da xustificación, estarase ao disposto na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación Provincial da Coruña.



XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1.No cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da **ENTIDADE BENEFICIARIA** serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, de 13 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2.Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e no artigo 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno, a concesión da subvención ao **A ENTIDADE BENEFICIARIA** será publicada no portal de transparencia da sede electrónica da Deputación da Coruña.

3.Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende da Secretaría Provincial, xestionado polo Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

1.Para realizar o seguimento deste convenio e as incidencias que poidan xurdir do mesmo, queda constituída unha comisión integrada pola persoa titular da Presidencia da Deputación ou membro da Corporación no que delegue e a persoa titular da Alcaldía do **Concello de Miño** ou membro da Corporación en quen delegue. Actuarán como asesores de dita comisión as persoas titulares da Secretaría xeral e do órgano interventor da Deputación e da ENTIDADE BENEFICIARIA, ou persoas funcionarias en quen deleguen.

2.En todo caso, será preceptivo o ditame previo desta Comisión para os acordos de interpretación do presente convenio.

XIV.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.O presente convenio de cooperación terá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o **31/10/2027**, o que representa un período de vixencia de _____ meses. No caso de que a vixencia deste convenio se estenda a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

2.O dito prazo será improrrogable, salvo que **A ENTIDADE BENEFICIARIA** non poida ter finalizadas as obras e presentada a xustificación antes do prazo establecido na cláusula VII. Nese caso, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo Director da obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do importe pendente de xustificar.

3.A estes efectos, **a ENTIDADE BENEFICIARIA na solicitude deberá indicar as causas da demora na execución das obras, acreditar que as ditas causas non son**



imputables á ENTIDADE BENEFICIARIA, e xustificar que implican a necesidade de prorrogar o presente convenio, **indicando o prazo imprescindible para a finalización das mesmas.**

De considerarse xustificadas os motivos aducidos, previos os informes preceptivos, a prórroga do prazo de vixencia do convenio aprobarase **por Resolución da Presidencia**, polo **prazo imprescindible para a finalización das obras.**

O dito prazo será máximo e, polo tanto, **non será susceptible dunha nova prórroga, nin de modificación**, polo que, a non presentación da xustificación no dito período, **implicará que** o convenio quedará definitivamente extinguido e comportará a perda do dereito á cobranza da subvención e, sen máis notificación, implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido mais os correspondentes xuros de demora.

4.En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida de forma excepcional e nominativamente por acordos plenarios das respectivas administracións.

A modificación do proxecto de obras non implicará un incremento da achega provincial senón que, no seu caso, o exceso de financiamento deberá ser soportado pola ENTIDADE BENEFICIARIA. No caso de que a modificación implique unha minoración do importe do proxecto, a mesma se imputará proporcionalmente as entidades asinantes en función de do coeficiente de financiamento contemplado na cláusula III.

5.No caso de que o **ENTIDADE BENEFICIARIA** tramite e aprobe algunha **modificación do proxecto** inicialmente aprobado, por causas non imputables ao Concello e debidamente xustificadas, así como do contrato adxudicado, deberá **remitir á Deputación un exemplar do proxecto modificado, con anterioridade á aprobación** do mesmo polo órgano competente, achegando co mesmo os informes técnicos e xurídicos emitidos para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, achegarase certificación da súa aprobación polo órgano competente. (Cláusulas III.3 e XIV.4)

6.No caso de que a modificación implique unha minoración ou incremento do importe adxudicado, deberá tomar coñecemento o Pleno da Corporación Provincial e formalizarse en documento administrativo.

De manterse igual o importe, tomarase coñecemento mediante Resolución da Presidencia. En todo caso, non se formalizará a modificación, uníndose o acordo plenario ou resolución ao expediente para a súa constancia.

XV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1.O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e na Ordenanza xeral de Subvencións e Transferencias da Deputación. Supletoriamente aplicaranse a lexislación de contratos do sector público.

2.Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita



xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

E para que así conste e en proba de conformidade por ambas partes, asínase (No caso de sinatura electrónica engadirase: electronicamente) o presente convenio, dando fe de todo elo o Secretario xeral (*ou quen legalmente lle substitúa*)."

15.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Mellora parque infantil Condessa II-As Donas", do Concello de Betanzos incluído na primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2025 co código 2025.2102.0414.0, levantamento das condicións ás que quedou sometido e aprobación definitiva deste investimento

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o expediente relativo á aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Mellora parque infantil Condessa II-As Donas", do Concello de Betanzos, incluído na primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2025 co código 2025.2102.0414.0, no que se acreditan os seguintes:

ANTECEDENTES

Logo de ver que mediante Resolución de Presidencia desta deputación número 45129 de data 26 de setembro de 2025, en relación cos acordos plenarios do 30 de maio e 27 de xuño de 2025, aprobouse a primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2025, no marco das súas Bases reguladoras, aprobadas polo Pleno desta deputación na sesión realizada o 29 de novembro de 2024 en relación co acordo plenario do 31 de xaneiro do 2025 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 233 do 3 de decembro de 2024, que tiveron unha modificación aprobada mediante acordo plenario do 3 de outubro de 2025, en relación coa Resolución de Presidencia número 51389 de 3 de novembro de 2025, coa finalidade de engadir a base 15 para regular o POS+Adicional 4/2025, cuxo texto íntegro foi publicado no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 192 do 8 de outubro de 2025.

Tendo en conta que a aprobación definitiva dos investimentos dalgúns concellos quedaba condicionada á realización das condicións suspensivas que se detallan para cada un deles, entre os que figura este investimento do Concello de Betanzos cos seguintes datos:



CONCELLO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA MUNICIPAL	TOTAL	CONDICIÓN PENDINGES
Betanzos	2025.2102.0414.0	Mellora parque infantil Condesa II-As Donas	76.235,90	0,00	76.235,90	- Supervisión favorable do proxecto e aprobación polo concello - Autorización Patrimonio Cultural - Xunta - Autorización Axencia Galega Infraestruturas (AXI)

Logo de aprobar o Concello de Betanzos un proxecto modificado deste investimento, asinado dixitalmente o 5 de marzo de 2026 polo enxeñeiro de camiños, canles e portos Sergio Daniel Orosa López, que xa redactara o proxecto inicial, cun orzamento de contrata de 77.214,20 €, o que supón un incremento con respecto ao proxecto inicial de 978,30 €, xa que o primeiro proxecto presentado ascendía a 76.235,90 €, e que foi redactado coa finalidade de corrixir os erros detectados polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta Deputación no seu informe desfavorable asinado dixitalmente o 26 de agosto de 2025.

Logo de presentar o documento contable de retención de crédito (RC) asinado dixitalmente o 7 de xullo de 2026 pola interventora do concello, por importe de 979,00 € acreditativo da existencia de saldo dispoñible no orzamento municipal 2026 como consecuencia da modificación do proxecto desta obra.

Logo de presentar o concello as autorizacións de Patrimonio Cultural-Xunta e Axencia Galega de Infraestruturas onde se autorizan as obras cunha serie de condicións e máis o informe técnico relativo ao seu cumprimento, asinado dixitalmente polo técnico redactor o 13 de xaneiro de 2026.

Logo de ver que consta no expediente o informe de supervisión favorable emitido o 16 de marzo de 2026 polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación respecto deste proxecto modificado

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2025 aprobadas polo Pleno desta deputación na sesión realizada o 29 de novembro de 2024 en relación co acordo plenario do 31 de xaneiro do 2025 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 233 do 3 de decembro de 2024, que tiveron unha modificación aprobada mediante acordo plenario do 3 de outubro de 2025, en relación coa Resolución de Presidencia número 51389 de 3 de novembro de 2025, coa finalidade de engadir a base 15 para regular o POS+Adicional 4/2025, cuxo texto íntegro foi publicado no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 192 do 8 de outubro de 2025.

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña **ACORDA:**

1.- Aprobar o proxecto modificado do investimento denominado “Mellora parque infantil Condesa II-As Donas”, do Concello de Betanzos, incluído na primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2025, co código 2025.2102.0414.0, que foi redactado coa finalidade de corrixir os erros detectados polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios



desta Deputación no seu informe asinado dixitalmente o 26 de agosto de 2025, cun orzamento de contrata de 77.214,20 €, aprobado polo órgano competente do concello, que conta co informe de supervisión favorable do 16 de marzo de 2026 do Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación e cos correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables. Este proxecto modificado implica un incremento do orzamento total de contrata respecto do proxecto inicial de 978,30 €, que será asumido polo concello, tal e como se indica na seguinte táboa:

Proxecto modificado Concello de Betanzos "Mellora parque infantil Condesea II-As Donas" Código 2025.2102.0414.0	PROXECTO INICIAL	PROXECTO MODIFICADO	DIFERENZA
Deputación	76.235,90	76.235,90	0,00
Concello	0,00	978,30	978,30
Total	76.235,90	77214,2	978,30

2.- Coa aprobación deste proxecto modificado, tras a súa supervisión favorable, e coa presentación das autorizacións de Patrimonio Cultural-Xunta e da Axencia Galega de Infraestruturas xunto co informe técnico de cumprimento das súas condicións, considerar cumpridas as condicións ás que foi sometido, toda vez que o concello presentou a documentación xustificativa do seu cumprimento, quedando o cadro de financiamento definitivo como se indica a continuación:

CONCELLO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA MUNICIPAL	TOTAL	CONDICIÓNS CUMPRIDAS
Betanzos	2025.2102.0414.0	Mellora parque infantil Condesea II-As Donas	76.235,90	978,30	77214,2	- Supervisión favorable do proxecto e aprobación polo concello - Autorización Patrimonio Cultural - Xunta - Autorización Axencia Galega Infraestruturas (AXI)

3.- A achega provincial a este investimento financiarase con cargo ao crédito consignado na aplicación orzamentaria 2026 / 0430 - 1716 - 76201 do vixente orzamento provincial. O Concello de Betanzos asume integramente o incremento do financiamento do proxecto modificado, segundo consta no documento contable RC asinado dixitalmente o 7 de xullo de 2026 pola interventora do concello, acreditativa da existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento municipal do exercicio 2026 para o financiamento da achega municipal desta obra.

4.- Notificarlle este acordo ao Concello de Betanzos para os efectos oportunos."

16.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Camiño acceso a Teao pola Cruz de Avelán e outro", do Concello de Dodro incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2025 co código 2025.2000.0244.0, levantamento da condición á que quedou sometido e aprobación definitiva deste investimento



VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Logo de ver o expediente relativo á aprobación do proxecto modificado do investimento denominado “Camiño acceso a Teaio pola Cruz de Avelán e outro”, do Concello de Dodro, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2025 co código 2025.2000.0244.0, no que se acreditan os seguintes:

ANTECEDENTES

Logo de ver o acordo adoptado polo Pleno desta deputación, na sesión ordinaria realizada o día 30 de maio do 2025, en relación co acordo plenario de 27 de xuño de 2025, pola que se aprobou definitivamente o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2025 e o seu Plan Complementario no que se inclúe, entre outros, o investimento que a continuación se indica:

CONCELLO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA MUNICIPAL	TOTAL	CONDICIÓN PENDENTE
Dodro	2025.2000.0244.0	Camiño acceso a Teaio pola Cruz de Avelán e outro	72.930,39	0,00	72.930,39	- Autorización Patrimonio Cultural - Xunta

Logo de aprobar o Concello de Dodro un proxecto modificado deste investimento, asinado dixitalmente o 14 de abril de 2026 polo enxeñeiro de camiños, canais e portos Pablo Blanco Ferreiro, que xa redactara o proxecto inicial, cun orzamento de contrata de 72.930,39 €, cuxa xustificación radica na necesidade de eliminar a segunda das actuacións previstas no proxecto técnico orixinal “Acceso norte de Pexegueiro”, posto que non obtivo a autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia necesaria para a súa execución, por afectar aos contornos de protección de diversos elementos catalogados, e ademais tamén para emendar as deficiencias técnicas atopadas polo Servizo Técnico de Asistencia a Municipios desta Deputación respecto dun anterior proxecto modificado de data outubro de 2025. Este proxecto modificado incorpora unha nova actuación en substitución da que se elimina, consistente en pavimentar un aparcadoiro sito na casa consistorial, polo que se sitúa noutro emprazamento.

Logo de presentar o concello a Certificación acreditativa da aprobación do proxecto modificado mediante Resolución de Alcaldía número 263/2026 do 3 de xuño de 2026, que foi asinada dixitalmente o 4 de xuño de 2026 polo alcalde do Concello de Dodro Francisco Xabier Castro Tourís e máis pola Secretaria – Interventora municipal Sandra María García Chenlo.



Logo de presentar o concello os novos Anexos V, VI, VII, VIII e IX referidos ao proxecto modificado presentado, a autorización do Servizo de Vías e Obras desta deputación relativa á nova actuación introducida no proxecto modificado, de data 12 de decembro de 2025 e máis a autorización da Axencia galega de Infraestruturas (AXI) da Xunta de Galicia, así mesmo referida á nova actuación incluída no proxecto, de data 2 de outubro de 2025.

Logo de presentar o concello o Informe técnico, de data 8 de xullo de 2026, asinado polo técnico redactor do proxecto modificado, coa indicación das autorizacións obtidas precisas para a súa execución, e onde se informa que da cumprimento ás condicións contidas nas citadas autorizacións.

Logo de ver a Certificación acreditativa da dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras comprendidas no proxecto modificado, mediante a presentación polo concello dun novo Anexo VI relativo ao emprazamento da nova actuación.

Logo de ver que consta no expediente o informe de supervisión favorable asinado o día 7 de xullo de 2026 polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios respecto deste proxecto modificado

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2025 aprobadas polo Pleno desta deputación na sesión realizada o 29 de novembro de 2024, en relación co acordo plenario do 31 de xaneiro do 2025, e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 233 do 3 de decembro de 2024, que tiveron unha modificación aprobada mediante acordo plenario do 3 de outubro de 2025, en relación coa Resolución de Presidencia número 51389 de 3 de novembro de 2025, coa finalidade de engadir a base 15 para regular o POS+Adicional 4/2025, cuxo texto íntegro foi publicado no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 192 do 8 de outubro de 2025.

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña **ACORDA:**

1.- Aprobar o proxecto modificado do investimento denominado “Camiño acceso a Teairo pola Cruz de Avelán e outro”, do Concello de Dodro, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2025, co código 2025.2000.0244.0, cun orzamento de contrata de 72.930,39 €, aprobado polo órgano competente do concello, que conta co informe de supervisión favorable do 7 de xullo de 2026 do Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación, cuxa xustificación radica na necesidade de eliminar a segunda das actuacións previstas no proxecto técnico orixinal “Acceso norte a Pexegueiro”, posto que non obtivo a autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia necesaria para a súa execución, e ademais tamén para emendar as deficiencias técnicas atopadas polo Servizo Técnico de Asistencia a Municipios desta Deputación respecto dun anterior proxecto modificado de data outubro de 2025. Este proxecto modificado incorpora unha nova actuación en substitución da que se elimina, consistente en pavimentar un aparcadoiro sito na casa consistorial, polo que se sitúa noutro emprazamento, aínda que as obras a realizar son da mesma tipoloxía que a actuación que se elimina e conta coas autorizacións do Servizo de Vías e Obras desta deputación e da Axencia galega de Infraestruturas da Xunta de Galicia, mantendose o mesmo



orçamento de contrata do proxecto inicial, sendo os seus datos os que se indican na seguinte táboa:

CONCELLO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA MUNICIPAL	TOTAL	CONDICIÓN LEVANTADA
Dodro	2025.2000.0244.0	Camión acceso a Teaio pola Cruz de Avelán e outro	72.930,39	0,00	72.930,39	- Autorización Patrimonio Cultural - Xunta

2.- Aprobado definitivamente este investimento, xa que coa aprobación deste proxecto modificado elimínase a actuación denominada “Acceso Norte de Pexegueiro” que quedou condicionada á autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia, polo que se levanta a citada condición, habida conta de que para a nova actuación non é necesaria a autorización deste organismo autonómico.

3.- A achega provincial a este investimento financiarase con cargo ao crédito consignado na aplicación orzamentaria 0430 - 1537 - 76201 do vixente orzamento provincial.

4.- Notificarlle este acordo ao Concello de Dodro para os efectos oportunos.”

17.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Acondicionamento e mellora do local social de San Antonio da Cabana", do Concello de Ferrol incluído na segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+AD4/2025 co código 2025.2104.0826.0, levantamento das condicións ás que quedou sometido e aprobación definitiva deste investimento

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Logo de ver o expediente relativo á aprobación do proxecto modificado do investimento denominado “Acondicionamento e mellora do local social de San Antonio da Cabana”, do Concello de Ferrol, incluído na segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 4/2025 co código 2025.2104.0826.0, no que se acreditan os seguintes:

ANTECEDENTES

Logo de ver que mediante o Pleno desta deputación, na sesión realizada o 29 de abril de 2026, aprobou a segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 4/2025 para o financiamento de investimentos financeiramente sostibles. A aprobación deste Plan realizouse no marco das súas Bases reguladoras, aprobadas polo Pleno desta



deputación na sesión realizada o 29 de novembro de 2024, en relación co acordo plenario do 31 de xaneiro do 2025, e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 233 do 3 de decembro de 2024, que tiveron unha modificación aprobada mediante acordo plenario do 3 de outubro de 2025, en relación coa Resolución de Presidencia número 51389 de 3 de novembro de 2025, coa finalidade de engadir a base 15 para regular o POS+Adicional 4/2025, cuxo texto íntegro foi publicado no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 192 do 8 de outubro de 2025.

Tendo en conta que a aprobación definitiva dos investimentos dalgúns concellos quedaba condicionada á realización das condicións suspensivas que se detallan para cada un deles, entre os que figura este investimento do Concello de Ferrol cos seguintes datos:

CONCELLO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA MUNICIPAL	TOTAL	CONDICIÓN PENDENTES
Ferrol	2025.2104.0826.0	Acondicionament o e mellora do local social de San Antonio da Cabana	171.436,64	0,00	171.436,64	- Supervisión favorable do proxecto corrixido e aprobación polo concello - Autorización Patrimonio Cultural -Xunta - Autorización Servizo Vías e Obras desta Deputación - Autorización da Xunta de Galicia para realizar obras no litoral

Logo de aprobar o Concello de Ferrol un proxecto modificado deste investimento, asinado dixitalmente o 23 de abril de 2026 polo enxeñeiro de camiños, canles e portos, Sergio Daniel Orosa López, que xa redactara o proxecto inicial, cun orzamento de contrata de 163.417,94 €, que supón unha diminución con respecto ao proxecto inicial de 8.018,70 €, e que foi redactado para dar cumprimento ao requirido pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural na súa Resolución de data 12 de marzo de 2026, así como para emendar as deficiencias sinaladas polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación no seu informe desfavorable de data 4 de febreiro de 2026.

Logo de presentar o concello as autorizacións de Patrimonio Cultural e do Servizo de Vías e Obras desta Deputación xunto cos seus informes técnicos de cumprimento de condicións correspondentes, así como a presentación polo Concello de Ferrol da declaración responsable ante o Servizo do litoral da Xunta de Galicia.

Tendo en conta que consta no expediente o informe de supervisión favorable emitido o 16 xullo de 2026 polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación respecto deste proxecto modificado

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2025 aprobadas polo Pleno desta deputación na sesión realizada o 29 de novembro de 2024 en relación co acordo plenario do 31 de xaneiro do 2025 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 233 do 3 de decembro de 2024, que tiveron unha modificación aprobada mediante acordo plenario do 3 de outubro de 2025, en relación coa Resolución de Presidencia número 51389 de 3 de novembro de 2025, coa finalidade de engadir a base 15 para regular o POS+Adicional



4/2025, cuxo texto íntegro foi publicado no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 192 do 8 de outubro de 2025.

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña **ACORDA:**

1.- Aprobar o proxecto modificado do investimento denominado “Acondicionamento e mellora do local social de San Antonio da Cabana”, do Concello de Ferrol, incluído na segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 4/2025, co código 2025.2104.0826.0, que foi redactado para dar cumprimento ao requirido pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural na súa Resolución de data 12 de marzo de 2026, así como para emendar as deficiencias sinaladas polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación no seu informe desfavorable de data 4 de febreiro de 2026, cun orzamento de contrata de 163.417,94 €, inferior ao do proxecto inicial, que ascendía a 171.436,64 €, que foi aprobado polo órgano competente do concello, que conta co informe de supervisión favorable de data 16 de xullo de 2026 do Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación e cos correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables. Este proxecto modificado implica unha diminución do orzamento total de contrata respecto do proxecto inicial de 8.018,70 € tal e como se indica na seguinte táboa:

Concello de Ferrol “Acondicionamento e mellora do local social de San Antonio da Cabana ” Código 2025.2104.0826.0	PROXECTO INICIAL	PROXECTO MODIFICADO	DIFERENZA
Deputación	171.436,64	163.417,94	-8.018,70
Concello	0,00	0,00	0,00
Total	171.436,64	163.417,94	-8.018,70

2.- Coa aprobación deste proxecto modificado e a súa supervisión favorable por parte dos servizos técnicos desta deputación, coa presentación das autorizacións de Patrimonio Cultural e do Servizo de Vías e Obras desta Deputación xunto cos informes técnicos de cumprimento das súas condicións e a presentación por parte do Concello de Ferrol da declaración responsable ante o Servizo do Litoral da Xunta de Galicia, considerar cumpridas as condicións ás que foi sometido, e aprobar definitivamente este investimento, sendo os datos os seguintes:

CONCELLO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA MUNICIPAL	TOTAL	CONDICIÓNS CUMPRIDAS
Ferrol	2025.2104.0826.0	Acondicionament o e mellora do local social de San Antonio da Cabana	163.417,94	0,00	163.417,94	- Supervisión favorable do proxecto corrixido e aprobación polo concello - Autorización Patrimonio Cultural -Xunta - Autorización Servizo Vías e Obras desta Deputación - Autorización da Xunta de Galicia para realizar obras no litoral

3.- A achega provincial a este investimento financiarase con cargo ao crédito consignado na aplicación orzamentaria 0430 -4592 -76201 do vixente orzamento provincial.



4.- Notificarlle este acordo ao Concello de Ferrol para os efectos oportunos.”

18.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Reforma da vivenda do conserxe na escola CEIP Ricardo Tobío, Esteiro", do Concello de Muros incluído na segunda e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 4/2025 co código 2025.2104.0846.0, levantamento da condición á que quedou sometido e aprobación definitiva deste investimento

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Logo de ver o expediente relativo á aprobación do proxecto modificado do investimento denominado “Reforma da vivenda do conserxe na escola CEIP Ricardo Tobío, Esteiro”, do Concello de Muros, incluído na segunda e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 4/2025 co código 2025.2104.0846.0, no que se acreditan os seguintes:

ANTECEDENTES

O Pleno desta deputación, na sesión ordinaria realizada o 29 de abril de 2026, aprobou a segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 4/2025 no marco das súas Bases reguladoras, aprobadas polo Pleno desta deputación na sesión realizada o 29 de novembro de 2024, en relación co acordo plenario do 31 de xaneiro do 2025, e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 233 do 3 de decembro de 2024, que tiveron unha modificación aprobada mediante acordo plenario do 3 de outubro de 2025, en relación coa Resolución de Presidencia número 51389 de 3 de novembro de 2025, coa finalidade de engadir a base 15 para regular o POS+Adicional 4/2025, cuxo texto íntegro foi publicado no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 192 do 8 de outubro de 2025, na que se inclúe, entre outros, o investimento que a continuación se indica:

CONCELLO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA MUNICIPAL	TOTAL	CONDICIÓN PENDENTE
Muros	2025.2104.0846.0	Reforma da vivenda do conserxe na escola CEIP Ricardo Tobío, Esteiro	49.668,32	0,00	49.668,32	- Supervisión favorable do proxecto corrixido e aprobación polo concello



Logo de aprobar o Concello de Muros un proxecto modificado deste investimento, asinado dixitalmente o 22 de abril de 2026 polo arquitecto Pablo Castro Pais, que xa redactara o proxecto inicial, cun orzamento de contrata de 74.167,26 €, o que supón un incremento con respecto ao proxecto inicial de 24.498,94 €, xa que o primeiro proxecto presentado ascendía a 49.668,32 €, e que foi redactado para corrixir os erros detectados polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta Deputación no seu informe desfavorable asinado dixitalmente o 28 de xaneiro de 2026.

Logo de ver que consta no expediente o informe de supervisión favorable emitido o 11 de maio de 2026 polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación respecto deste proxecto modificado

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2025 aprobadas polo Pleno desta deputación na sesión realizada o 29 de novembro de 2024 en relación co acordo plenario do 31 de xaneiro do 2025 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 233 do 3 de decembro de 2024, que tiveron unha modificación aprobada mediante acordo plenario do 3 de outubro de 2025, en relación coa Resolución de Presidencia número 51389 de 3 de novembro de 2025, coa finalidade de engadir a base 15 para regular o POS+Adicional 4/2025, cuxo texto íntegro foi publicado no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 192 do 8 de outubro de 2025.

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña **ACORDA:**

1.- Aprobar o proxecto modificado do investimento denominado “Reforma da vivenda do conserxe na escola CEIP Ricardo Tobío, Esteiro”, do Concello de Muros, incluído na segunda e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 4/2025, co código 2025.2104.0846.0, que foi redactado para corrixir os erros detectados polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta Deputación no seu informe desfavorable asinado dixitalmente o 28 de xaneiro de 2026, cun orzamento de contrata de 74.167,26 €, aprobado polo órgano competente do concello, que conta co informe de supervisión favorable do 11 de maio de 2026 do Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación e cos correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables. Este proxecto modificado implica un incremento do orzamento total de contrata respecto do proxecto inicial de 24.498,94 € que asume o Concello de Muros tal e como se indica na seguinte táboa:

Proxecto modificado Concello de Muros “Reforma da vivenda do conserxe na escola CEIP Ricardo Tobío, Esteiro” Código 2025.2104.0846.0	PROXECTO INICIAL	PROXECTO MODIFICADO	DIFERENZA
Deputación	49.668,32	49.668,32	0,00
Concello	0,00	24.498,94	24.498,94



Total	49.668,32	74.167,26	24.498,94
--------------	-----------	-----------	-----------

2.- Coa aprobación deste proxecto modificado, considerar cumprida a condición á que foi sometido, toda vez que o concello presentou a documentación xustificativa do seu cumprimento, quedando o cadro de financiamento definitivo como se indica a continuación:

CONCELLO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA MUNICIPAL	TOTAL	CONDICIÓN CUMPRIDA
Muros	2025.2104.0846.0	Reforma da vivenda do conserxe na escola CEIP Ricardo Tobío, Esteiro	49.668,32	24.498,94	74.167,26	- Supervisión favorable do proxecto corrixido e aprobación polo concello

3.- A achega provincial a este investimento financiarase con cargo ao crédito consignado na aplicación orzamentaria 2026 / 0430 - 4592 - 76201 do vixente orzamento provincial. O Concello de Muros asume integralmente o incremento do financiamento do proxecto modificado, segundo consta no documento contable RC asinado dixitalmente o 15 de xuño de 2026 polo interventor do concello, acreditativa da existencia de crédito adecuado e suficiente para o financiamento da achega municipal a esta obra.

4.- Notificarlle este acordo ao Concello de Muros para os efectos oportunos.”

19.- Aprobación da aceptación da solicitude efectuada polo Concello de Ortigueira para a encomenda de xestión da selección de arquitectos/as e arquitectos/as técnicos/as interinos/as.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade dos trinta e un membros presentes, que representan a maioría absoluta da Corporación, acorda:

“No expediente relativo á aceptación da solicitude efectuada polo Concello de Ortigueira para a encomenda de xestión material da selección do seu persoal funcionario interino para postos de arquitecto/a e arquitecto/a técnico/a a esta Deputación consta que:

1. O Pleno da Deputación da Coruña, na sesión ordinaria celebrada o 3 de outubro de 2025 adoptou o acordo de aprobación dun convenio tipo para a encomenda de xestión da selección de arquitectos/as e arquitectos/as técnicos interinos/as para concellos de menos de 20.000 habitantes na provincia da Coruña.

2. O Pleno do Concello de Ortigueira, en sesión ordinaria de data 27 de marzo de 2026

**RPT-6654235



acadou por unanimidade o acordo de aprobar a adhesión ao dito convenio tipo.

3. Segundo o indicado nos artigos 33.2 e 47. 2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, corresponde ao Pleno, co voto favorable da maioría absoluta do número legal do seus membros, a aprobación da adopción de acordos na "transferencia de funcións ou actividades a outras Administracións públicas, así como a aceptación das delegacións ou encomendas de xestión realizadas por outras administracións, salvo que por lei se impoñan obrigatoriamente".

4. O futuro convenio de encomenda de xestión axustarase ao modelo tipo informado previamente, polo que, segundo as determinacións do artigo 50 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, non é necesario solicitar novos informes.

5. A encomenda de xestión entrará en vigor unha vez asinado o correspondente convenio e o seu exercicio levárase a cabo nos termos deste.

6. Segundo o artigo 11 da citada Lei 40/2015, cómpre a publicación no Boletín Oficial da Provincia do acordo de aceptación da encomenda de xestión para xeral coñecemento e, no seu caso, para que as persoas interesadas poidan presentar recurso potestativo de reposición ou ben directamente recurso contencioso administrativo ante a Sección do Contencioso-Administrativo do Tribunal de Instancia que corresponda.

Conforme ao anteriormente exposto, o Pleno da Deputación provincial da Coruña

ACORDA

1.-Aprobar a aceptación da solicitude efectuada polo Concello de Ortigueira mediante acordo plenario de data 27 de marzo de 2026 para encomendar a xestión material da selección do seu persoal funcionario interino para postos de arquitecto/a e arquitecto/a técnico/a a esta Deputación

2.-Aprobar a formalización da dita encomenda de xestión mediante a sinatura do correspondente convenio, segundo o modelo aprobado polo Pleno da Deputación Provincial da Coruña, aprobado en sesión do día 3 de outubro de 2025.

3.-Publicar no Boletín Oficial da Provincia o acordo de aceptación desta encomenda de xestión para xeral coñecemento e, no seu caso, para que as persoas interesadas poidan presentar recurso potestativo de reposición ou ben directamente recurso contencioso administrativo ante a Sección do Contencioso-Administrativo do Tribunal de Instancia que corresponda."

20.- Aprobación da toma de coñecemento da información do período medio de pago a provedores (PMP) e da relación detallada das facturas pagadas pola Deputación Provincial da Coruña e polo Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña, correspondente a xuño de 2026.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a



ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“PRIMEIRO: Dáse conta dos resultados do período medio de pago a provedores, calculado cos criterios do Real decreto 1040/2017, do 22 de decembro, polo que se modifica o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, da Deputación Provincial da Coruña e do seu ente dependente, Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña, do mes de xuño de 2026.

SEGUNDO: Dáse conta, así mesmo, da relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación Provincial da Coruña e polo Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña, no mes de xuño de 2026.

TERCEIRO: Dispor que se proceda a publicación na páxina web da Deputación da documentación referida nos apartados anteriores, para xeral coñecemento.”

21.- Dación de conta da tramitación polo Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña da Conta Xeral do exercicio 2025.

Dáse conta da tramitación da Conta Xeral do exercicio 2025, na que se incluíu o informe definitivo de auditoría sobre as contas anuais do 2025 do Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña.

22.- Aprobación definitiva da Conta Xeral do Orzamento da Deputación provincial do exercicio 2025.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Aprobar definitivamente a Conta Xeral do Orzamento da Deputación provincial do exercicio 2025.

2.- Remitila ao Tribunal de Contas e o Consello de Contas, conforme co establecido no artigo 212.5 do TRLRHL, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo e na regra 51 da orde HAP/1781/2013, do 20 de setembro, polo que se aproba a Instrución do modelo normal de contabilidade local; así como ás demais entidades que proceda a súa remisión, segundo a normativa vixente e tamén proceder á súa publicación na web institucional.”



23.- Aprobación definitiva dos estados consolidados da Conta Xeral do exercicio 2025.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Aprobar definitivamente os estados consolidados da Conta Xeral do Orzamento da Deputación provincial do exercicio 2025.

2.- Remitilos ao Tribunal de Cuentas e o Consello de Contas, conforme co establecido no artigo 212.5 do TRLRHL, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo e na regra 51 da orde HAP/1781/2013, do 20 de setembro, polo que se aproba a Instrución do modelo normal de contabilidade local; así como ás demais entidades que proceda a súa remisión, segundo a normativa vixente e tamén proceder á súa publicación na web institucional.”

24.- Aprobación inicial do expediente de modificación de créditos 4/2026 de aprobación polo Pleno.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito núm. 4/2026 de competencia do Pleno que se tramita dentro do vixente orzamento xeral por un importe 30.591.415,84 € que ofrece o seguinte resumo:

A. NECESIDADES E FONTES DE FINANCIAMENTO

A.1) Aumentos (necesidades de financiamento):

A.2) Baixas (fontes de financiamento):

Créditos extraordinarios (CE):	6.653.000,00	Baixas por anulación (BA):	18.841.570,71
Suplementos de crédito (SC):	23.938.415,84	Remanente de Tesourería	11.749.845,13
Total aumentos:	30.591.415,84	Total financiamento:	30.591.415,84



B.RESUMO POR CAPÍTULO DE GASTOS E INGRESOS

B.1 Resumo por capítulos do Estado de Gastos

Capítulo	Altas	Baixas
1.Gastos de persoal	0,00	0,00
2.Gastos correntes	1.368.191,50	0,00
3.Gastos financeiros	0,00	0,00
4.Trans. Correntes	6.892.066,13	152.000,00
5.Fondo continx. e o. i.	0,00	0,00
6.Investmentos reais	1.372.540,00	0,00
7.Trans. de capital	20.958.618,21	18.689.570,71
8.Activos financeiros	0,00	0,00
9.Pasivos financeiros	0,00	0,00
TOTAL:	30.591.415,84	18.841.570,71

B.2 Resumo por capítulos do Estado de Ingresos

Capítulo	Altas
1 Impostos directos	0,00
2 Impostos indirectos	0,00
3 Taxas e outros ingresos	0,00
4 Transferencias correntes	0,00
5 Ingresos patrimoniais	0,00
6 Alleamento investimentos reais	0,00
7 Transferencias de capital	0,00
8 Act. Finan. (Reman. Tesourería)	11.749.845,13
9 Pasivos financeiros	0,00
TOTAL:	11.749.845,13

2.- Dispor a exposición ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, mediante a publicación do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de reclamacións, segundo o establecido no artigo 38 en relación cos artigos 20 e 22 do citado RD 500/90.

Se transcorrido o dito prazo non se formularon reclamacións, o expediente considerárase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presentaran reclamacións, o pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

3.- O resumo por capítulos do devandito expediente publicarase no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor, segundo o establecido no artigo 20.5 do citado Real decreto 500/90, do 20 de abril, e os artigos 169 e 177 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Do expediente definitivamente aprobado remitírase copia á Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia e á Delegación do Ministerio de Hacienda en cumprimento do disposto nos artigos 20.4 e 38.2 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril, e os artigos 169.4 e 177.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

4.- Reiterar o compromiso provincial de orientar a xestión orzamentaria no marco das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

5.- Se as obrigacións efectivamente recoñecidas ao finalizar o exercicio 2026 exceden do límite establecido na regra de gasto deberán levarse a cabo as actuacións descritas nos artigos 21 a 23 da Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, nos prazos, condicións e polo procedemento establecido neles.

6.- No que atinxe á dotación económica prevista neste expediente de modificación de



créditos para subvencións de concesión directa, que non xera ningún dereito cara ós potenciais beneficiarios, resaltar que a xustificación da presenza de causas excepcionais e de interese público resulta extemporánea neste intre, segundo mostra a práctica habitual desta institución nas últimas décadas; deixando tamén constancia de que en ningún caso se dará tramite a expediente algún que incumpra as prescricións legais, recordando neste senso ás unidades xestoras, e ós órganos de ditame e resolutorios do procedemento, que en ningún caso se asignará recurso algún a través de convenio administrativo que non incorpore a debida xustificación da excepcionalidade, interese público, que non permitan a aplicación dos principios de concorrencia, igualdade e non discriminación, tal e como informa a Intervención Xeral, que reitera a necesidade de facelo na tramitación administrativa posterior do expediente, e, en todo caso, previamente á firma do convenio de achega provincial á obra ou á actividade de que se trate.

A maior abundamento, é de salientar a posibilidade de asignación de fondos provinciais con carácter excepcional, tal e como sinala o Informe de Asesoría Xurídica desta institución (nº 45/2018, sobre *"Cuestións relativas ó procedemento de concesión de subvencións nominativas"*, de 23 de marzo), cando se xustifique no expediente administrativo a tramitar; debendo resaltar neste senso a asignación a todos e cada un dos Concellos da provincia do maior Plan de Obras e Servizos de todo o estado.

7.- Informar periodicamente ao Pleno sobre a execución orzamentaria dos ingresos e gastos previstos e formular, cando proceda, as propostas correspondentes que aseguren en todo momento o cumprimento das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, á vista dos informes preceptivos previstos na normativa vixente."

25.- Aprobación definitiva da modificación da relación de postos de traballo 2026.

VOTACIÓN

Votan a favor: 17 deputados/as (10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: 14 deputados/as (PP)

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PSOE, BNG e Alternativa dos Veciños e a abstención do PP, acorda:

"En relación cas alegacións formuladas contra o acordo de aprobación inicial do 29 de maio do 2026 e tendo en conta os seguintes:

Antecedentes de feito.

Primeiro.- A Corporación Provincial, na sesión plenaria celebrada o día 29 de maio de 2026, acordou aprobar inicialmente a modificación da relación de postos de traballo do ano 2026. O anuncio da aprobación inicial foi obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 107, do 9 de xuño de 2026, abríndose un prazo de información pública de vinte (20) días, a contar desde o seguinte á dita publicación, para que as persoas interesadas poidan realizar as reclamacións que consideren oportunas.



Segundo.- Fronte o citado acordo de aprobación inicial se presenta por Rosa Torre Janeiro e Jacinto Pampín Pampín, como delegados sindicais da sección sindical de CSIF escrito de alegacións no que se solicita, en síntese, que se revise a configuración do posto 1.1.356.1 ADM A3, isto é, aberto ó persoal funcionario doutras administración públicas, suprimíndose no caso de non resultar xustificada.

Fundamentos de dereito

O acordo de aprobación inicial do 29 de maio de 2026 límitase a modificar a relación de postos de traballo para dar cumprimento a sentenza 00211/2026, do 8 de abril de 2026, do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, que declarou nula a modificación do sistema de provisión pola que se estableceu a libre designación como sistema de provisión do posto de xefatura do servizo de patrimonio e contratación. A pretensión dos alegantes de que a execución da sentenza esixe unha "depuración completa, motivada y coherente de los elementos que quedaron vinculados a la reconfiguración del puesto" é completamente gratuíta e carece de fundamento. A existencia de postos abertos á provisión por persoal procedente doutras administración públicas está expresamente contemplado na normativa de aplicación. E a aprobación da relación de postos de traballo na que se configurou o posto como aberto a outras administracións por acordo plenario celebrada o 2 de febreiro do 2024 - veu precedida da correspondente negociación na Mesa Xeral.

En consecuencia, á vista do establecido no artigo 33.2.f da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local, que lle atribúe ao Pleno a competencia para a aprobación da relación de postos de traballo e nos artigos 90 da Lei 7/1985 do 2 de abril, de bases de réxime local, en relación cos artigos 126 e 127 do Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións vixentes en materia de réxime local e 202 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia,

ACÓRDASE

1.- Desestimar as alegacións presentadas por Rosa Torre Janeiro e Jacinto Pampín Pampín, como delegados sindicais da sección sindical de CSIF fronte o acordo de aprobación inicial da modificación da relación de postos de traballo do 2026.

2.- Aprobar definitivamente a modificación da relación de postos de traballo do 2026.

Remitirase copia da modificación da relación de postos de traballo aos órganos competentes da Administración Xeral do Estado e da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, ordenándose a súa publicación no BOP."

26.- Aprobación da formalización dun convenio administrativo de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o HOGAR ESPAÑOL DE MONTEVIDEO-URUGUAI para financiar os GASTOS DE FUNCIONAMIENTO DO SEU FOGAR DE ACOLLIDA NO ANO 2026.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a



ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

1. Levantar o reparo emitido pola Intervención da Deputación da Coruña no seu informe con data 07 de xullo de 2026 conforme o artigo 217 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo.
2. Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión dunha subvención nominativa, por existir razóns suficientes de interese público, social, económico ou humanitario. Estes principios atópanse recollido nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.
3. Aprobar a concesión da subvención nominativa por importe de 60.000,00 € ao Hogar Español de Montevideo-Uruguai NIF T000000031 para financiar os Gastos de funcionamento do fogar de acollida no ano 2026, cun orzamento subvencionado de 80.000,00 €, de acordo co texto do convenio que se achega.
4. Imputar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 0520/23132/481 do vixente orzamento xeral.
5. Aprobar o texto do convenio que se recolle a continuación.
6. Publicar a concesión da subvención directa na BDNS e notificar ao interesado.

Numero ... /2026

CONVENIO DE COLABORACION ENTRE A DEPUTACION PROVINCIAL DA CORUÑA E O HOGAR ESPAÑOL DE MONTEVIDEO- URUGUAI, PARA O FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE FUNCIONAMENTO DO SEU FOGAR DE ACOLLIDA NO ANO 2026

Na Coruña, a de de na sede da Deputación Provincial da Coruña

REUNIDOS

D., en representación da Deputación Provincial da Coruña

D., en representación do Hogar Español de Montevideo- Uruguai

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que ostentan, e recoñecéndose reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento.

MANIFESTAN

O Hogar Español de Montevideo é unha asociación civil ou institución privada sen fins de lucro, constituída para atender aos anciáns e desamparados de orixe español, con

**RPT-6654235



carácter temporal (no seu fogar de día) ou en réxime de residencia permanente. Entre os seus fins está asilar aos anciáns imposibilitados para o traballo e carentes de medios de subsistencia e parentes que podan mantelos; resolver os problemas da ancianidade entre os españois nativos, especialmente os de orixe galego, prestando os servizos necesarios que requira a súa atención.

Na súa solicitude de colaboración financeira manifesta a citada institución o carácter excepcional e singular dos servizos prestados no fogar de acollida, por estar dirixidos a un sector da comunidade española con máis insuficiencia de recursos, na súa meirande parte oriunda de Galicia, sen que se coñeza a existencia de institucións ou entidades que presten servizos de similares características nesta rexión, nin programas de subvencións de concorrencia competitiva na Deputación da Coruña aos que acollerse para cubrir a falla de financiamento necesario para a súa prestación.

Asemade, motiva a súa petición de subvención en razón ao interese público dos servizos que se prestan no fogar de acollida dada a indubidable función social que supón a atención a un dos sectores da poboación máis desfavorecido, constituído pola terceira idade e persoas discapacitadas.

Pola súa banda, a Lei 40/2006, do 14 de decembro, pola que se aproba o Estatuto da cidadanía española no exterior, constitúe o marco xeral de regulación dos dereitos dos españois residentes no exterior, e fai un chamamento xeral a todos os poderes públicos para, entre outros aspectos, promover a protección e apoio aos servizos sociais para maiores e dependentes (art. 20), así como á colaboración entre o Estado, as Comunidades Autónomas e as Corporacións locais para a promoción de políticas de protección e retorno.

Os cidadáns da provincia da Coruña e as institucións que a representan deben manter unha estreita relación solidaria con aqueles dos seus concidadáns que por diversas circunstancias se atopan afastados da súa terra, organizados a través de asociacións que, en moitos casos, son o único vínculo de unión que os galegos e galegas do exterior manteñen coa súa terra de orixe e que, como neste caso, contribúen á súa protección e atención das necesidades básicas, así como ao mantemento dos lazos culturais.

Sendo finalidade común a ambas as dúas entidades a pervivencia das entidades asociativas galegas, co afán de axudar e mellorar a cualidade de vida dos galegos no exterior, especialmente aqueles que están máis necesitados, de mellorar a divulgación dos valores culturais galegos, e estimando conveniente a realización de actuacións que conleven garantir o mantemento de vínculos coa comunidade galega no exterior

Que, en virtude das consideracións anteriores, a Deputación da Coruña e o Hogar Español de Montevideo-Uruguai acordan subscribir o presente convenio de colaboración dacordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o HOGAR ESPAÑOL DE MONTEVIDEO, Uruguai (a beneficiaria, en adiante) para o cofinanciamento dos gastos de funcionamento dos servizos prestados aos usuarios durante o ano 2026, no fogar de acollida sito en Avda.



Instrucciones 981, de Montevideo (Uruguai).

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR POLA ENTIDADE BENEFICIARIA

O orzamento dos gastos aludidos no apartado anterior ascende a 80.000,00 €, o seu equivalente en pesos uruguaiois, e o seu desglose é o seguinte:

CONCEPTO	IMPORTE
Mantemento	2.593,00 €
Pañais xeriátricos	11.866,00 €
Alimentación	65.541,00 €
TOTAL	80.000,00 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU APORTEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento do proxecto, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **60.000,00 €**, que equivale ao 75 % de coeficiente de financiamento.

2. No caso de que os gastos xustificadas non acadasen os importes totais previstos na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente a porcentaxe do coeficiente de financiamento (75 %) da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade

3. Agora ben, se as cantidades xustificadas resultan inferiores ao 75 % do orzamento previsto na cláusula II, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao cobro da mesma.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á partida 0520/23132/481, do orzamento xeral para o 2026, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

5. A achega provincial é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a aportación provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.



IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministros necesarios para a execución da actividade corresponderalle á entidade beneficiaria.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á entidade beneficiaria, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000 euros, con carácter previo á contratación, a entidade beneficiaria deberá solicitar alomenos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a entidade beneficiaria tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da entidade beneficiaria.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. A achega da Deputación seralle aboada á beneficiaria unha vez que se presente a seguinte documentación:

a. Memoria da actuación, subscrita polo representante legal da entidade beneficiaria, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

b. Certificación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula II.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsas deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o presente ano.

c. Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.



d. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

e. Declaración de todos os ingresos de natureza pública ou privada obtidos para a mesma finalidade, con indicación do seu importe e procedencia, así como dos propios ingresos que xere a actividade subvencionada ou, pola contra, manifestación de que non se obtiveron outros ingresos para mesma finalidade, asinada polas persoas que exerzan a responsabilidade de tesouraría e a representación legal da entidade.

f. Acreditación do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que fixera das actividades subvencionadas.

2. Para os efectos de cuantificar o gasto subvencionable xustificado en moeda distinta ao euro, a entidade beneficiaria determinará o tipo de cambio oficial aplicable, tendo en conta os métodos contables xeralmente admitidos. Todos os pagamentos que realice a Deputación serán en moeda euro.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula I, deberán estar realizadas entre o 01.01.2026 e o 31.12.2026.

2. Unha vez rematadas as actividades, a entidade beneficiaria deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula VI antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula XIII.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto co disposto na Lei de subvencións e na Ordenanza Xeral de Subvencións e Transferencias da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación aportada.

VIII.- ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL.

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por ésta.



IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.
3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a entidade beneficiaria deberá contar alomenos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificandos e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuiamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá conlevar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, o incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sendo de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Ordenanza provincial xeral de subvencións e transferencias (BOP nº 36, do 24 de febreiro de 2021).
3. Para os supostos de retraso na realización das actividades ou na presentación da xustificación estarase ao disposto na Ordenanza provincial xeral de subvencións e transferencias (BOP nº 36, do 24 de febreiro de 2021).



XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención á entidade beneficiaria será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o día 1 de xaneiro de 2026, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade a dita data, e conservará a súa vixencia ata o día 30 de outubro do 2027.

2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter rematadas as actividades e presentada a xustificación antes do día 30 de outubro de 2027, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial de xustificación, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de decembro do 2027. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á cuantía non xustificada a dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando sustancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a



distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo do Pleno Corporativo de data ____ de ____

E en proba de conformidade, asinan por duplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

Pola Deputación provincial da Coruña
Montevideo

Polo Hogar Español de

Asdo:

Asdo:"

27.- Aprobación da formalización dun convenio administrativo de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a ASOCIACIÓN CENTRO BETANZOS EN BOS AIRES para financiar a MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DA RADIO ENXEBRE DO CENTRO DE BETANZOS DE BOS AIRES (ARXENTINA).

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

1. Levantar o reparo emitido pola Intervención da Deputación da Coruña no seu informe con data 21 de xullo de 2026 conforme o artigo 217 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo.
2. Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión dunha subvención nominativa, por existir razóns suficientes de interese público, social, económico ou humanitario. Estes principios atópanse recollido nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.
3. Aprobar a concesión da subvención nominativa por importe de 12.623,38 € á Asociación Centro Betanzos en Buenos Aires NIF T000000005 para financiar a Modernización tecnolóxica da Radio Enxebre do Centro de Betanzos de Bos Aires (Arxentina), cun orzamento subvencionado de 15.779,22 €, de acordo co texto do

**RPT-6654235



convenio que se achega.

4. Imputar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 0520/23132/781 do vixente orzamento xeral.
5. Aprobar o texto do convenio que se recolle a continuación.
6. Publicar a concesión da subvención directa na BDNS e notificar ao interesado.

Número /2026

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CENTRO DE BETANZOS DE BUENOS AIRES PARA FINANCIAR O PROXECTO “MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DA RADIO ENXEBRE DO CENTRO DE BETANZOS DE BOS AIRES (ARXENTINA)”

Na Coruña, a de de na sede da Deputación Provincial da Coruña

REUNIDOS

Dunha parte, _____, en representación da Deputación Provincial da Coruña, e

Doutra parte, _____, en representación da Centro de Betanzos de Buenos Aires

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que ostentan, e recoñecéndose reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento.

MANIFESTAN

A Deputación da Coruña é unha entidade pública local de ámbito provincial que ten como fins propios e específicos garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, entre cuxas competencias está a de cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e, en xeral, o fomento e administración dos intereses peculiares da provincia.

A Asociación Centro de Betanzos de Buenos Aires, fundada en 1905, é unha das institucións máis representativas e con maior traxectoria da diáspora galega en Arxentina, dedicada a manter vivos os lazos co municipio de Betanzos mediante a preservación da súa cultura, tradicións e memoria histórica. Ao longo de máis dun século de traxectoria, esta institución fomentou unha profunda cohesión social e diplomacia cultural na Cidade Autónoma de Bos Aires, convertíndose nun punto de encontro intergeneracional onde a colectividade galega e os seus descendentes celebras as súas raíces a través de actividades emblemáticas como as festividades tradicionais de San Roque e Os Caneiros.

A Radio Enxebre é a voz oficial do Centro de Betanzos e un pilar fundamental para a

**RPT-6654235



difusión da cultura galega en Arxentina. Esta radio naceu co obxectivo de manter vivo o vínculo emocional dos emigrantes e os seus descendentes coas súas raíces, ofrecendo unha programación que combina música folclórica, noticias de Galicia e actualidade da colectividade en Bos Aires.

Os cidadáns da provincia da Coruña e as institucións que a representan deben manter unha estreita relación solidaria con aqueles dos seus concidadáns que por diversas circunstancias se atopan afastados da súa terra, organizados a través de fundacións que, en moitos casos, son o único vínculo de unión que os galegos e galegas do exterior manteñen coa súa terra de orixe e que, como neste caso, contribúen ao mantemento dos lazos culturais.

Sendo finalidade común a ambas as dúas entidades a pervivencia das entidades asociativas galegas, co afán de axudar e mellorar a cualidade de vida dos galegos no exterior, de mellorar a divulgación dos valores culturais galegos, e estimando conveniente a realización de actuacións que impliquen garantir o mantemento de vínculos coa comunidade galega no exterior, acordan a sinatura do presente convenio de colaboración, suxeito ás seguintes cláusulas:

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Centro de Betanzos de Buenos Aires (en adiante, entidade beneficiaria) para o cofinanciamento da “Modernización tecnolóxica da Radio Enxebre do Centro de Betanzos de Bos Aires (Arxentina)”

II. ORZAMENTO DE GASTOS DO INVESTIMENTO

O orzamento dos gastos dos investimentos do proxecto aludido no apartado anterior ascende a 15.779,22 €, e o seu desglose é o seguinte:

CONCEPTO	IMPORTE
Sistema audiovisual	5.194,81 €
Iluminación	1.298,70 €
Computadoras	3.246,75 €
Audio	2.597,40 €
Pantalla	1.168,83 €
Infraestrutura	1.298,70 €
Instalacións e posta en marcha	974,03 €
TOTAL ORZAMENTO	15.779,22 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU APORTEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento do proxecto, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **12.623,38 €**, que equivale ao **80,00 %** de coeficiente de financiamento.

2. No caso de que os gastos xustificadas non acadasen os importes totais previstos na



cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente a porcentaxe do coeficiente de financiamento **(80,00 %)** da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

3. Agora ben, se as cantidades xustificadas resultan inferiores ao 75 % do orzamento previsto na cláusula II, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao cobro da mesma.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á partida 0520/23132/781, do orzamento xeral para o 2026, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A achega provincial é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a aportación provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV. CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministros necesarios para a execución do obxecto do convenio corresponderalle á entidade beneficiaria.

Poderase contratar os investimentos subvencionados con personas ou entidades vinculadas á beneficiaria cumprindo os seguintes requisitos:

a. Presentación no momento da solicitude de autorización de execución parcial do obxecto da subvención con persoas vinculadas á entidade. No caso de non estar prevista a operación vinculada no momento da solicitude, poderá presentarse con carácter previo á contratación da prestación coa persoa vinculada.

b. Que se obteña a previa autorización expresa da Deputación.

c. Que o importe subvencionable non exceda do coste incorrido pola entidade vinculada. A acreditación do coste se realizará na xustificación nos mesmos termos establecidos para a acreditación dos gastos da entidade beneficiaria.

d. Que a contratación de actividades e servizos con persoas vinculadas non supere o límite máximo do 40 por cento do orzamento subvencionado que se ha de xustificar, sumando os importes de todos os contratos con persoas vinculadas.

Considérase que existe vinculación coas persoas físicas e xurídicas nas que conorra algunha das circunstancias previstas no artigo 68.2 do RD 887/2006 polo que se aproba o Regulamento da lei xeral de subvencións. Inclúese como vinculación aos ex-socios, e-administradores ou ex-membros da Xunta Directiva durante os 2 anos seguintes ao seu cesamento.

No caso de servizos profesionais prestados polos socios baixo unha relación laboral non dependente que se xustifiquen mediante unha factura para a retribución dos seus servizos, considerarase operación vinculada.



2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000,00 euros, con carácter previo á contratación, a entidade beneficiaria deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a entidade beneficiaria tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V. PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización do proxecto, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Adquirido os bens, a entidade beneficiaria deberá poñer un cartel en lugar visible da sala de xeito que se deixe constancia da data de adquisición e do financiamento e logotipo provincial. O texto estará redactado en galego.

3. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da entidade beneficiaria.

VI. XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle abonada á entidade beneficiaria unha vez que se presente a seguinte documentación:

a. Memoria da actuación, subscrita polo representante legal da entidade beneficiaria, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación da adquisición realizada e dos resultados obtidos.

b. Certificación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula II.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente á adquisición realizada durante o presente ano.

c. Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

d. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

e. Declaración de todos os ingresos de natureza pública ou privada obtidos para a mesma finalidade, con indicación do seu importe e procedencia, así como dos propios ingresos que xere a actividade subvencionada ou, pola contra, manifestación de que non se obtiveron outros ingresos para mesma finalidade, asinada polas persoas que exerzan a responsabilidade de tesouraría e a representación legal da entidade.



f. Acreditación do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que fixera da adquisición subvencionada e do cartel, tal como figura disposto na cláusula V.-2 de publicidade.

g. Reportaxe fotográfica dos investimentos realizados.

h. Acta de recepción escaneada ou albarán de entrega.

i. Certificación do acordo da incorporación dos bens adquiridos ao inventario de bens da entidade.

j. Declaración da adscrición dos bens adquiridos á finalidade para a cal se outorgou a subvención durante un período mínimo de dous anos.

2. Para os efectos de cuantificar o gasto subvencionable xustificado en moeda distinta ao euro, o Servizo de desenvolvemento territorial, sectores produtivos, emprego sostible e transición ecolóxica determinará o tipo de cambio oficial aplicable, tendo en conta os métodos contables xeralmente admitidos. Todos os pagamentos que realice a Deputación serán en moeda euro.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DO INVESTIMENTO E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. Os investimentos que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán estar realizadas entre o 01 de xaneiro de 2026 e o 31 de decembro de 2026.

2. Unha vez rematados os investimentos, a entidade beneficiaria deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula XIII.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Ordenanza Xeral de Subvencións e Transferencias da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación presentada.

VIII. ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.



3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por ésta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a entidade beneficiaria deberá contar alomenos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificandos e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X. CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a entidade beneficiaria queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuciamiento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI. REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá conlevar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o incumplimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sendo de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas e na Ordenanza provincial xeral de subvencións e transferencias (BOP nº 36, do 24 de febreiro de 2021).

3.- Para os supostos de retraso na realización dos investimentos ou na presentación da xustificación estarase ao disposto na Ordenanza provincial xeral de subvencións e transferencias (BOP nº 36, do 24 de febreiro de 2021).



XII. INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICIDADE DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.
2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.
3. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII. VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o 30 de outubro de 2027 e terá efectos retroactivos, polo que os investimentos contemplados nel poderán terse realizado dende o 01 de xaneiro de 2026.
2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poda executar o investimento ou presentar a xustificación antes do 30 de outubro de 2027, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial de xustificación, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de decembro de 2027. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.
3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría Xeral e da Intervención Provincial da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV. NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicárase a lexislación de contratos do sector público.
2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.
3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.



Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo do Pleno Corporativo de data _____ de _____

E en proba de conformidade asinan por duplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

Pola Deputación provincial da Coruña

Por Centro de Betanzos de Bos Aires

Asdo:

Asdo:

28.- Aprobación da formalización dun convenio administrativo de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (USC) para financiar o proxecto "INFORME COMPLETO A ECONOMÍA GALEGA. INFORME 2025".

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

1. Levantar o reparo emitido pola Intervención da Deputación da Coruña no seu informe con data 14 de xullo de 2026 conforme o artigo 217 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo.
2. Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión dunha subvención nominativa, por existir razóns suficientes de interese público, social, económico ou humanitario. Estes principios atópanse recollido nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.
3. Aprobar a concesión da subvención nominativa por importe de 35.000,00 € á Universidade de Santiago de Compostela (USC) NIF Q1518001A para financiar o proxecto "Informe completo A Economía Galega. Informe 2025", cun orzamento subvencionado de 50.000,00 €, de acordo co texto do convenio que se achega.
4. Imputar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 0520/24100/45390 do



vixente orzamento xeral.

5. Aprobado o texto do convenio que se recolle a continuación.
6. Publicar a concesión da subvención directa na BDNS e notificar ao interesado.

Número /2026

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (USC) PARA FINANCIAR O PROXECTO “INFORME COMPLETO A ECONOMÍA GALEGA. INFORME 2025 ”

Na Coruña, a de de na sede da Deputación Provincial da Coruña

Ante min, Miguel Iglesias Martínez, Secretario Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedatario actuante

REUNIDOS

Dunha parte, _____, en representación da Deputación Provincial da Coruña, e

Doutra parte, _____, en representación da Universidade de Santiago de Compostela

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que ostentan, e recoñecendo reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento.

MANIFESTAN

Que a Universidade de Santiago de Compostela (USC) ven elaborando un informe anual sobre a economía galega, que describe o contexto macroeconómico nacional e internacional no que se desenvolveu a actividade económica e que aborda o mercado de traballo, os sectores produtivos da economía galega, o sector exterior e o sector público.

Que a Deputación da Coruña, que ten entre as súas competencias o fomento do desenvolvemento económico e social considera de gran interese para a provincia impulsar o desenvolvemento económico e social da provincia coa implementación de políticas públicas que contribúan a xerar riqueza no territorio e contribúan a frear o despoboamento.

Que o financiamento do informe xustifícase polo seu significativo interese público e social. Isto evidénciase en varios aspectos clave:

- A publicación de “A Economía Galega” é un referente dos informes sobre o ámbito económico en Galicia, é unha ferramenta esencial para persoal investigador, responsables das Administracións Públicas, empresas e toda persoa interesada en comprender a dinámica económica da comunidade autónoma galega.



- O seu contido abarca sectores fundamentais que impactan directamente na economía dos concellos da provincia.
- Con 40 anos de publicación anual ininterrompida, o informe demostra ser unha fonte de información consistente e valiosa para a comprensión e o desenvolvemento socioeconómico da provincia.

Que a Excm. Deputación provincial da Coruña e a Universidade de Santiago de Compostela consideran de gran interese continuar coa elaboración dun informe anual, que se ven desenvolvendo dende 1985, no que se realiza un amplo e minucioso estudo sobre a situación actual, a dinámica recente e os problemas socioeconómicos da nosa comunidade.

Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da Universidade de Santiago de Compostela, as dúas partes acordan subscribir un convenio de cooperación conforme ás seguintes:

CLÁUSULAS

I. OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Universidade de Santiago de Compostela (NIF: Q1518001A) para financiar a realización do "INFORME COMPLETO A ECONOMÍA GALEGA. INFORME 2025 "

II. ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR

A Universidade de Santiago de Compostela desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO	ORZAMENTO
Pagos a autores	27.000,00 €
Revisión lingüística	1.800,00 €
Maquetación informe	4.000,00 €
Mantemento web informe	1.500,00 €
Xornada de discusión e difusión de resultados	4.803,45 €
Coordinación e Dirección	4.000,00 €
Custe indirecto *	6.896,55 €
	50.000,00 €

*No momento da xustificación: os gastos de carácter xeral da entidade (gastos de subministracións, auga, luz, etc.) que se adscriban directamente á realización da actividade subvencionada, co límite máximo do 15% dos gastos directos da actividade.

III. FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **35.000,00 €**, o que representa unha porcentaxe do **70%**. A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a



entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 70 % da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0520/24100/45390, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Universidade de Santiago de Compostela obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV. CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministros necesarios para a execución do obxecto do convenio corresponderalle á entidade beneficiaria.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000,00 euros, con carácter previo á contratación, a entidade beneficiaria deberá solicitar alomenos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a entidade beneficiaria tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V. PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da entidade beneficiaria.

VI. XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle abonada á entidade beneficiaria unha vez que se presente a seguinte documentación:

a. Memoria de actuación, subscrita polo representante da entidade, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

b. Certificación clasificada dos gastos realizados, na que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, se fora o caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.



Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o presente ano.

c. Declaración relativa á repercusión do IVE que, se fora o caso, inclúan as facturas xustificativas do gasto realizado. De acordo co disposto no art. 31.8 da Lei xeral de subvencións, o IVE será subvencionable no caso de que non sexa deducible pola entidade.

d. Autorizacións individuais asinadas por cada traballador/a con salario subvencionado, para a cesión á Deputación da Coruña dos datos persoais relacionados co seu contrato de traballo.

e. Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

f. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

g. Declaración de todos os ingresos de natureza pública ou privada obtidos para a mesma finalidade, con indicación do seu importe e procedencia, así como dos propios ingresos que xere a actividade subvencionada ou, pola contra, manifestación de que non se obtiveron outros ingresos para mesma finalidade, asinada polas persoas que exerzan a responsabilidade de tesouraría e a representación legal da entidade.

h. Acreditación do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que fixera das actividades subvencionadas.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán estar realizadas entre o 01 de xaneiro de 2026 e o 31 de decembro de 2026.

2. Unha vez rematadas as actividades, a Universidade de Santiago de Compostela deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula XIII.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á Universidade de Santiago de Compostela para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Universidade de Santiago de Compostela da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Ordenanza Xeral de Subvencións e Transferencias da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade



financeira indicada pola Universidade de Santiago de Compostela na documentación presentada.

VIII. ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL

1. A Universidade de Santiago de Compostela deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por ésta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A Universidade de Santiago de Compostela destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Universidade de Santiago de Compostela deberá contar alomenos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X. CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Universidade de Santiago de Compostela poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Universidade de Santiago de Compostela queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuciamiento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.



XI. REINTEGRO, INFRACCIÓN E SANCIÓN

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá conlevar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o incumplimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sendo de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas e na Ordenanza provincial xeral de subvencións e transferencias (BOP número 185 de 29 de setembro de 2025).

3.- Para os supostos de retraso na realización das actividades ou na presentación da xustificación estarase ao disposto na Ordenanza provincial xeral de subvencións e transferencias (BOP número 185 de 29 de setembro de 2025).

XII. INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICIDADE DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII. VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de outubro de 2027** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 01 de xaneiro de 2026.

2. Para o caso de que a Universidade de Santiago de Compostela non poida realizar as actividades ou presentar a xustificación antes do 31 de outubro de 2027, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial de xustificación, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de decembro de 2027. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría Xeral e da Intervención Provincial da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da



subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV. NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicárase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo do Pleno Corporativo de data _____ de _____

E en proba de conformidade asinan por duplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

Pola Deputación provincial da Coruña
de Compostela

Pola Universidade de Santiago

Asdo:

Asdo:

O Secretario Xeral da Deputación Provincial A Coruña

Asdo.

29.- Aprobación da formalización dun convenio administrativo de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a ASOCIACIÓN PARA A DEFENSA ECOLÓXICA DE GALIZA (ADEGA) para financiar o PROXECTO RÍOS NA PROVINCIA DA CORUÑA, anualidade 2026.

VOTACIÓN

Votan a favor: 17 deputados/as (10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: 14 deputados/as (PP)

Abstéñense: ningún/ha deputado/a



ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PSOE, BNG e Alternativa dos Veciños e os votos en contra do PP, acorda:

1. Levantar o reparo emitido pola Intervención da Deputación da Coruña no seu informe con data 17 de xullo de 2026 conforme o artigo 217 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo.
2. Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión dunha subvención nominativa, por existir razóns suficientes de interese público, social, económico ou humanitario. Estes principios atópanse recollido nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.
3. Aprobar a concesión da subvención nominativa por importe de 30.000,00 € á Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA) NIF G15044811 para financiar o proxecto “Proxecto Ríos na provincia da Coruña, anualidade 2026”, cun orzamento subvencionado de 37.846,58 €, de acordo co texto do convenio que se achega.
4. Autorizar á Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA) para que poidan concertar, ata o límite do 40 %, a execución do obxecto da subvención con entidades e/ou persoas vinculadas á entidade, cumprindo os requisitos establecidos no artigo 29.7.d da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
5. Imputar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 0520/17221/481 do vixente orzamento xeral.
6. Aprobar o texto do convenio que se recolle a continuación.
7. Publicar a concesión da subvención directa na BDNS e notificar ao interesado

Número /2026

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN PARA A DEFENSA ECOLÓXICA DE GALIZA (ADEGA) PARA FINANCIAR O PROXECTO RÍOS NA PROVINCIA DA CORUÑA, ANUALIDADE 2026.

Na Coruña, a de de na sede da Deputación Provincial da Coruña

Ante min, Miguel Iglesias Martínez, Secretario Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedatario actuante

REUNIDOS

**RPT-6654235



Dunha parte, _____, en representación da Deputación Provincial da Coruña, e

Doutra parte, _____, en representación da Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA).

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que ostentan, e recoñecéndose reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento.

MANIFESTAN

Que actualmente incrementouse na sociedade a preocupación polos problemas relativos á conservación do noso patrimonio natural e da nosa diversidade. A globalización dos problemas ambientais e a crecente percepción dos efectos do cambio climático; o progresivo agotamento dalgúns recursos naturais; a desaparición, ás veces irreversible, da grande cantidade de especies da flora e fauna silvestres, e a degradación de espazos naturais de interese son motivos de preocupación para a cidadanía.

Que os ríos galegos constitúen ecosistemas de gran valía e dunha considerable riqueza natural cunha grande biodiversidade e porcentaxe de endemismos que dan un valor excepcional na actual situación mundial de crise ecolóxica e desempeñan un papel importante no ciclo da auga así como nas condicións climáticas locais.

Que a auga é un patrimonio que hai que protexer e defender para que poida ser utilizado de forma sostible para a satisfacción das necesidades humanas.

Que a Excm. Deputación provincial da Coruña e a Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA) consideran de gran interese para a provincia dar a coñecer o noso patrimonio fluvial e as problemáticas ambientais a el asociadas, así como fomentar prácticas e comportamentos na cidadanía que permitan o mantemento e a mellora dos cursos fluviais mediante a súa participación.

Que a Deputación da Coruña, que ten entre as súas competencias o fomento do desenvolvemento económico e social e a protección do medio ambiente, recoñece a importancia do labor que a Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA) desenvolve, sobre todo no que se refire á defensa da sostenibilidade dos nosos cursos fluviais, contribuír a incrementar a concienciación ambiental a través da participación cidadá e aportar solucións aos problemas asociados á auga e aos ríos, De ahí que o fomento, por parte da administración, das actividades realizadas por ADEGA sexa parte importante na preservación deste recurso fluvial.

Que o apoio da Deputación da Coruña ao proxecto Ríos na provincia da Coruña para a anualidade 2026 que a Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA) desenvolve, permite beneficiar a un maior número de colectivos da provincia, polo que, en virtude das consideracións anteriores, a Deputación da Coruña e a Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA) acordan subscribir o presente convenio de colaboración dacordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I. OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (en

**RPT-6654235



adiante, ADEGA) (NIF: G15044811) para financiar o proxecto Ríos na provincia da Coruña, anualidade 2026, no que se integran as seguintes actividades:

- Coordinación, orientación, captación e asesoramento do voluntariado
- Elaboración e edición de materiais educativos e divulgativos
- Formación: Cursos para voluntarios do Proxecto Ríos.
- Saídas formativas: consisten en facer unha inspección de río co apoio da equipa educativa do Proxecto Ríos.
- Limpeza simultánea de ríos: Realizarase unhas Limpeza de ríos para os concellos de A Coruña, encadrada na Limpeza simultánea de ríos galega e ofreceráse asesoramento e material (divulgativo).
- Comunicación e difusión
- Custodia fluvial (no río Sar): ADEGA en colaboración cos concellos de Ames e Santiago de Compostela, deseñará actuacións nas beiras do río Sar, nas que está a desenvolver un proxecto de Custodia fluvial, nas parcelas cedidas para tal efecto.
- 20 anos do Proxecto Ríos:
 - Instalación da exposición '20 Anos do Proxecto Ríos' en 10 centros de ensinanza, colectivos sociais, concellos, etc...
 - Campaña en redes sociais #SumateáCorrente con publicacións mensuais con recordos históricos (fotos, vídeos...) e chamamento á participación cidadá
 - Publicación de 20 posts.
 - Publicación conmemorativa tipo póster ou infografía que recolla os datos máis relevantes da participación social no Proxecto Ríos.
- Memoria – informe de accións: información pormenorizada de cada unha das liñas de acción propostas que irán acompañadas de imaxes (carteles, imaxes das publicacións nas redes sociais, fotos das actividades, etc)

II. ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR

ADEGA desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

GASTOS DIRECTOS	TOTAL
Soldos e Salarios (Persoal directo)	19.541,01 €
Seguridade social a cargo da entidade (Persoal directo)	6.296,11 €
Desprazamentos (Gastos de manutención, viaxes e aloxamento vinculados directamente coa actividade obxecto desta subvención)	1.122,95 €
Compra de bens destinados á actividade (Material funxible)	2.750,00 €
Publicidade e propaganda (Cartelería, folletos, camisetas, carpetas, fichas e outro material destinado a difusión e realización das actividades)	1.900,00 €
Contratacións externas / Servizos profesionais independentes (Deseño e maquetación materiais publicidade e propaganda, servizos de paquetería e envíos e outros servizos destinados á realización das actividades)	1.300,00 €

**RPT-6654235



TOTAL GASTOS DIRECTOS	32.910,07 €
GASTOS XERAIS *	TOTAL
Soldos e Salarios (Persoal indirecto)	2.844,89 €
Seguridade social a cargo da entidade (Persoal indirecto)	916,62 €
Comunicacións (Correos, teléfono, internet, aloxamento web,...)	350,00 €
Subministracións (Auga, gas, electricidade,..)	150,00 €
Arrendamentos (Aluguer local..)	675,00 €
TOTAL GASTOS XERAIS	4.936,51 €
TOTAL PROXECTO	37.846,58 €

*Gastos de carácter xeral da entidade (gastos de subministracións, auga, luz, etc.) que se adscriban directamente á realización da actividade subvencionada, co límite máximo do 15% dos gastos directos da actividade.

III. FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **30.000,00 €**, o que representa unha porcentaxe do **79,2674 %**. A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só alcanzará o importe que represente o **79,2674 %** da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0520/17221/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que ADEGA obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a aportación provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV. CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministros necesarios para a execución do obxecto do convenio corresponderalle á entidade beneficiaria.

Poderase contratar as actividades subvencionadas con personas ou entidades vinculadas á beneficiaria cumprindo os seguintes requisitos:

a. Presentación no momento da solicitude de autorización de execución parcial do obxecto da subvención con persoas vinculadas á entidade. No caso de non estar prevista a operación vinculada no momento da solicitude, poderá presentarse con carácter previo á contratación da prestación coa persoa vinculada.



- b. Que se obteña a previa autorización expresa da Deputación.
- c. Que o importe subvencionable non exceda do coste incorrido pola entidade vinculada. A acreditación do coste se realizará na xustificación nos mesmos termos establecidos para a acreditación dos gastos da entidade beneficiaria.
- d. Que a contratación de actividades e servizos con persoas vinculadas non supere o límite máximo do 40 por cento do orzamento subvencionado que se ha de xustificar, sumando os importes de todos os contratos con persoas vinculadas.

Considérase que existe vinculación coas persoas físicas e xurídicas nas que concurra algunha das circunstancias previstas no artigo 68.2 do RD 887/2006 polo que se aproba o Regulamento da lei xeral de subvencións. Inclúese como vinculación aos ex-socios, e-administradores ou ex-membros da Xunta Directiva durante os 2 anos seguintes ao seu cesamento.

A realización da actividade por persoas traballadoras contratadas polos propios beneficiarios/as non se considerará operación vinculada, sempre que os salarios devindicados se atean aos convenios colectivos en vigor.

No caso de servizos profesionais prestados polos socios baixo unha relación laboral non dependente que se xustifiquen mediante unha factura para a retribución dos seus servizos, considerarase operación vinculada.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000,00 euros, con carácter previo á contratación, a entidade beneficiaria deberá solicitar alomenos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a entidade beneficiaria tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V. PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

- 1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
- 2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da entidade beneficiaria.

VI. XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. A entidade beneficiaria poderá solicitar a realización dun primeiro pagamento por importe equivalente ao 50% da subvención concedida, con carácter de anticipo prepagable, de acordo co previsto no art. 31.3 da Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación da Coruña (BOP número 185, do 29 de setembro de 2025), que deberán atermos ás seguintes normas:

- a) Requirirase a previa constitución de fianza, aval ou garantía suficiente polo importe total da cantidade anticipada máis un 20 por 100 en concepto de posibles intereses moratorios, excepto as entidades exentas por lei da prestación de garantías ou caucións.
- b) Deberá acreditarse que o beneficiario está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- c) Non será posible expedir un pago anticipado se o beneficiario ten pendente de



xustificación unha cantidade anticipada con anterioridade, e logo de transcorrer o prazo de xustificación disposto, non se achegou a documentación xustificativa da aplicación total dos fondos anticipados nas condicións establecidas no acordo ou convenio correspondente.

2. Rematada completamente a realización das actividades procederase ao aboamento do 50 por cento restante, unha vez que se presente a seguinte documentación:

a. Memoria de actuación, subscrita polo representante da entidade, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos durante o primeiro semestre.

b. Certificación clasificada dos gastos realizados durante o primeiro semestre, na que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, se fora o caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

c. Declaración relativa á repercusión do IVE que, se fora o caso, inclúan as facturas xustificativas do gasto realizado. De acordo co disposto no art. 31.8 da Lei xeral de subvencións, o IVE será subvencionable no caso de que non sexa deducible pola entidade.

d. Autorizacións individuais asinadas por cada traballador/a con salario subvencionado, para a cesión á Deputación da Coruña dos datos persoais relacionados co seu contrato de traballo.

e. Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

f. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

g. Declaración de todos os ingresos de natureza pública ou privada obtidos para a mesma finalidade, con indicación do seu importe e procedencia, así como dos propios ingresos que xere a actividade subvencionada ou, pola contra, manifestación de que non se obtiveron outros ingresos para mesma finalidade, asinada polas persoas que exerzan a responsabilidade de tesouraría e a representación legal da entidade.

h. Acreditación do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que fixera das actividades subvencionadas.

Este segundo pago permitirá completar o pago da totalidade da achega provincial de tal forma que se na xustificación final resulta acreditado unha cantidade inferior do importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80 % da cantidade efectivamente xustificada, en relación co previsto na cláusula terceira do presente convenio.

Polo tanto, no caso de xustificar xunto coa xustificación unha cantidade inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, iniciárase o oportuno expediente de reintegro da totalidade da achega.

ADEGA deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e



coa seguridade social, de conformidade coa cláusula oitava

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán estar realizadas entre o 01 de xaneiro de 2026 e o 31 de decembro de 2026.

2. Unha vez rematadas as actividades, a ADEGA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula XIII.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á ADEGA para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á ADEGA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Ordenanza Xeral de Subvencións e Transferencias da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ADEGA na documentación presentada.

VIII. ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL

1. ADEGA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por ésta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. ADEGA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, ADEGA deberá contar alomenos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.



X. CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ADEGA poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, ADEGA queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuiamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI. REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumplimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá conlevar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o incumplimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sendo de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas e na Ordenanza provincial xeral de subvencións e transferencias (BOP nº 36, do 24 de febreiro de 2021).

3.- Para os supostos de retraso na realización das actividades ou na presentación da xustificación estarase ao disposto na Ordenanza provincial xeral de subvencións e transferencias (BOP nº 36, do 24 de febreiro de 2021).

XII. INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCiónS E PUBLICIDADE DA SUBVENCión CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.



XIII. VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o 31 de outubro de 2027 e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 01 de xaneiro de 2026.
2. Para o caso de que ADEGA non poda presentar a xustificación antes do 31 de outubro de 2027, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial de xustificación, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de decembro de 2027. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.
3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría Xeral e da Intervención Provincial da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV. NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicárase a lexislación de contratos do sector público.
2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.
3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo do Pleno Corporativo de data _____ de _____

E en proba de conformidade asinan por duplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

Pola Deputación provincial da Coruña

Asdo:

Por ADEGA

Asdo:

O Secretario Xeral da Deputación Provincial A Coruña

Asdo.



30.- Aprobación da formalización dun convenio administrativo de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS DE MULLERES RURAIS DE GALICIA (FADEMUR Galicia) para financiar o proxecto "POR UN RURAL VIVO E XOVEN", no marco do Plan de Emprego Local, PEL, anualidade 2026.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1. Levantar o reparo emitido pola Intervención da Deputación da Coruña no seu informe con data 14 de xullo de 2026 conforme o artigo 217 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo.

2. Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión dunha subvención nominativa, por existir razóns suficientes de interese público, social, económico ou humanitario. Estes principios atópanse recollido nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

3. Aprobar a concesión da subvención nominativa por importe de 136.000,00€ á Federación de Asociacións de Mulleres Rurais de Galicia (FADEMUR Galicia) para o financiamento do proxecto “Por un Rural Vivo e Xoven”, no marco do Plan de Emprego Local, PEL, anualidade 2026.

4. Imputar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 0520/24100/481 do vixente orzamento xeral.

5. Aprobar o texto do convenio que se recolle a continuación.

6. Publicar a concesión da subvención directa na BDNS e notificar ao interesado.

/2026

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN DA CORUÑA E A FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS DE MULLERES RURAIS DE GALICIA (FADEMUR GALICIA) PARA O FINANCIAMENTO DO PROXECTO “POR UN RURAL VIVO E XOVEN”, NO MARCO DO PLAN DE EMPREGO LOCAL, PEL, ANUALIDADE 2026

Na Coruña, a de de na sede da Deputación Provincial da Coruña



Ante min, Miguel Iglesias Martínez, Secretario Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedatario actuante

REUNIDOS

D., en representación da Deputación Provincial da Coruña.

D., en representación da FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓN DE MULLERES RURAIS DE GALICIA

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que ostentan, e recoñecéndose reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento

MANIFESTAN

Que a Deputación da Coruña a través do programa “Provincia Emprendedora” para o fomento do emprendemento e a actividade empresarial da provincia, do Plan de Emprego Local, PEL, está a apoiar e promover o emprendemento e a actividade empresarial no ámbito provincial, como fórmula para a creación de emprego estable e de calidade, a xeración de riqueza e o desenvolvemento socioeconómico da provincia.

Que a FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓN DE MULLERES RURAIS DE GALICIA (FADEMUR GALICIA), en adiante FADEMUR, conta cunha ampla presenza na provincia da Coruña, a través dunha rede de asociacións e axentes que lle permiten intervir directamente no medio rural e adaptar as súas actuacións ás necesidades reais da poboación. Así, a entidade vén desenvolvendo programas e actuacións centrados no ámbito rural e máis concretamente no sector agrario, con especial incidencia no emprendemento e o emprego, a formación e a capacitación, a igualdade de oportunidades, a inclusión social e a dinamización do rural.

Que a Deputación da Coruña e FADEMUR consideran de grande interese para a provincia, contribuír a revertir o abandono rural mediante a activación xuvenil e a frear a despoblación progresiva que amenza a súa sustentabilidade social, económica e cultural.

Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e FADEMUR no marco dos seus fins e competencias, ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓN DE MULLERES RURAIS DE GALICIA (CIF G-84095389) (en adiante FADEMUR) para o financiamento do proxecto “POR UN RURAL VIVO E XOVEN”, no marco do Plan de Emprego Local, PEL, na anualidade 2026.



O proxecto ten como obxectivo xeral, impulsar o emprendemento e a activación económica no medio rural da provincia da Coruña, con especial atención ás mulleres rurais e xóvenes, favorecendo a súa autonomía económica e o arraigo territorial

Entre os seus obxectivos específicos, están os seguintes:

- 1.Fomentar iniciativas emprendedoras no sector agrario do rural da provincia, con especial atención ás lideradas por mulleres.
- 2.Acompañar o desenvolvemento de proxectos desde a idea ata a súa posta en marcha.
- 3.Facilitar o acceso ás redes profesionais.
- 4.Mellorar a percepción do rural.
- 5.Contribuír ao relevo xeracional.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR POLA ENTIDADE BENEFICIARIA

FADEMUR levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
1. Persoal técnico e mentores Contratación de equipo de coordinación, asesoría e mentorización	80.000,00€
2. Formación e xornadas Organización de talleres, cursos, encontros e xornadas divulgativas	24.000,00€
3. Campañas de comunicación e promoción Produción de contidos, redes sociais, medios locais, materiais gráficos	20.000,00€
4. Materiais Material didáctico, papelería, merchandising	10.000,00€
5. Transporte e loxística Desprazamentos para actividades, visitas a zonas rurais, dietas	10.000,00€
6. Avaliación e seguimento Ferramentas de medición de impacto, enquisas e informes finais	6.000,00€
7. Gastos xerais e xestión administrativa Gastos xerais	20.000,00€
TOTAL	170.000,00€

**Gastos de carácter xeral da entidade (gastos de subministracións, auga, luz, etc) que se adscriban directamente á realización da actividade subvencionada co límite máximo do 15% dos gastos directos da actividade.*



III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define cláusula primeira, cunha achega máxima de 136.000,00€, o que representa unha porcentaxe do 80,00%. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00% da cantidade efectivamente xustificada.
2. Agora ben, se a cantidade xustificada, resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao cobro da mesma.
3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0520/24100/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que FADEMUR obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministros necesarios para a execución da actividade corresponderalle FADEMUR. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidade vinculadas FADEMUR, nin con calquera outra na que conorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.
2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 15.000 euros, con carácter previo á contratación, FADEMUR deberá solicitar alomenos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña e se utilizará o logotipo da Deputación da Coruña, dispoñible na páxina web <https://www.dacoruna.gal/documentacion/logos/logotipos>
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga por FADEMUR.



VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle abonada a FADEMUR unha vez que se presente a seguinte documentación:

- 1.- Memoria de actuación, suscrita polo representante legal de FADEMUR, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- 2.- Relación clasificada dos gastos realizados, na que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse orixinais ou copias debidamente compulsadas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá extenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentadas como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- 3.- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.
- 4.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.
- 5.- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
6. Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- 7.- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a aportación de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas alomenos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DECIMOTERCEIRA.
2. Unha vez rematadas as actividades, FADEMUR deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMOTERCEIRA.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade Xestora remitiralle un requirimento a FADEMUR para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto, tal e como se indica na cláusula DÉCIMOTERCEIRA. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá a FADEMUR da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e nas Bases de Execución do



Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. FADEMUR deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social. E para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
2. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por esta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. FADEMUR destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte imposible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.
3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impoñer, FADEMUR deberá contar alomenos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, FADEMUR poderá ser escollida pola Intervención Provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, FADEMUR, queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.



XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓN E SANCIÓN

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, Xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación de FADEMUR remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención a FADEMUR será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o **30 de xuño de 2027**.

2. Previa solicitude de FADEMUR realizada alomenos dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e contratación, da Secretaría e



da Intervención da Deputación.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- NATURALEZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial,

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso- administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno corporativo o día ____ de ____ de ____

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes en exemplar cuaduplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

Pola Deputación da Coruña

Pola Federación de Asociacións de Mulleres Rurais de Galicia

Asdo.

Asdo.

O Secretario Xeral da Deputación Provincial A Coruña

Asdo.”

31.- Aprobación da inclusión no Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación da Coruña 2025/2027 do I Premio de Pódcast “Transmitindo Na Lingua Galega”.

Sr. Secretario

Neste caso, hai unha proposta da deputada por un erro material no ditame no que debe incluírse que o premio é un premio de pódcast, transmitindo en lingua galega. Entón, en todas as alusións ao título incluírase que o premio é un premio de pódcast; se están de acordo na proposta, vótase o ditame, simplemente se inclúe ese erro.



VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Primeiro.- Aprobar a inclusión no Plan estratéxico de subvencións da Deputación da Coruña 2025/2027 da convocatoria do I Premio de Pódcast “Transmitindo Na Lingua Galega” PREM-TN proposta pola Oficialía Maior. Sección de Normalización Lingüística.

Segundo.- Incluír no Plan estratéxico de subvencións da Deputación da Coruña 2025/2027 a ficha individualizada do programa de subvencións indicada no apartado 1º, con referencia aos seus obxectivos estratéxico e operativo, que quedaría como se transcribe a continuación:

FICHA DE PREMIO / CONCURSO

Liña de fomento provincial	I Premio Transmitindo Na Lingua Galega
Código identificativo	PREM - TN
Área	Normalización Lingüística
Servizo / Sección	Oficialía Maior. Sección de Normalización Lingüística
Competencia desenvolvida	Normalización Lingüística
Custe previsible	- 20.000,00 €. repartidos en 4 categorías de 5.000,00€ - 2.400,00€ xurado (3 persoas/800€ cada)
Finalidade (segundo a clasificación funcional do gasto)	Apoiar a existencia e difusión de contidos en lingua galega Promover a creación e produción de pódcasts en lingua galega, co fin de contribuír ao fomento do uso do galego no ámbito da creación sonora e a diversidade temática Apoiar o uso da lingua galega
Fontes de financiamento	Propias
Normativa de xestión	Bases reguladoras da convocatoria do Premio
Mecanismo de concesión	Convocatoria pública
Publicación	BOP
Sector obxectivo	Normalización Lingüística
Obxectivo xeral	Promoción da lingua galega
Obxectivo específico	Promoción do galego O.43 Apoiar o desenvolvemento de iniciativas



	sociais normalizadoras a través de concellos e entidades sociais. O.45 Apoiar a existencia e difusión de contidos en lingua galega
Destinatarios	Poderán presentar candidaturas todas as persoas físicas ou xurídicas que sexan autoras dos pódcast, indicando a categoría na que se presentan
Indicadores de seguimento	Nº de candidaturas recibidas

OBXECTIVO ESTRATÉGICO E OPERATIVO:

Obxectivo estratéxico 09		Contribuír aos obxectivos de normalización da lingua galega e fomentar o seu uso dende a institución provincial e os concellos			
OBXECTIVO OPERATIVO	ACTIVIDADE DE FOMENTO				
	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	MODALIDADE	PREVISIÓN ORZAMENTARIA	ÁREA DE COMPETENCIA
O.43 O.45	PREM - TN	I Premio de Pódcast “Transmitindo na Lingua Galega”	Premio	22.400,00 €	Oficialía Maior Normalización Lingüística
OBXECTIVO OPERATIVO		CONCEPTO			
43		Apoiar o desenvolvemento de iniciativas sociais normalizadoras a través de concellos e entidades sociais			
45		Apoiar a existencia e difusión de contidos en lingua galega			

32.- Dación de conta da Resolución de Presidencia número 2026 / 33707 de data 24 de xullo de 2026 pola que se aproba a actualización de tarifas e o aprazamento do pago do Canon da Segunda Anualidade do Contrato de Concesión de Servizos do Centro de Producción Virtual VPXR, Servizo Público da Deputación Provincial da Coruña no marco do proxecto Ecosistema Dixital do Sector Audiovisual da Coruña (EDAGA), A Coruña Estudo Inmersivo (CEI).

Dáse conta da Resolución de Presidencia número 2026 / 33707 de data 24 de xullo de 2026 pola que se aproba a actualización de tarifas e o aprazamento do pago do Canon da Segunda Anualidade do Contrato de Concesión de Servizos do Centro de Producción Virtual VPXR, Servizo Público da Deputación Provincial da Coruña no marco do proxecto Ecosistema Dixital do Sector Audiovisual da Coruña (EDAGA), A Coruña Estudo Inmersivo (CEI).

33.- Aprobación do proxecto da obra Mellora capa de rodadura con mezcla bituminosa en quente DP 3403 da AC-552 a Vilarmide por Senande pq 0+000 ao 3+700 (Dumbria e Muxia)

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a



Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Aprobar o proxecto da obra Mellora capa de rodadura con mezcla bituminosa en quente DP 3403 da AC-552 a Vilarmide por Senande pq 0+000 ao 3+700 (Dumbria e Muxia) e consideralo incluído no orzamento Provincial de 2026 con cargo á aplicación orzamentaria 0410/4531/61900 que se detalla:

Denominación: Reforzo de firme na DP 6121 Mera a Cariño .

Punto quilométrico 5+ 370 ao 8+400 (Cariño))

Código: 2026.1100.0044.0

Orzamento: 492.627,64 €

Prazo de execución: 5 meses”

34.- Aprobación do proxecto da obra Mellora capa de rodadura con mezcla bituminosa en quente na DP 9203, de Caxadas a Baiñas, pq 0+000 ao 2+200 e do pq 4+800 ao 6+130 (Vimianzo)

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“APROBAR o Proxecto Mellora capa de rodadura con mezcla bituminosa en quente na DP 9203, de Caxadas a Baiñas, punto quilométrico 0+000 ao 2+200 e do punto quilométrico 4+800 ao 6+130 (Vimianzo) e consideralo incluído no orzamento Provincial de 2026 con cargo á aplicación orzamentaria 0410/4531/61900 que se detalla:

Denominación: Mellora capa de rodadura con mezcla bituminosa en quente na DP 9203, de Caxadas a Baiñas, punto quilométrico 0+000 ao 2+200 e do punto quilométrico 4+800 ao 6+130 (Vimianzo)

Código: 2026.1100.0045.0

Orzamento: 442.900,52 €

Prazo de execución: 5 meses”



35.- Aprobación do convenio de cooperación entre a Deputación da Coruña e o Concello de Corcubión, polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamiento do proxecto "Representacións históricas en torno ao desembarco das tropas do Arcebispo Rodrigo de Luna e da loita cos cabaleiros dos Condes de Altamira en Corcubión no ano 1457 - ANO 2026"

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1º Levantar os reparos emitidos pola Intervención da Deputación no seu informe, coa motivación incorporada nos apartados 1º e 2º do presente acordo, sendo os reparos os seguintes:

- Falta de motivación da singularidade da entidade e da xustificación da excepcionalidade da actividade realizada, de xeito que xustifiquen a imposibilidade ou non conveniencia da convocatoria pública en concorrencia competitiva da subvención proposta. O que supón a omisión dun requisito ou trámite esencial de acordo co disposto no artigo 216.2.c do TRLRFL así como un incumprimento das condicións establecidas no artigo 22.2 da LXS para xustificar o carácter nominativo da subvención proposta.

- Falta de acreditación dos criterios tomados en consideración para determinar o importe da subvención provincial que se ha conceder e do coeficiente de financiamento.

2º Excepcionar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión dunha subvención nominativa, por existir razóns suficientes de interese público, social, económico ou humanitario. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei Xeral de Subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

3º Apréciase no presente expediente razóns de interese público e social que xustifican a concesión da subvención nominativa.

A actividade a financiar consiste nunha representación do desembarco que se leva a cabo a finais do mes de xullo no que Corcubión volve a ser invadido dende o mar, pero a diferenza do ano 1457, esta vez con carácter lúdico e co fin de rememorar o desembarco das tropas do arcebispo Rodrigo de Luna que en dita data, intentou conquistar a vila. Época na que Corcubión era unha vila próspera, onde recalaban os barcos de mercadores italianos que comercializaban con Flandes e o norte de Europa, e o referido arcebispo, que era tamén señor de Fisterra e Muxía, enviou as súas tropas a conquistar a capital corcubionesa. Pero encontrouse co heroe Gomes de Riobó e con Dona Xoana de Castro, que lles fixeron fronte. Todo elo será reflectido na representación que será unha



maneira de retroceder no tempo para encontrarse coa historia e tradición de Corcubión e da comarca.

4º Aprobar o texto do convenio de colaboración a subscribir entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e CONCELLO DE CORCUBIÓN con CIF P1502800D, para financiar o "Representacións históricas en torno desembarco das tropas do Arcebispo "Rodrigo de Luna" e da loita cos cabaleiros dos "Condes de Altamira" en Corcubión no ano 1457 - ANO 2026 " cun orzamento total de 18.029,00 €

5º A subvención provincial prevista no convenio ascende a un total de 14.423,20 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 80.00 %.

6º A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/4321/46201

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación da Coruña e o CONCELLO DE CORCUBIÓN polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o financiamento das "REPRESENTACIÓNS HISTÓRICAS EN TORNO AO DESEMBARCO DAS TROPAS DO ARCEBISPO RODRIGO DE LUNA E DA LOITA COS CABALEIROS DOS CONDES DE ALTAMIRA EN CORCUBIÓN NO ANO 1457 – ANO 2026".

En A Coruña, a

Ante min, Miguel Iglesias Martínez, Secretario xeral da Deputación da Coruña, como fedatario actuante,

REUNIDOS

Dunha parte....., en representación da Deputación da Coruña

Doutra parte, en representación do CONCELLO DE CORCUBIÓN

Ambos comparecentes recoñécense mutuamente capacidade, lexitimación e representación suficientes para formalizar o presente convenio de cooperación.

EXPOÑEN

Que a Deputación da Coruña e o CONCELLO DE CORCUBIÓN consideran de gran interese a celebración do PROXECTO "REPRESENTACIÓNS HISTÓRICAS EN TORNO AO DESEMBARCO DAS TROPAS DO ARCEBISPO RODRIGO DE LUNA E DA LOITA COS CABALEIROS DOS CONDES DE ALTAMIRA EN CORCUBIÓN NO ANO 1457 – ANO 2026 " consistente nunha representación do desembarco que se leva a cabo a finais do mes de xullo no que Corcubión volve a ser invadido dende o mar, pero a diferenza do ano 1457, esta vez con carácter lúdico e co fin de rememorar o desembarco das tropas do arcebispo Rodrigo de Luna que en dita data, intentou conquistar a vila. Época na que Corcubión era unha vila próspera, onde recalaban os barcos de mercadores italianos que



comercializaban con Flandes e o norte de Europa, e o referido arcebispo, que era tamén señor de Fisterra e Muxía, enviou as súas tropas a conquistar a capital corcubionesa. Pero encontrouse co heroe Gomes de Riobó e con Dona Xoana de Castro, que lles fixeron fronte.

Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e do CONCELLO DE CORCUBIÓN, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes.

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do CONCELLO DE CORCUBIÓN, con CIF P1502800D, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento das "REPRESENTACIÓNS HISTÓRICAS EN TORNO AO DESEMBARCO DAS TROPAS DO ARCEBISPO RODRIGO DE LUNA E DA LOITA COS CABALEIROS DOS CONDES DE ALTAMIRA EN CORCUBIÓN NO ANO 1457 – ANO 2026".

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR

DESCRICIÓN	PREZO	TOTAL
Guionización e coordinación	2.800,00 €	2.800,00 €
Actuacións teatrais	6.900,00 €	6.900,00 €
Son	1.800,00 €	1.800,00 €
Iluminación	1.500,00 €	1.500,00 €
Decoración, escenografía	1.900,00 €	1.900,00 €
Base Imponible		14.900,00 €
IVA 21 %		3.129,00 €
Total		18.029,00 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU APORTEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 14.423,20 €, o que representa unha porcentaxe do 80.0000 %. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe



total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80.0000 % da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (proprios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/4321/46201, onde existe crédito corrente suficiente para o financiamento do proxecto.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o CONCELLO DE CORCUBIÓN obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Corresponderalle ao CONCELLO DE CORCUBIÓN o outorgamento dos contratos de subministro, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.

2. No procedemento de contratación, o CONCELLO DE CORCUBIÓN axustarase toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do CONCELLO DE CORCUBIÓN.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada ao CONCELLO DE CORCUBIÓN, unha vez que se presente a seguinte documentación:

1. Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do CONCELLO DE CORCUBIÓN, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

2. Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA..



3.Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.

4.Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

5.Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

6.Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

O CONCELLO DE CORCUBIÓN deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA terán carácter retroactivo e abrangerán as datas sinaladas na cláusula XIII..

2. Unha vez rematadas as actividades, a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA deberá estar presentada como máximo DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao CONCELLO DE CORCUBIÓN para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto tal como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CONCELLO DE CORCUBIÓN da sanción que, de conformidade con disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE CORCUBIÓN na documentación achegada no prazo máximo de catro meses.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1.O CONCELLO DE CORCUBIÓN deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación da Coruña, e coa Seguridade Social.

2.A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.



3.A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O CONCELLO DE CORCUBIÓN destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o CONCELLO DE CORCUBIÓN deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, ó CONCELLO DE CORCUBIÓN poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a CONCELLO DE CORCUBIÓN queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuiamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio interadministrativo de cooperación poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se debeñan desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.



3. Para os supostos de atraso na realización das actividades ou atraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

4. Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VII.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CONCELLO DE CORCUBIÓN serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018 de 5 de decembro de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao CONCELLO DE CORCUBIÓN será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de cooperación terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día 1 de xaneiro de 2026 ata o 31 de decembro do 2026, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día 31 de maio 2027, sempre e cando exista crédito para tal fin.

2. O CONCELLO DE CORCUBIÓN deberá ter e presentada a xustificación en todo caso antes do día 31 de marzo de 2027.

3. Para o caso de que o CONCELLO DE CORCUBIÓN non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación ante do 31 de marzo de 2027, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito axeitado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano 2027. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o CONCELLO DE CORCUBIÓN perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data.

4. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da



unidade xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario

XIV.- NATURALEZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicárase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o do CONCELLO DE CORCUBIÓN, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ____ do día ____ de ____ de ____

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O representante da Deputación da Coruña,

O representante do CONCELLO DE CORCUBIÓN,

O secretario xeral"

36.- Aprobación do convenio de cooperación entre a Deputación da Coruña e o Concello de Dumbría, polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamiento do proxecto "Turismo científico Monte Pindo"

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:



“1º Levantar os reparos emitidos pola Intervención da Deputación no seu informe, coa motivación incorporada nos apartados 1º e 2º do presente acordo, sendo os reparos os seguintes:

- Falta de motivación da singularidade da entidade e da xustificación da excepcionalidade da actividade realizada, de xeito que xustifiquen a imposibilidade ou non conveniencia da convocatoria pública en concorrência competitiva da subvención proposta. O que supón a omisión dun requisito ou trámite esencial de acordo co disposto no artigo 216.2.c do TRLRFL así como un incumprimento das condicións establecidas no artigo 22.2 da LXS para xustificar o carácter nominativo da subvención proposta.

- Falta de acreditación dos criterios tomados en consideración para determinar o importe da subvención provincial que se ha conceder e do coeficiente de financiamento.

2º Excepcionar para o presente convenio os principios de concorrência, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión dunha subvención nominativa, por existir razóns suficientes de interese público, social, económico ou humanitario. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei Xeral de Subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

3º Apréciase no presente expediente razóns de interese público e social que xustifican a concesión da subvención nominativa.

O proxecto PROXECTO TURISMO CIENTÍFICO MONTE PINDO que xestiona o concello de Dumbría, en representación dos concellos de Carnota, Mazaricos e Dumbría, pretende acadar unha serie de obxectivos:

- Accesibilidade e seguridade aos recursos. A limpeza, coidado do monte e conservación dos recursos naturais de maneira controlada, así como unha sinalización axeitada que permita a mellora da seguridade dos visitantes cando acceden ás rutas.

- Desestacionalización. Búscase que os recursos turísticos implicados na proposta sirvan de elementos tractores para a creación de novos produtos turísticos que permitan desestacionalizar o turismo e desconxestionar certas zonas en temporadas altas. Turismo sostible e conservación dos recursos naturais Aposta por un modelo turístico sostible, innovador e de calidade, vinculado á ciencia e xerador de oportunidades económicas para o desenvolvemento local da industria turística. Diferenciación Diferenciar, dando garantía de calidade na oferta de produtos e servizos relacionados co turismo científico.

- Preservación da natureza. Contribuír á preservación e posta en valor dos recursos naturais e culturais dos territorios promovendo o coidado da natureza e dos valores naturais.

- Calidade na oferta. Ampliar e mellorar a calidade da oferta turística ofrecendo produtos e servizos máis especializados e avalados por expertos.

- Novas canles. Dispoñer de novos espazos de intercambio de experiencias científicas que axuden a unha maior dinamización territorial e coñecemento do territorio.



- Innovación en sectores tradicionais. Ser beneficiarios das sinerxías entre o sector turístico público e privado fomentando o desenvolvemento de modelos innovadores dentro do sector, adaptados a públicos cada vez máis específicos e esixentes.

4º Aprobado o texto do convenio de colaboración a subscribir entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e CONCELLO DE DUMBRÍA con CIF P1503400B, para financiar o "PROXECTO TURISMO CIENTÍFICO MONTE PINDO" cun orzamento total de 108.295,00 €

5º A subvención provincial prevista no convenio ascende a un total de 86.636,00 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 80,00 %.

6º A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/4321/46201

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

Convenio interadministrativo de cooperación entre a Excm. Deputación Provincial de A Coruña e o CONCELLO DE DUMBRÍA polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o financiamento do "PROXECTO TURISMO CIENTÍFICO MONTE PINDO".

En A Coruña, a

Ante min, Miguel Iglesias Martínez Secretario Xeral da Excelentísima Deputación Provincial de A Coruña, como fedatario actuante

REUNIDOS

Dunha parte....., en representación da Deputación da Coruña

Doutra parte, en representación do CONCELLO DE DUMBRÍA

Ambos comparecentes recoñécense mutuamente capacidade, lexitimación e representación suficientes para formalizar o presente convenio de cooperación.

EXPOÑEN

1.- Que a Excm. Deputación provincial da Coruña e o CONCELLO DE DUMBRÍA consideran de gran interese o apoio á "PROXECTO TURISMO CIENTÍFICO MONTE PINDO", proxecto en colaboración cos concellos de Carnota e Mazaricos que pretende acadar *unha serie de obxectivos:*

- Accesibilidade e seguridade aos recursos A limpeza, coidado do monte e conservación dos recursos naturais de maneira controlada, así como unha sinalización axeitada que permita a mellora da seguridade dos visitantes cando acceden ás rutas.



- *Desestacionalización* Búscase que os recursos turísticos implicados na proposta sirvan de elementos tractors para a creación de novos produtos turísticos que permitan desestacionalizar o turismo e desconxestionar certas zonas en temporadas altas. Turismo sostible e conservación dos recursos naturais Aposta por un modelo turístico sostible, innovador e de calidade, vinculado á ciencia e xerador de oportunidades económicas para o desenvolvemento local da industria turística. Diferenciación Diferenciar, dando garantía de calidade na oferta de produtos e servizos relacionados co turismo científico.

- *Preservación da natureza* Contribuír á preservación e posta en valor dos recursos naturais e culturais dos territorios promovendo o coidado da natureza e dos valores naturais.

- *Calidade na oferta* Ampliar e mellorar a calidade da oferta turística ofrecendo produtos e servizos máis especializados e avalados por expertos.

- *Novas canles* Dispoñer de novos espazos de intercambio de experiencias científicas que axuden a unha maior dinamización territorial e coñecemento do territorio.

- *Innovación en sectores tradicionais* Ser beneficiarios das sinerxías entre o sector turístico público e privado fomentando o desenvolvemento de modelos innovadores dentro do sector, adaptados a públicos cada vez máis específicos e esixentes.

2.- Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e do CONCELLO DE DUMBRÍA, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes.

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do CONCELLO DE DUMBRÍA, con CIF P1503400B, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento do "PROXECTO TURISMO CIENTÍFICO MONTE PINDO" ".

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR

Acción. 4.1: Servizo de consultoría turística
Servizo de consultoría da actividade

TOTAL: 4.500,00 €

Acción. 4.2 Creación de contidos
Información 10.000,00 €



Material promoción 38.000,00 €
Traducións 12.000,00 €

TOTAL: 60.000,00 €

Acción 4.3 Sinalización de rutas
RUTA 1: Subida á Moa dende O Pindo
RUTA 2: O Fieiro - A Moa - O Fieiro
RUTA 3: Vadebois- Castelo de San Xurxo (Monte Pindo)

TOTAL: 25.000,00 €

TOTAL: 89.500,00 €

21% IVA 18.795,00 €

TOTAL IVE ENGADIDO 108.295,00 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU APORTEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 86.636,00 €, o que representa unha porcentaxe do 80.00 %. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80.00 % da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (proprios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/4321/46201, onde existe crédito corrente suficiente para o financiamento do proxecto.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o CONCELLO DE DUMBRÍA obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Corresponderalle ao CONCELLO DE DUMBRÍA o outorgamento dos contratos de subministro, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.

2. No procedemento de contratación, o CONCELLO DE DUMBRÍA axustará toda a súa



actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do CONCELLO DE DUMBRÍA.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada ao CONCELLO DE DUMBRÍA, unha vez que se presente a seguinte documentación:

1. Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do CONCELLO DE DUMBRÍA, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
2. Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA..
3. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.
4. Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
5. Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.
6. Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

O CONCELLO DE DUMBRÍA deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA teñen carácter retroactivo, e abranguerán as datas sinaladas na cláusula XIII.
2. Unha vez rematadas as actividades, a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA deberá estar presentada como máximo DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao



CONCELLO DE DUMBRÍA para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto tal como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CONCELLO DE DUMBRÍA da sanción que, de conformidade con disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE DUMBRÍA na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o CONCELLO DE DUMBRÍA terá dereito ao abono dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se deveñan desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1.O CONCELLO DE DUMBRÍA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2.A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3.A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O CONCELLO DE DUMBRÍA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o CONCELLO DE DUMBRÍA deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.



X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, ó CONCELLO DE DUMBRÍA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a CONCELLO DE DUMBRÍA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuiamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio interadministrativo de cooperación poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se debeñan desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

4. Se o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VII.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CONCELLO DE DUMBRÍA serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018 de 5 de decembro de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.



2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención á CONCELLO DE DUMBRÍA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de cooperación terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día 1 de xaneiro de 2026 ata o 31 de xullo do 2027, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día 31 de outubro do 2027. Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria

2. O CONCELLO DE DUMBRÍA deberá ter e presentada a xustificación en todo caso antes do día 31 de agosto de 2027

3. Para o caso de que o CONCELLO DE DUMBRÍA non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación ante do 30 de agosto de 2027, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito axeitado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do 2028. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o CONCELLO DE DUMBRÍA perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data.

4. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario

XIV.- NATURALEZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicárase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións



nomeados polo Presidente da Deputación e o do CONCELLO DE DUMBRÍA, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ____ do día ____ de ____ de ____ E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O Representante da Deputación da Coruña,

O representante do CONCELLO DE DUMBRÍA,

O Secretario Provincial"

37.- Aprobación do convenio de cooperación entre a Deputación da Coruña e o Concello de Laxe, polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamiento do proxecto "Programa de apoio e dinamización do turismo no Concello de Laxe 2026"

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º Levantar os reparos emitidos pola Intervención da Deputación no seu informe, coa motivación incorporada nos apartados 1º e 2º do presente acordo, sendo os reparos os seguintes:

- Falta de motivación da singularidade da entidade e da xustificación da excepcionalidade da actividade realizada, de xeito que xustifiquen a imposibilidade ou non conveniencia da convocatoria pública en concorrência competitiva da subvención proposta. O que supón a omisión dun requisito ou trámite esencial de acordo co disposto no artigo 216.2.c do TRLRFL así como un incumprimento das Páxina 7 de 8 **RPT-4132884 condicións establecidas no artigo 22.2 da LXS para xustificar o carácter nominativo da subvención proposta.

- Falta de acreditación dos criterios tomados en consideración para determinar o importe da subvención provincial que se ha conceder e do coeficiente de financiamento.

2º Excepcionar para o presente convenio os principios de concorrência, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de

**RPT-6654235



causas excepcionais que xustifican a concesión dunha subvención nominativa, por existir razóns suficientes de interese público, social, económico ou humanitario. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei Xeral de Subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

3º Apréciase no presente expediente razóns de interese público e social que xustifican a concesión da subvención nominativa.

O proxecto para apoiar a hostalería, ao comercio e a todas aquelas empresas (Pemes e autónomos) que dependen dos fluxos turísticos para sobrevivir. A tal efecto o Concello de Laxe programará actividades de interese para os visitantes co fin de encher o destino con alternativas de lecer, na procura de necesidade de autenticidade e singularidade. O proxecto recolle un programa de actividades que ten catro eixes principais de actuación:

- “LECEER AO AIRE LIBRE”
- ESCOLA DE VERÁN ISIDRO PARGA PONDAL:
- ACTIVIDADES DE FOMENTO DO TURISMO CULTURAL
- ADQUISICIÓN DE MERCHANDAXE TURÍSTICO (BOLSAS, GORRAS, PANOS, etc.) PARA A PROMOCIÓN DO CONCELLO.

4º Aprobar o texto do convenio de colaboración a subscribir entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e CONCELLO DE LAXE con CIF P1504100G, para financiar o “PROGRAMA DE APOIO E DINAMIZACIÓN DO TURISMO NO CONCELLO DE LAXE 2026” cun orzamento total de 25.000,00 €

5º A subvención provincial prevista no convenio ascende a un total de 20.000,00 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 80.00 %.

6º A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/4321/46201

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

Convenio interadministrativo de cooperación entre a Excm. Deputación Provincial de A Coruña e o CONCELLO DE LAXE polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o financiamento do “PROGRAMA DE APOIO E DINAMIZACIÓN DO TURISMO NO CONCELLO DE LAXE 2026”.

En A Coruña, a

Ante min, Miguel Iglesias Martínez Secretario Xeral da Excelentísima Deputación Provincial de A Coruña, como fedatario actuante

REUNIDOS

Dunha parte....., en representación da Deputación da Coruña



Doutra parte, en representación do CONCELLO DE LAXE

Ambos comparecentes recoñécense mutuamente capacidade, lexitimación e representación suficientes para formalizar o presente convenio de cooperación.

EXPOÑEN

1.- Que a Excma. Deputación provincial da Coruña e o CONCELLO DE LAXE consideran de gran interese o apoio ao "PROGRAMA DE APOIO E DINAMIZACIÓN DO TURISMO NO CONCELLO DE LAXE 2026", proxecto xurde para apoiar a hostalería, ao comercio e a todas aquelas empresas (Pemes e autónomos) que dependen dos fluxos turísticos para sobrevivir. A tal efecto o Concello de Laxe programará actividades de interese para os visitantes co fin de encher o destino con alternativas de lecer, na procura de necesidade de autenticidade e singularidade. O proxecto recolle un programa de actividades que ten catro eixes principais de actuación:

– “LECER AO AIRE LIBRE”

– ESCOLA DE VERÁN ISIDRO PARGA PONDAL:

– ACTIVIDADES DE FOMENTO DO TURISMO CULTURAL

- ADQUISICIÓN DE MERCHANDAXE TURÍSTICO (BOLSAS, GORRAS, PANOS, etc.) PARA A PROMOCIÓN DO CONCELLO.

2.- Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e do CONCELLO DE LAXE, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes.

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do CONCELLO DE LAXE , con CIF P1504100G , fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento do “PROGRAMA DE APOIO E DINAMIZACIÓN DO TURISMO NO CONCELLO DE LAXE 2026” ”.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR

PROGRAMA DE APOIO E DINAMIZACIÓN DO TURISMO NO CONCELLO DE LAXE
2026



Concepto	Importe total
LECER AO AIRE LIBRE	7.000€
Escola de Verán “Isidro Parga Pondal”	5.000€
Xornadas de Turismo arquitectónico, patrimonial e cultural	4.000€
Traballo de Investigación “Historia Marítima de Laxe”	6.000€
Merchandaxe / outro material non inventariable (bolsas, calendarios, gorras, panos...)	3.000€
	Total 25.000€

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU APORTEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 20.000,00 €, o que representa unha porcentaxe do 80.0000 %. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só alcanzará o importe que represente o 80.00000 % da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/4321/46201, onde existe crédito corrente suficiente para o financiamento do proxecto.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o CONCELLO DE LAXE obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Corresponderalle ao CONCELLO DE LAXE o outorgamento dos contratos de subministro, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.

2. No procedemento de contratación, o CONCELLO DE LAXE axustarase toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.



V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do CONCELLO DE LAXE .

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada ao CONCELLO DE LAXE , unha vez que se presente a seguinte documentación:

- 1.Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do CONCELLO DE LAXE , xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- 2.Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA..
- 3.Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.
- 4.Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- 5.Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.
- 6.Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

O CONCELLO DE LAXE deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA teñen carácter retroactivo, e abranguerán as datas sinaladas na cláusula XIII.
2. Unha vez rematadas as actividades, a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA deberá estar presentada como máximo DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao CONCELLO DE LAXE para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da



subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto tal como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CONCELLO DE LAXE da sanción que, de conformidade con disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE LAXE na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o CONCELLO DE LAXE terá dereito ao abono dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se debeñan desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1.O CONCELLO DE LAXE deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2.A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3.A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O CONCELLO DE LAXE destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o CONCELLO DE LAXE deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, ó CONCELLO DE LAXE poderá ser escollida pola Intervención



provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a CONCELLO DE LAXE queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuciamiento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio interadministrativo de cooperación poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se debeñan desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

4. Se o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VII.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CONCELLO DE LAXE serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018 de 5 de decembro de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención á CONCELLO DE LAXE será publicada no



Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de cooperación terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día 1 de xaneiro de 2026 ata o 31 de decembro do 2026, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día 31 de marzo do 2027. Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria

2. O CONCELLO DE LAXE deberá ter e presentada a xustificación en todo caso antes do día 31 de xaneiro de 2027

3. Para o caso de que o CONCELLO DE LAXE non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación ante do 31 de xaneiro de 2027, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito axeitado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do 2027. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o CONCELLO DE LAXE perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data.

4. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario

XIV.- NATURALEZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o do CONCELLO DE LAXE, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.



Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____ do día ____ de ____ de ____
E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O Representante da Deputación da Coruña,

O representante do CONCELLO DE LAXE ,”

ROGOS E PREGUNTAS

Sr. García Seoane

O meu rogo é para saber que se fixo desde que presentei a moción sobre instar a Xunta de Galicia para que incrementara de forma inmediata o financiamento do SAF, e acordárase polo Pleno da Corporación dirixirse á Xunta de Galicia demandando o que eu expoñía naquel escrito, que era que a Xunta de Galicia aboara o 100% do custo real do servizo, liberando os concellos de realizar achegas económicas, ou un acordo coa Fegamp. Eu non estou de acordo e moitos concellos de Galicia non estamos de acordo, puido ser moi importante para o presidente da Fegamp. Por certo, aqueles días tamén houbo convenios do Concello coa Xunta e investíronse 27 millóns de euros en Vilagarcía, pero nós seguimos igual. A Xunta de Galicia pasa a aumentar un diñeiro e fala dunha cota para pagarlle ás empresas de ata 18 euros, cando no Concello de Oleiros, por exemplo, estamos pagando 24. É dicir, que son os concellos –e como Oleiros moitísimos – os que xa se dirixiron a nós a raíz daquela moción. E o que pediamos era que desde os Servizos Xurídicos da Deputación se elaborara un informe técnico sobre a viabilidade xurídica de interpoñer un recurso xudicial, ademais doutras cousas. Entón a miña pregunta é esa: por que ata agora non se fixo nada de nada?

Sr. Presidente

Non sei. Teño que consultar, Gelo, se está feito o informe, non sexa que estea elaborado. Vou consultar como está e, se non, que se faga. Pero, ben, compartimos todos esa preocupación. Estamos permanentemente falando da insostibilidade do sistema, tal e como está concibido, e a exixencia de que o Estado e a Xunta de Galicia financien cada un a súa parte e actualicen o custo deste, que está subindo, cada vez que hai unha convocatoria ou unha licitación pública en cada concello.

É verdade que agora o Goberno do Estado aprobou unha partida de 4.000 millóns de euros para incrementar todo o que ten que ver co financiamento do Servizo de Axuda no Fogar, e nós trasladamos xa á Fegamp e á FEMP, incluso ao Goberno, a nosa preocupación en dous ámbitos: por unha parte, que non sexa finalista a adxudicación, e que non obrigue a Xunta de Galicia a dedicar eses cartos a, digamos, a non incrementar o financiamento aos concellos, que llo impida, polo tanto, estariamos incrementando o problema de cara aos concellos, e tampouco que lle dea a oportunidade á Xunta de Galicia de dedicalo a outra cuestión que non sexa o incremento do financiamento aos concellos e á mellora das condicións salariais ás traballadoras do servizo. Pero estamos moi preocupados por esas dúas vertentes; xa que vai haber moitísimos máis cartos, que se destinen a garantir a prestación do servizo público, que agora mesmo está en risco cada vez máis, evidentemente en cada un dos concellos pola súa insostibilidade. Pero, en calquera caso, vou comprobar e impulsar a avaliación dese informe.



Sr. Ben Otero

Gracias, presidente. Bo día a todas e a todos.

Nós imos presentar un rogo a raíz dunha visita que fixemos por petición dos compañeiros do partido de Monfero, Vilarmajor e Pontedeume, a estrada DP-5005. Hai un primeiro tramo cara Pontedeume que está nunhas condicións razoablemente boas e, a partir de aí, o resto da parte que transita por Pontedeume, por Monfero e por Vilarmajor está nunha situación francamente mellorable. Hai dúas mocións aprobadas no Concello de Pontedeume e no Concello de Monfero en que fan esta solicitude. Nós simplemente queremos facer de voceiros, neste caso está o alcalde de Pontedeume aquí, non?, pero foi unha iniciativa do Partido Popular, foron aprobadas por unanimidade, e pedir á deputada que teña a bondade de analizar a posibilidade de mellorar tanto a capa de rodadura a partir da zona que está peor, como analizar a posibilidade de facer un ancheamento na zona onde sexa posible para mellorar a seguridade vial, aínda sabendo que é complicado que se faga dun só proxecto, un só tramo pero por tramos polo menos facilitar e valorar a posibilidade de mellorar unha estrada que conecta varios concellos da provincia da Coruña, polo cal axuda a vertebrar o territorio. Máis nada e grazas.

Sra. Rodríguez Ordóñez

Grazas, presidente. Moi bo día a todos e a todas.

Dando resposta a ese rogo, Evaristo, témolo en conta. De feito, houbo unha pequena reparación que se fixo hai uns días pola empresa que leva o mantemento e a conservación, e estamos nun estudo. É un vial moi estreito, a verdade é que necesita dunha mellora dun sobreancho. E o que si, está xa na previsión das próximas actuacións, sobre todo no perfilado das gabias, son profundas, e algunha actuación xa a curto prazo para mellorar esas gabias. E un pouco máis de futuro para poder estudar ese sobreancho e poder acondicionalo cun ancho considerable. De acordo? Grazas.

Sr. Presidente

Moi ben. Damos por finalizado este Pleno, non sen antes desexarvos a todos e todas unhas vacacións que nos collan con forza á volta.

Moitas grazas.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidencia dá por rematada a sesión ás 12:35 horas.